



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Venres, 19 de maio de 2000
P.V.P. 205 ptas. = 1,23 € (IVE incluído)

SUMARIO

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

— Resolución do 27 de marzo de 2000, conxunta da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Instituto Galego de Consumo, pola que se publica a selección dos premios dos traballos presentados na fase autonómica do Certame Europeo do Xove Consumidor 2000.

Páxs.

7.842

Ano XIX

Nº 96

**CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL
E TURISMO**

— Resolución do 2 de maio de 2000 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2000 polo que se declara festa de Galicia de interese turístico a Ofrenda do Reino de Galicia ó Santísimo Sacramento de Lugo. 7.842

— Resolución do 2 de maio de 2000 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2000 polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico as Fogueiras de San Xoán da Coruña, a Festividade da Virxe de Guadalupe de Rianxo e o Gran Premio de Carrilanas de Esteiro, Muros. 7.843

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS**

— Decreto 107/2000, do 5 de maio, polo que se aproba a creación do Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delinquentes. 7.843

— Resolución do 3 de abril de 2000, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo do Concello de Gondomar (persoal laboral). 7.847

— Resolución do 10 de abril de 2000, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo da empresa *Harinas y Sémolas del Noroeste, S.A.* (Hasenosa). 7.869

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

— Orde do 11 de maio de 2000 pola que se establecen os premios Medio Ambiente de Galicia 2000. 7.879

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

**CONSELLERÍA DE SANIDADE
E SERVICIOS SOCIAIS**

— Orde do 11 de maio de 2000 pola que se resolve definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos do Servizo Galego de Saúde. 7.881

Páxs.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

— Resolución do 26 de abril de 2000 pola que se convoca concurso público para a provisión de diversas prazas de corpos docentes universitarios (00/017 e nove máis). 7.881

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA**

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA
E INSTRUCCIÓN DE PADRÓN**

— Edicto (20/1995). 7.885

VI. ANUNCIOS

**a) DA ADMINISTRACIÓN
AUTONÓMICA**

**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

— Resolución do 11 de maio de 2000 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto e forma de adjudicación de concurso público, con tramitación urxente, do contrato de servizos de conserxería do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia, en Bastiagueiro, concello de Oleiros (A Coruña) e outro máis. 7.886

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

— Anuncio do 12 de abril do 2000, do recadador de zona de Vigo, polo que se relacionan procedementos de constrinximento pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (Abal Iglesias, Pilar e catrocentos sesenta e oito máis). 7.887

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS
E VIVENDA**

— Corrección de erros.-Resolución do 13 de marzo de 2000, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se inicia expediente de substitución e modificación de concesións de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada de competencia exclusiva da Xunta de Galicia. 7.895

Páxs.

<u>Páxs.</u>	<u>Páxs.</u>
<p>— Corrección de erros.-Resolución do 10 de abril de 2000, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se inicia o expediente de substitución e modificación de concesións de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada de competencia exclusiva da Xunta de Galicia. 7.896</p> <p>— Resolución do 8 de maio de 2000, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se somete a información pública o proxecto do Centro Loxístico de Transportes de Culleredo polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2000. 7.896</p> <p>— Cédula do 17 de abril de 2000, do Servizo Provincial de Transportes de Ourense, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente OU-0417-O-2000 e vintedous máis). 7.896</p>	<p>— Resolución do 14 de marzo de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/213-2, 5286 A.T.). 7.899</p> <p>— Resolución do 14 de marzo de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/214-2, 5287 A.T.). 7.899</p> <p>— Resolución do 14 de marzo de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/221-2, 5301 A.T.). 7.900</p> <p>— Resolución do 14 de marzo de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/224-2, 5304 A.T.). 7.900</p> <p>— Resolución do 14 de marzo de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/231-2, 5321 A.T.). 7.901</p> <p>— Resolución do 20 de marzo de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 00/48-2, 5386 A.T.). 7.901</p> <p>— Resolución do 20 de marzo de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 00/49-2, 5387 A.T.). 7.901</p> <p>— Resolución do 10 de abril de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 00/17-2, 5357 A.T.). 7.901</p> <p>— Resolución do 11 de abril de 2000, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 96/42-1). 7.902</p>
CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO	
<p>— Resolución do 13 de marzo de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/206-2, 5281 A.T.). 7.898</p> <p>— Resolución do 13 de marzo de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/212-2, 5285 A.T.). 7.898</p> <p>— Resolución do 13 de marzo de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/218-2, 5294 A.T.). 7.898</p> <p>— Resolución do 14 de marzo de 2000, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/205-2, 5280 A.T.). 7.899</p>	

- Páxs.
- Resolución do 12 de abril de 2000, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto chamado L.M.T.-C.T.-R.B.T. Grupo Escolar I (concello da Cañiza), a favor da empresa *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* (Expediente 83/1999 A.T.). 7.902
- Resolución do 14 de abril de 2000, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 96/40-1). 7.903
- Resolución do 14 de abril de 2000, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 00/94-1). 7.904
- Resolución do 3 de maio de 2000, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición para declaración ambiental, autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal das instalacións que comprende o proxecto denominado Parque Eólico de Corzán. (Expediente 5/1999). 7.904

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E POLÍTICA AGROALIMENTARIA

- Resolución do 7 de abril de 2000, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se notifican as resolucións do expediente sancionador AG-SA-131/1999-PO e dous máis. 7.905
- Resolución do 13 de abril de 2000, da Delegación Provincial de Ourense, de notificación de acordo de iniciación do expediente sancionador de epizootias OU-T-48/2000. 7.905
- Resolución do 13 de abril de 2000, da Delegación Provincial de Ourense, de notificación da resolución do procedemento sancionador de epizootias OU-T-124/1999. 7.906

Páxs.

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

- Resolución do 11 maio de 2000 pola que se anuncia a contratación, polo procedemento aberto, mediante concurso, dunha asistencia técnica para a impartición de varios cursos en materia turística. 7.907

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

- Resolución do 7 de abril de 2000, da Delegación Provincial de Pontevedra, relativa á baixa de oficio no Rexistro Sanitario de Alimentos. 7.907
- Edicto do 13 de abril de 2000, da Área de Servizos Sociais da provincia de Lugo, polo que se notifican as resolucións dictadas sobre as pensións non contributivas da Seguridade Social relacionadas no anexo. 7.912

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

- Cédula do 11 de abril de 2000 pola que se lle notifica a Manuel Mata Martín a resolución pola que se acorda a resolución de pleno dereito do contrato da súa vivenda, expediente C136CD63, conta 8012. 7.912

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

- Resolución do 10 de abril de 2000, da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia, pola que se dispón a publicación do outorgamento do distintivo oficial do sistema ás empresas adheridas. 7.913

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Resolución do 11 de maio de 2000 pola que se anuncia concurso público, por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria, para a contratación da subministración que se cita. (Expediente 13/2000). 7.916

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE CARIÑO

- Anuncio de licitación. 7.916

CONCELLO DA CORUÑA

- Anuncio de poxa (Ref. O2000/19). 7.917

	<u>Páxs.</u>
— Anuncio de concurso (Ref. S2000/48).	7.917
— Anuncio de poxa (Ref. O2000/18).	7.918
— Anuncio de concurso (Ref. C1999/7).	7.918
CONCELLO DE LUGO	
— Anuncio.	7.919
— Anuncio.	7.920
CONCELLO DE OURENSE	
— Anuncio (229/2000).	7.920
CONCELLO DA PASTORIZA	
— Anuncio.	7.920
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	
— Resolución do 6 de abril de 2000 pola que se anuncia o concurso que se cita.	7.921
CONCELLO DE TORDOIA	
— Anuncio.	7.922
CONCELLO DE XOVE	
— Anuncio de contratación.	7.922

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

	<u>Páxs.</u>
— Resolución do 3 de maio de 2000 pola que se convoca concurso, con procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación da subministración de material informático con destino á Deputación Provincial da Coruña. (Expediente 00/3916 do Servicio de Patrimonio e Contratación).	7.923
— Anuncio de concurso, con procedemento aberto, para a contratación do Plan 2000 Parques de Bombeiros e Instalacións de Protección Civil, 4ª fase.	7.923
— Anuncio de concurso, con procedemento aberto, para a contratación do Plan 2000 Parques de Bombeiros e Instalacións de Protección Civil, 5ª fase.	7.923

e) OUTROS ANUNCIOS

COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA

— Anuncio do concurso de expediente 00167C.	7.924
---	-------



DIARIO OFICIAL
de **GALICIA**

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN

Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública
Edificio San Caetano
Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70
Fax: 981 54 42 72 - 981 54 42 73
<http://www.xunta.es>
e-mail: dog@xunta.es
ISSN 1.130-9229
Depósito legal C. 73-1982

IMPRIME

Editorial Compostela, S.A.
R/ Preguntoiro, nº 29 - Santiago de Compostela

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 27 de marzo de 2000, conxunta da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Instituto Galego de Consumo, pola que se publica a selección dos premios dos traballos presentados na fase autonómica do Certame Europeo do Xove Consumidor 2000.

Por resolución conxunta do 4 de febreiro de 2000 (DOG nº 33, do xoves, 17 de febreiro), a Consellería da Presidencia e Administración Pública convocou premios dos traballos presentados na fase autonómica do Certame Europeo do Xove Consumidor 2000. Vista a proposta do xurado relativa á selección dos traballos presentados, efectuada segundo o disposto nos puntos 3.4 e 3.5, polo xurado mencionado no punto 3.7 das bases da convocatoria, procede a súa publicación de conformidade con esta. Na súa virtude,

RESOLVEMOS:

Facer pública a selección dos premios concedidos para traballos presentados na fase autonómica do Certame Europeo do Xove Consumidor 2000 presentados conforme a resolución conxunta do 4 de febreiro de 2000, que se relacionan no anexo desta orde.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2000.

José Luis Mira Lema	Víctor Tello Calvo
Director xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional	Presidente do Instituto Galego de Consumo

ANEXO:

Primeiro premio.

Título: Perspectivas e alternativas na produción e consumo de novos alimentos.

Coordinador: José Luis Meijide del Río.

Nivel: 4º curso da ESO.

Centro: IES A Piringalla-Lugo.

Dotación: 800 euros e diploma.

Segundo premio.

Título: Guía para un consumo responsable do chicle.

Coordinadora: Covadonga Rodríguez-Moldes Rey.

Nivel: 4º curso da ESO.

Centro: IES Mugardos-A Coruña.

Dotación: 600 euros e diploma.

Terceiro premio.

Título: Tarxetaria.

Coordinadores: Manuel Fontán Teso/Ana Mª López Marras/Milagros Guzmán Barros.

Nivel: 8º EXB.

Centros: CEIP Lourido e CEP Chancelas Poio-Pontevedra.

Dotación: 500 euros e diploma.

Accesits.

Título: As novas canles de distribución co peixe fresco e conxelado.

Coordinador: Enrique Moreno Molinero.

Nivel: 3º curso da ESO.

Centro: CPI Celso Emilio Ferreiro-Vigo.

Dotación: 300 euros e diploma.

Título: Os organismos modificados xeneticamente e o consumidor.

Coordinador: José Benito Andrade González.

Nivel: 4º curso da ESO.

Centro: IES Valle Inclán-Pontevedra.

Dotación: 300 euros e diploma.

Título: Consumo, Muller e Publicidade no século XX.

Coordinadora: Mª Jesús Buitrago Rubira.

Nivel: 4º curso da ESO.

Centro: IES Ribeira do Louro-O Porriño.

Dotación: 300 euros e diploma.

Título: Recoñecemos como consumidores.

Coordinadores: Antonio Gregorio Montes/Gabriel Oría de Rueda Elorriaga.

Nivel: 4º curso da ESO.

Centro: IES Porta da Auga-Ribadeo.

Dotación: 300 euros e diploma.

O traballo clasificado en primeiro lugar concursará representando a Comunidade Autónoma de Galicia na Fase Nacional do Certame.

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Resolución do 2 de maio de 2000 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2000 polo que se declara festa de Galicia de interese turístico a Ofrenda do Reino de Galicia ó Santísimo Sacramento de Lugo.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 27 de abril de 2000 adoptou, por proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o seguinte acordo:

Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia de Lugo, a Ofrenda do Reino de Galicia ó Santísimo Sacramento en Lugo, de conformidade co establecido no Decreto 203/1998, do 25 de xuño, polo que se regulan as declaracións de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento do disposto no artigo 7 do devandito decreto, ordénase a publicación do acordo no *Diario Oficial de Galicia* e a notificación ás persoas

ou entidades organizadoras da festa e ó concello correspondente.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2000.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación
Social e Turismo

Resolución do 2 de maio de 2000 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2000 polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico as Fogueiras de San Xoán da Coruña, a Festividade da Virxe de Guadalupe de Rianxo e o Gran Premio de Carrilanas de Esteiro, Muros.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 27 de abril de 2000 adoptou, por proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o seguinte acordo:

Declarar festas de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña, as Fogueiras de San Xoán na Coruña, a Festividade da Virxe de Guadalupe en Rianxo e o Gran Premio de Carrilanas de Esteiro, Muros, de conformidade co establecido no Decreto 203/1998, do 25 de xuño, polo que se regulan as declaracións de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento do disposto no artigo 7 do devandito decreto, ordénase a publicación do acordo no *Diario Oficial de Galicia* e a notificación ás persoas ou entidades organizadoras das festas e ós concellos correspondentes.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2000.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación
Social e Turismo

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Decreto 107/2000, do 5 de maio, polo que se aproba a creación do Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes.

Os presidentes dos colexios de delineantes da Comunidade Autónoma de Galicia, en reunión do 19 de outubro de 1996, acordaron promover a constitución do Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes.

As asembleas xerais extraordinarias dos colexios profesionais de delineantes da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, no mes de xullo de 1998, acordaron a ratificación da constitución do Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes, así como da aprobación dos seus estatutos, remitindo o expedien-

te á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a cal, tras introducir melloras técnicas e de redacción nos estatutos, emitiu informe favorable sobre a súa adecuación á legalidade.

A aprobación da creación e dos estatutos dos consellos galegos de colexios profesionais con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia, segundo dispón o artigo 5 do Decreto 161/1997, do 5 de xuño, polo que se regulan os consellos galegos de colexios profesionais e se crea o Rexistro de Colexios Profesionais e os seus consellos.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día cinco de maio de dous mil,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Apróbase a creación do Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes, que terá a súa sede no Colexio Profesional de Delineantes que corresponda ó presidente do consello, co ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º

Igualmente, apróbanse os estatutos do referido consello, que figuran como anexo a este decreto.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de maio de dous mil.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Antonio Pillado Montero
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

Estatutos do Consello Galego dos
Colexios Profesionais de Delineantes

Capítulo I

Réxime, enderezo, funcións, constitución,
convocatorias

Artigo 1º.-Réxime.

O Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes, do que se constitúe órgano representativo e executivo, é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica de seu e plena capacidade.

Artigo 2º.-Enderezo.

O Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes radicarán na cidade e enderezo social da sede do Colexio Profesional de Delineantes que corresponda ó presidente/a do consello.

Artigo 3º.-Funcións.

O Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes rexeráse polos presentes estatutos e naquilo que nestes non se considerase, aplicarase a Lei de Colexios Profesionais. O ámbito xurisdiccional do consello abranguerá todo o territorio da Comunidade galega e exercerá unha función coordinadora e rectora entre os Colexios, dentro das atribucións que lle confira a lexislación vixente.

Artigo 4º.-Colexios e capitalidades.

O número de Colexios integrados no Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes é o seguinte:

Colexio Profesional de Delineantes da Coruña.
Colexio Profesional de Delineantes de Lugo.
Colexio Profesional de Delineantes de Ourense.
Colexio Profesional de Delineantes de Vigo.

Con ámbito nas súas respectivas demarcacións territoriais.

Artigo 5º.-Constitución.

1. O Pleno do Consello estará integrado por tódolos/as decanos/as e secretarios/as dos Colexios de Delineantes de Galicia.

2. Os/as conselleiros/as cesarán como tales no momento en que cesen como decanos/as ou secretarios/as dos seus Colexios respectivos.

3. Tódolos/as conselleiros/as terán voz e voto en tódolos asuntos que se vaian debater e, de producirse empate nunha votación, o presidente do consello terá voto de calidade dirimente.

4. Tódolos/as conselleiros/as, antes de tomaren posesión dos seus cargos, deberán xurar ou prometer respecto á Constitución, como expresión da vontade soberana do pobo español, Estatuto de autonomía de Galicia, lealdade ó rei e rigoroso cumprimento das súas obrigas inherentes ó cargo.

Artigo 6º.-Cargos directivos.

1. Os cargos directivos estarán constituídos por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e un/unha administrador/a.

2. Poderán ser candidatos/as a presidente tódolos/as decanos/as dos Colexios integrados no consello.

3. O cargo de secretario recaerá no secretario do Colexio ó que pertenza o presidente do consello.

4. Tódolos cargos serán incompatibles con calquera outro de carácter representativo noutras organizacións profesionais ou sindicais.

5. O/a presidente/a terá a representación legal do consello e as outras funcións que lle outorguen os estatutos e o Regulamento de réxime interior, que estarán encamiñados a cumprilos acordos do consello. Tamén poderá delegar noutros conselleiros as funcións que considere oportunas.

6. O/a secretario/a actuará como fedatario/a de tódalas actas e acordos do consello. Así mesmo, velará por unha correcta actuación administrativa.

7. O/a Administrador/a actuará asemade como tesoureiro/a e contador/a do consello, confeccionando os orzamentos de ingresos e gastos, vixiando o seu seguimento e correcta aplicación. Poderá asistir sen voto ás sesións do Pleno do Consello, por decisión do presidente, e será elixido polo presidente do consello.

Artigo 7º.-Competencia e funcións do consello.

1. O consello terá máxima competencia cando se trate de materia que afecte á xeneralidade dos Colexios ou a conflitos entre dous ou máis Colexios e entre Colexiados de distintos Colexios. Rexeráse polos seus estatutos e regulamentos que os desenvolvan.

2. No ámbito territorial da súa competencia, terá as seguintes funcións:

a) As atribuídas ó Consello Xeral do Estado pola Lei de Colexios Profesionais, en canto teñan ámbito ou repercusión soamente no territorio da Comunidade Autónoma e cantas outras lle foran encomendadas por virtude de disposicións xerais ou especiais, sempre que non interfiran na autonomía e as competencias propias do resto dos Colexios estatais da mesma profesión.

b) Recoller e elabora-las normas deontolóxicas comúns e velar polo seu cumprimento.

c) Aproba-las seus propios estatutos e modificalos.

d) Ter coñecemento dos conflitos que poidan suscitarse entre os Colexios que integran o consello, sen prexuízo de ulterior recurso contencioso administrativo.

e) Resolve-las recursos que se interpoñan contra os acordos dos Colexios, nun período máximo de tres meses trala audiencia das partes interesadas.

f) Exerce-las funcións disciplinarias verbo das xuntas de goberno dos Colexios e as do mesmo consello.

g) Aproba-lo seu propio orzamento.

h) Fixa-la participación equitativa dos Colexios nos gastos do consello.

i) Informar sobre tódalas normas que prepare a Xunta de Galicia, relativas á profesión sobre as funcións, ámbito e honorarios, ademais do réxime de incompatibilidades con outras profesións.

j) Velar para que se cumpran as condicións esixidas nas leis e nos estatutos, no tocante á representación e proclamación de candidatos para as xuntas de goberno dos Colexios.

k) Fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades para a profesión, que teñan por obxecto a promoción cultural, asistencia social e sanitaria, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións pertinentes e esta-

blece-los concertos ou acordos máis axeitados neste sentido coa Administración e as institucións e entidades que corresponda.

l) Asumi-la representación dos profesionais diante de entidades similares fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo relacións mediante acordos.

Respecto ós seus aspectos institucionais e corporativos, relacionarase coa Dirección Xeral de Xustiza e Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e, nos contidos profesionais, coa consellería correspondente.

m) Exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración e colaborar con esta mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins, que poidan serlle solicitadas ou acorde formular por propia iniciativa.

n) Cantas atribucións e funcións derivan directamente da súa condición de organismo representativo e coordinador dos colexios, debendo, por tanto, realizar cantas xestións sexan de interese para o cumprimento dos seus acordos, e adopta-las medidas necesarias para que os colexios cumpran as resolucións do propio consello dictadas en materia da súa competencia.

o) En defensa dos colexios e do prestixio da profesión, e co fin de evita-lo intrusismo, tratará de se-lo caso, a adopción das medidas necesarias para facer respecta-las facultades, dereitos e intereses profesionais.

p) Sen prexuízo dos cursos formativos que independentemente poidan realizar os colexios, organizar e impartir cursos de formación para os colexiados que sexan útiles para o exercicio da profesión. Estender diplomas profesionais, sen prexuízo dos que expidan, en materia de certificados e diplomas, os colexios profesionais que compoñen o consello, sempre observando o disposto na lexislación educativa que rexa nese momento.

q) Calquera outra que lle sexa atribuída de acordo coa vixente lexislación.

r) Aproba-los estatutos e visa-los regulamentos de réxime interior dos colexios.

Artigo 8º.-Reunións e convocatorias.

1. O consello reunirse cada tres meses. Na primeira reunión do ano tratarase da aprobación de orzamentos, balances e darase lectura da memoria informativa.

2. Ademais das reunións ordinarias sinaladas con anterioridade, o consello realizará reunións extraordinarias cando o considere o seu presidente/a, ben sexa por petición propia ou por petición da quinta parte dos conselleiros.

A convocatoria do consello farase por escrito, acompañada da orde do día e da documentación pertinente, e será cursada polo/a secretario/a, logo de

mandato da presidencia, polo menos con dez días de anticipación, salvo casos de urxencia excepcional nos que será convocado, sen prazo especial de anticipación, telegraficamente ou por fax. A convocatoria sinalará o lugar e hora da realización.

As reunións do consello quedarán validamente constituídas cando asistan como mínimo a metade dos conselleiros, salvo o articulado nos artigos 14º e 15º.

Capítulo II Réxime administrativo

Artigo 9º.-Réxime de adopción de acordos.

1. Os acordos adoptados polo Pleno do Consello, de conformidade coas súas respectivas atribucións, serán obrigatorios para tódolos colexios e os seus membros.

Estes acordos serán tomados por maioría e serán recollidos en acta con expresión da votación que tivese lugar.

2. Para os efectos de cómputo, os acordos tomaranse por maioría simple.

3. Os/as conselleiros/as que non poidan asistir poderán delega-lo voto por escrito en calquera dos/as outros/as conselleiros/as.

4. En materia de disciplina non se poderá delega-lo voto por escrito noutro ou noutra conselleiro/a.

5. A votación será secreta a petición dun só dos membros do consello.

6. O voto do presidente, se houberse empate, será dirimente.

7. Non poderán adoptarse validamente acordos sobre asuntos que non figuren na orde do día das reunións.

Artigo 10º.-Xurisdicción disciplinaria.

1. O consello dos colexios, en relación coa competencia do artigo 7º.2.f, ten xurisdicción disciplinaria para sanciona-las faltas cometidas por profesionais no exercicio da súa actividade profesional ou colexial:

a) Cando a persoa teña un cargo de goberno no colexio e non teña ningún cargo de representación ou de goberno no consello.

b) Cando a persoa afectada tivese cargo de goberno no Consello; neste caso, o afectado/a non poderá tomar parte das deliberacións, nin votar na xunta.

2. Non poderá ser imposta ningunha sanción sen antes iniciar expediente disciplinario.

Artigo 11º.-Faltas e sancións.

1. Serán consideradas faltas, coa gradación correspondente, as condutas tipificadas como tales nos respectivos estatutos dos colexios integrados no Consello Galego dos Colexios Profesionais de Delineantes e nos seus regulamentos.

As conductas tipificadas como faltas seranlles aplicables as sancións que establezan os referidos estatutos, por remisión expresa a eles.

2. As sancións que disciplinariamente o consello poderá imponer serán aplicadas de acordo co seguinte criterio:

Cando a persoa afectada desempeñe un cargo de goberno de calquera colexio ou no propio consello.

Por faltas leves:

- a) Comunicación de oficio.
- b) Reprensión privada.
- c) Reprensión pública.

Por faltas graves:

Suspensión do exercicio profesional por un termo de non máis de seis meses.

Por faltas moi graves:

Suspensión no exercicio profesional por termo superior a seis meses e a expulsión do colexio respectivo.

Esta sanción de expulsión só poderá ser aplicada:

- a) Por reiteradas faltas de competencia ou dignidade profesional polas que fose corrixido con suspensión superior a seis meses.
- b) Cando sobre expediente recaído na xurisdicción criminal fose condenado por sentenza firme por feito relacionado co exercicio da profesión.

c) Cando se lle instruíse expediente por falta de pagamento nas cotas colexiais.

3. O sancionado por resolución do consello poderá solicita-la súa rehabilitación por causa fundada se, xa cumprida a sanción, transcorresen seis meses, se a falta era leve; dous anos se fose grave; catro anos de ser moi grave; e cinco anos se estivese sancionado con expulsión. Todo este tempo será computado sempre a partir do cumprimento da sanción.

4. A execución dos acordos de imposición de sancións quedarán en suspenso mentres non se esclarecen os recursos pertinentes na vía corporativa, cando estas sancións afecten a situacións persoais.

Con faltas graves e moi graves irá aparelhada a inhabilitación indefinida en todo cargo do consello.

Artigo 12º.-Procedemento e recursos.

1. O presidente do consello iniciará as actuacións nomeando un instructor e un secretario, que será o do consello, entre os seus membros, para comezalo procedemento, que se iniciará de oficio. O instructor abrirá e tramitará o expediente disciplinario e proposta de sanción. En todo expediente as partes deberán ser escoitadas dentro do termo concedido polo instructor, que non pode exceder de quince días, e exporanse por escrito as súas alegacións, presentando os documentos que sexan convenientes.

Logo de seren escoitadas as partes e de se formula-la proposta de sanción dentro dos quince días seguintes ó das alegacións, o instructor entregarálle

ó consello o expediente disciplinario. O consello, mediante resolución motivada, acordará a imposición de sanción ou o arquivo da causa.

O acordo resolutorio do expediente deberá ser adoptado por maioría simple. A votación será secreta e votarán tódolos/as conselleiros/as sen posibilidade de delegación.

A execución das sancións levaraa para o seu cumprimento o instructor que rematase o expediente en primeira instancia. O consello poderá solicitar información sobre os seus trámites.

As faltas leves prescribirán ós seis meses, as graves ós dous anos e as moi graves ós tres anos de se cometeren.

A prescripción quedará suspendida polo inicio do expediente disciplinario.

A paralización do procedemento por un tempo superior ós seis meses, non atribuídos ó expediente, fará correr de novo o tempo interrompido.

2. O consello coñecerá enalzada os recursos que se formulen nas actas e resolucións dos colexios.

O recurso de alzada interporase no prazo dun mes desde a notificación ó interesado e deberá resolverse nun tempo de tres meses.

3. Os actos, acordos e resolucións do consello poderán ser recorridos potestativamente en reposición ou seren impugnados directamente perante a xurisdicción contencioso-administrativa, nos prazos e supostos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

4. A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, será supletoria respecto ó non previsto nos presentes estatutos.

Capítulo III Réxime económico

Artigo 13º.-Dos recursos do consello.

1. Os recursos do consello están constituídos por:

- a) Os froitos, as rendas e os xuros dos bens que se adquirisen.
- b) Os legados, os donativos, as subvencións que poida recibir.
- c) O importe das cotas que poidan acordarse regulamentariamente en proporción o número de colexiados de cada colexio o 31 de decembro do ano anterior.
- d) As cotas extraordinarias que acorde e aprobe o consello.

2. O consello presentará anualmente para ser aprobado por si mesmo:

- a) A liquidación do orzamento anterior.
- b) O orzamento do ano entrante.

3. Os ingresos de recursos que directamente afecten ós colexiados realizaranse a través dos respectivos colexios, se ben o Consello poderá subrogarse en caso de demora.

4. O consello poderá redacta-los regulamentos que considere necesarios para o mellor desenvolvemento das súas actividades.

Capítulo IV Disolución

Artigo 14º.-Disolución do consello.

O consello poderá disolverse cando o acorden as tres cuartas partes dos seus membros, por votación directa, na xunta extraordinaria convocada especialmente para tal fin, e o organismo oficial competente o aprobe por decreto.

Neste caso, e nos que por causa distinta á vontade do consello sexa este disolto, os membros acordarán o nomeamento de liquidadores, con indicación do número e facultades, para que logo de satisfaceren tódalas obrigas sociais, lles entreguen ás institucións de previsión dos delineantes o sobrante existente, proporcionalmente á contribución de cada colexio.

Capítulo V Modificación de estatutos

Artigo 15º.-Modificación de estatutos.

Para a modificación dos presentes estatutos será preciso o acordo das dúas terceiras partes do Pleno do Consello e a súa aprobación polos organismos competentes.

Disposicións transitorias

Primeira.-O consello completará o número mínimo dos seus membros no termo dun mes a partir da súa constitución.

O consello poderá adoptar acordos válidos suxeitándose ó que a lei dispón.

Segunda.-A primeira sede do Consello radicarán no Colexio Profesional de Delineantes de Vigo.

Disposición derradeira

Quedarán derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ós presentes estatutos.

Resolución do 3 de abril de 2000, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do Concello de Gondomar (persoal laboral).

Visto o texto do convenio colectivo para o concello de Gondomar (persoal laboral), con nº de código 3603252, que tivo entrada nesta delegación pro-

vincial o día 29-3-2000, suscrito en representación da parte económica por unha representación do concello, e da parte social, polos delegados de persoal con data do 14-2-2000. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 3 de abril de 2000.

Antonio Coello Bufill
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo das condicións de emprego do persoal do concello de Gondomar

Exposicións de motivos.

O obxectivo deste convenio colectivo non é outro que o da regulación das condicións de emprego do conxunto do persoal do Concello de Gondomar cunha única regulación válida, tentando conseguir unha Administración galega máis homoxénea.

Por todo iso e de conformidade co disposto nas leis e normativa legal aplicable, as partes negociadoras acordan a subscripción da proposta de convenio colectivo das condicións de emprego do persoal ó servicio do Concello de Gondomar.

Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 1º.-Ámbito territorial.

Este convenio colectivo será de aplicación na entidade pública local do Concello de Gondomar que o asume na súa totalidade, trala negociación colectiva ó nivel correspondente.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

O convenio aplicarase:

1.1. A todo o persoal laboral independentemente da duración e tipo de contrato en todo aquilo que non vaia en contra do réxime xurídico laboral aplicable á natureza da súa relación.

Artigo 3º.-Ámbito temporal, vixencia e denuncia.

4.1. O convenio colectivo entrará en vigor o día en que sexa aprobado polo Pleno do Concello independentemente da data de publicación preceptiva no respectivo BOP, abarcando o seu período de vixencia tres anos (2000, 2001 e 2002), período que non obstante se entenderá prorrogado por anualidades de non existir denuncia dalgunha das partes ata a entrada en vigor do novo convenio que substitúa o anterior trala oportuna negociación.

4.2. Ámbalas partes conveñen que o convenio se considerará denunciado cando así se faga con tres meses de antelación á finalización da súa vixencia ou de calquera prórroga, co fin de iniciar as negociacións e deliberacións do novo acordo en data non posterior a un mes contado a partir da data de denuncia.

Artigo 4º.-Obxecto.

O convenio regula e facilita o normal desenvolvemento das relacións de traballo do persoal da entidade local, rectifica os anteriores convenios naqueles extremos que modifica e substitúe e renova aquelas materias nas que se produzan alteracións.

Artigo 5º.-Carácter.

O convenio pretende ter un carácter necesario e indivisible para tódolos efectos no sentido de que as condicións pactadas neste constitúen un todo orgánico e unitario.

Artigo 6º.-Condicións máis beneficiosas.

Poderán manterse para persoas determinadas, condicións que superen o convenio e estean recoñecidas con anterioridade a este.

A corporación local, cando expoñan a aprobación deste convenio, deberá establecer cales son as condicións máis beneficiosas.

Artigo 7º.-Irrenunciabilidade.

Terase por nula e non por feita a renuncia por parte dos traballadores, de calquera beneficio establecido no convenio.

Así mesmo, unha vez aplicado este convenio, considerárase nulo e sen ningún efecto calquera outro acordo, resolución ou cláusula que impliquen condicións menos beneficiosas para os empregados públicos locais.

Artigo 8º.-Aplicación favorable.

Como norma xeral unha vez aplicado o convenio, e trala consulta á comisión paritaria mixta de control e seguimento, tódalas condicións establecidas no convenio, en caso de dúbida, ambigüidade ou escuridade, en canto ó sentido e alcance, deberán ser interpretadas e aplicadas do xeito que resulte máis beneficioso para os empregados públicos locais.

Artigo 9º.-Aplicación directa.

As partes signatarias do convenio, ó nivel que sexa, comprométese á aplicación directa deste e a non

promover cuestións que puideran supoñer modificacións das condicións pactadas no texto.

Artigo 10º.-Publicidade do convenio colectivo.

Con independencia da súa aprobación polo Pleno Municipal, será publicado no BOP de Pontevedra, a publicidade do devandito efectuarase por conta do concello.

Artigo 11º.-Conflictividade laboral.

Antes de adoptar medidas disciplinarias ou actitudes conflictivas de carácter colectivo, as partes asinantes do convenio comprométese a esgotar a vía do diálogo, dentro da propia institución, acudindo ó Consello Galego de Relacións.

Capítulo II

Seguimento e control

Artigo 12º.-Comisión paritaria mixta de control e seguimento do convenio colectivo.

12.1. Para examinar e resolver cantas cuestións se deriven da interpretación, vixilancia, control e aplicación do convenio, a mesa negociadora deste, designa, de entre os seus compoñentes sinatarios, unha comisión paritaria mixta de control e seguimento do convenio con carácter central e único para todo o concello, coa configuración seguinte: estará constituída por 4 representantes dos sindicais (1 por cada sindicato asinante do convenio), e 4 membros designados pola corporación.

12.2. A comisión paritaria mixta contará cun secretario/a, que será un técnico designado polo concello, tomará nota do tratado nas reunións desta, redactando acta e actuando de fedatario con voz pero sen voto, dos acordos adoptados. Así mesmo, o secretario terá as funcións seguintes:

12.2. a) Convoca-las partes coa antelación e forma debida.

12.2. b) Dar entrada, rexistrar e distribuír, entre os membros da comisión, as consultas e solicitudes recibidas.

12.2. c) Levar un rexistro das actas aprobadas e expedir certificacións dos acordos adoptados.

12.3. d) Cantos outros cometidos lle sexan encomendados pola comisión paritaria de control e seguimento para o mellor funcionamento desta.

12.3. A comisión paritaria de control e seguimento terá as seguintes funcións:

12.3. a) Interpretación auténtica do texto do convenio, na súa aplicación práctica.

12.3. b) Resolución definitiva para as partes solicitantes ou implicadas de cantos asuntos e reclamacións se sometan á súa decisión respecto a calquera das condicións establecidas no convenio. Naqueles casos complexos e con especificidade con-

creta nun ente, a resolución non será de aplicación ó resto das institucións, salvo que estas o pidan expresamente.

12.3. c) Vixilancia do cumprimento colectivo e total do pactado no convenio segundo as oportunas recomendacións e interpretacións.

12.3. d) Denuncia do incumprimento do convenio.

12.3. e) Estudio da evolución das relacións entre as partes signatarias do convenio.

12.3. f) Informe referente á extensión e ó grao de aplicación do convenio, dificultades encontradas no nivel de cada entidade e propostas de superación destas.

12.3. g) Negociar, redactar, formalizar e asina-lo texto do convenio por delegación da súa mesa negociadora.

12.3. h) Emitir informes cando así lle sexa solicitado, en relación coas propostas de clasificación e valoración de postos de traballo antes da súa aprobación polos órganos competentes das entidades locais correspondentes.

12.3. i) cantas outras actividades tendan á maior eficacia práctica do convenio ou veñan establecidas no seu texto.

12.3. j) Calquera outra que, se é o caso, poidan serlle atribuídas ó amparo de disposicións que no futuro se promulguen.

12.4. A comisión paritaria mixta de control e seguimento poderá utiliza-los servicios ocasionais ou permanentes de asesores, con voz pero sen voto.

12.5. A comisión paritaria mixta de control e seguimento recibirá cantas consultas e reclamacións lle sexan formuladas por escrito respecto a cuestións da súa competencia, pero tan só polas vías procedementais seguintes:

12.5. a) Por medio das centrais sindicais máis representativas e as signatarias do convenio.

12.5. b) A través de solicitude escrita realizada polos traballadores/as da entidade local.

12.7. A comisión reunirse:

12.7. a) Con carácter ordinario, cuatrimestralmente o día que oportunamente se sinale.

12.7. b) Con carácter extraordinario cando o soliciten polo menos o 50% dos seus compoñentes.

12.7. c) As sesións da comisión paritaria terán lugar no domicilio desta, aínda que poderán efectuarse tamén en calquera outro lugar, tralo acordo dos voceiros, estando a asistencia a elas reservada ós membros e asesores correspondentes.

12.8. As convocatorias das diversas sesións da comisión paritaria mixta realizaraas o secretario/a, co visto e prace dos voceiros, mediante citación por escrito na que conste, lugar, data e hora, así como a orde do día, enviándose por correo certificado ás

partes cunha antelación mínima de sete días hábiles, respecto da data prevista de celebración, no caso de que convoque a sesión ordinaria, e dous días naturais para o caso en que se cite á sesión extraordinaria.

12.9. A orde do día das diversas sesións da comisión paritaria mixta será fixada polo secretario/a, co visto e prace dos voceiros, conforme o disposto en acordo previo entre os respectivos voceiros.

12.10. En todo caso, os membros da comisión e asesores das partes que teñan a condición de empregados públicos en activo, terán dereito á correspondente licenza retribuída por todo o tempo necesario para o axeitado cumprimento da súa misión como tales membros ou asesores; o tempo investido polos delegados/as de persoal do concello nas reunións da comisión paritaria mixta, non será computado como horas sindicais.

12.11. Para que as sesións da comisión paritaria mixta poidan celebrarse validamente será precisa a asistencia de, polo menos, o 50% dos compoñentes da comisión, así como a do secretario/a ou a dos que os substitúan nos seus cargos, en primeira convocatoria; establecerase unha segunda convocatoria do 25% de cada parte ½ hora máis tarde.

12.12. De cada xuntanza e ó seu remate, o secretario/a da comisión redactará a correspondente acta na que haberá de consta-lo lugar, data e hora de comezo e remate da reunión, nomes e apelidos dos presentes, os asuntos tratados, os acordos adoptados con opinión sintética das opinións emitidas e a expresión dos votos; a correspondente acta así redactada pasarase inmediatamente á aprobación e sinatura de tódolos asinantes.

12.13. As actas das sesións da comisión paritaria mixta, arquivaranse nun rexistro que custodiará o secretario/a, baixo a súa responsabilidade, no domicilio da devandita comisión, tendo que expedirlas certificacións oportunas dos acordos que as referidas actas conteñan, cando así o reclame a parte lexitimamente interesada.

12.14. No caso de non haber acordo entre as partes da comisión paritaria mixta nun prazo máximo de tres meses, estas someterán as súas diferencias a unha conciliación ou mediación e/ou arbitraxe ante o SMAC ou outro organismo, co fin de que as partes remitan os informes que consideren pertinentes. A decisión deste será entón determinante e de carácter vinculante para a comisión paritaria mixta, que emitirá dictame no sentido deste, excepto no caso de que ámbalas partes chegasen a un acordo posterior ou simultáneo, caso no que prevalecerá este sobre aquel, que quedará nulo sen efecto.

12.15. O dictame da comisión paritaria mixta notificarase ás partes implicadas.

12.16. Cando ámbalas partes así o consideren, crearanse comisións de traballo restrinxidas para tratar temas concretos e predeterminados. Estas comisións elaborarán os dictames que logo serán presentados á comisión paritaria mixta, non sendo estes vinculantes senón meramente informativos.

12.17. As partes asinantes do convenio, colaborarán coa comisión paritaria mixta facilitando canta axuda e información lles sexa requirida, en virtude do cumprimento do pactado no texto do convenio. O empregado público que obstaculizase o labor da comisión paritaria mixta, será obxecto de requirimento en forma ó respecto por parte do alcalde da entidade local onde preste servicios e no caso de persistir na actitude, incorrerá na falta grave de insubordinación.

12.18. As comunicacións oficiais da comisión paritaria mixta de control e seguimento verificaranse sempre dictamente e por escrito, sen que poidan admitirse traslados e reproducións a través doutras instancias.

12.19. A comisión paritaria mixta constituirase ós quince días da sinatura do convenio pola entidade local.

Capítulo III Negociación colectiva

Artigo 13º.-Do dereito á negociación colectiva dos empregados públicos locais.

Os empregados públicos ó servizo das administracións locais terán dereito á participación na determinación das súas condicións de traballo conforme a lexislación vixente aplicable e no disposto nos seguintes artigos.

Artigo 14º.-Mesa xeral de negociación.

14.1. Coa finalidade de posibilitar a participación dos empregados públicos na determinación das súas condicións de traballo, no Concello de Gondomar constituirase unha mesa de negociación na que estarán presentes os representantes da entidade local e as organizacións sindicais máis representativas.

14.2. A mesa de negociación virá constituída e formada por unha representación do concello e os sindicatos máis representativos e será a encargada de renegociar os futuros e distintos acordos reguladores e convenios colectivos ou, se é o caso, convenios colectivos únicos a que houbera lugar, unha vez rematada a vixencia dos anteriores.

14.3. A composición da mesa de negociación será paritaria.

14.4. A mesa de negociación reunirse como mínimo 1 vez ó ano.

14.5. As decisións tomaranse por maioría de máis do 50% dos compoñentes de cada unha das partes da mesa.

Recoméndase a constitución dunha mesa xeral de negociación única para funcionarios e laborais para os efectos sinalados.

Artigo 15º.-Principio da boa fe.

En todo caso as negociacións realizaranse sempre baixo o principio da boa fe.

Capítulo IV Dereitos e deberes

Artigo 16º.-Dereitos e deberes.

No relativo ós dereitos e deberes dos empregados públicos locais haberá que aterse ó disposto pola lexislación vixente aplicable ó respecto.

Capítulo V Autonomía local

Artigo 17º.-Autonomía local.

20.1. Todo o contido do presente convenio colectivo baséase no marco da autonomía da negociación colectiva das corporacións locais, arrincando, polo tanto, da autonomía e autoorganización destas conforme a lei.

20.2. Así mesmo, baséase no carácter de representatividade que teñen as organizacións sindicais de acordo coa lexislación aplicable vixente.

Capítulo VI Productividade. Calidade de servicios. Absentismo laboral

Artigo 18º.-Productividade. Calidade de servicios. Absentismo laboral.

A corporación municipal e os sindicatos asinantes deste convenio potenciarán os instrumentos de control e redución do absentismo laboral, a través da proposta, entre outras, de medidas de mellora dos sistemas e procedementos da calidade na prestación do servizo público ós cidadáns, da mediación do absentismo laboral e seguimento deste, realizando os estudos necesarios sobre as causas e adoptando, se é o caso, as medidas que sexan procedentes para a súa redución, podendo procederse, sempre logo de audiencia ó interesado/a, ó desconto automático, calculado conforme o establecido para o persoal funcionario, das retribucións correspondentes ó tempo de traballo nos casos de falta inxustificada de asistencia, productividade e puntualidade. Todo isto efectuarase sen prexuízo das medidas disciplinarias que, se é o caso, puideran corresponder.

Das medidas que se tomen para reducir o absentismo na entidade local concreta, esta procederá a informar puntualmente á comisión paritaria de negociación e, no seu ámbito, ós representantes legais dos traballadores.

Capítulo VII Solución extraxudicial de conflitos colectivos

Artigo 19º.-Solución extraxudicial de conflitos colectivos.

Unha vez recoñecido o dereito á negociación colectiva no marco da administracións públicas pola

lexislación vixente aplicable (Lei 9/1987 modificada polas leis 7/1990 e 18/1994), establécese como mecanismo de resolución e mediación nos posibles conflitos colectivos ou discrepancias significativas e insolubles, o diálogo e a negociación, a mediación e a arbitrase. Recóllese neste convenio a recomendación da súa aplicación conforme os seguintes orzamentos:

19.1. O concello de Gondomar e os sindicatos máis representativos na Comunidade Autónoma de Galicia, poderán acorda-la creación, configuración e desenvolvemento de sistemas de solución extraxudicial de conflitos colectivos.

19.2. Os conflitos a que se refire o número anterior poderán se-los derivados da negociación dos pactos e acordos, os derivados da aplicación e interpretación destes e, en xeral, os derivados da negociación, aplicación e interpretación dos acordos sobre as materias sinaladas nos artigos 30º e 31.2º da Lei 9/1987, excepto para aquelas materias para as que exista reserva formal de lei.

19.3. Os sistemas poderán estar integrados por procedementos de mediación e arbitrase. A mediación será obrigatoria cando o solicite unha das partes e as propostas de solución que ofrezan o mediador ou mediadores poderán ser libremente aceptadas ou rexeitadas polas devanditas partes.

Mediante o procedemento de arbitrase as partes poderán acordar voluntariamente encomendar a un terceiro a resolución do conflito exposto, comprometéndose de antemán a acepta-lo contido desta.

19.4. O acordo logrado a través da mediación ou da resolución de arbitrase terá a mesma eficacia xurídica e tramitación dos pactos e acordos regulados por lei, sempre que quen houbera adoptado o acordo ou subscrito o compromiso arbitral tivese a legitimación que lles permita acordar, no ámbito do conflito, un pacto ou acordo conforme o previsto pola lei.

Estes acordos serán susceptibles de impugnación. Especificamente caberá recurso contra a resolución arbitral no caso de que non observaran no desenvolvemento da actuación arbitral os requisitos e formalidades establecidos para o efecto ou cando a resolución versara sobre puntos non sometidos á súa decisión, ou que esta contradiga a legalidade vixente.

19.5. A utilización destes sistemas efectuarase conforme os procedementos que regulamentariamente sexan determinados tralo acordo coas organizacións sindicais representativas conforme o regulado actualmente a este respecto.

19.6. Para todo iso o concello poderá solicitar da Fegamp o compromiso de ofrecer a través da comisión paritaria do convenio, unha vez sexa este asignado, os seus servicios encamiñados a mediar ou

propoñer mediador ou mediadores, para os posibles conflitos. En todo caso será a comisión paritaria da entidade local, a que terá en primeiro termo as competencias para propoñer e designar un mediador ou mediadores, podendo solicitarse á comisión paritaria do convenio colectivo FEGAM-sindicatos, a súa intervención.

Capítulo VIII

Asistencia e permanencia no traballo

Artigo 20º.-Calendario laboral.

20.1. Será o que establezan os organismos competentes da Administración central, autonómica e local, dentro das súas respectivas competencias e afecten o conxunto da Administración local de Galicia e a cada entidade local en particular.

20.2. Os días 24 e 31 de decembro serán inhábiles para todo o persoal, e considerados como días festivos para tódolos efectos; así mesmo o día de Santa Rita será considerado como festa especial e o persoal do concello só traballará media xornada (o persoal que por necesidade do servicio teña que traballar o día completo de Santa Rita poderá acumular un día de descanso adicional que desfrutará ó longo do ano en curso, estando supeditado este ás necesidades do servicio).

20.3. Estableceranse tres pontes ó ano, das que se desfrutarán dúas, de tal maneira que non queden os servicios descubertos de persoal.

Artigo 21º.-Xornada laboral.

21.1. A xornada ordinaria de traballo establécese, por imperativo legal, en 37,5 horas semanais. Non obstante, os asinantes do presente convenio comprométese a insta-las oportunas modificacións regulamentarias co obxecto de que a devandita xornada ordinaria poida quedar establecida en 35 horas semanais, aspiración que se recomenda sexa recollida como tal nos acordos e convenios de cada entidade local.

21.2. A xornada realizarase con carácter xeral, de luns a venres, respondendo ós seguintes criterios:

21.2. a) De 8 horas da mañá ás 14.30 horas de luns a venres, establecéndose quendas os sábados de mañá, para o persoal do concello desde as 9 da mañá ás 13 horas.

21.2. b) Os sábados pola mañá permanecerá aberto o servicio de rexistro xeral e, se é o caso, xustificadamente, outros servicios; en todo caso, o persoal que teña que prestar estes servicios farao de xeito rotativo e conforme unhas quendas preestablecidas.

21.3. Aqueles traballadores que realicen cursos de formación pertencentes os plans de formación continuada da Fecamp ou dos propios concellos, poderán adapta-lo seu horario de traballo para a asistencia a eles, computando o tempo investido neles como tempo de traballo efectivo.

En todo caso, os traballadores que realicen cursos de formación de carácter oficial, poderán adapta-lo seu horario de traballo para a asistencia a estes.

21.4. Xornada de verán: durante o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro (ámbolos dous inclusive) quedará establecido o horario de verán; durante este tempo adiantarase a hora de saída do persoal ás 14 horas.

21.5. Dentro da xornada.

21.5. a) Todo o persoal en réxime de xornada continuada desfrutará dunha pausa de media hora na xornada, computándose como de traballo efectivo.

24.5. b) O persoal en réxime de xornada partida desfrutará de dúas pausas de 15 minutos, distribuídas nas dúas partes da xornada laboral, e no medio de cada unha delas respectivamente, computándose como de traballo efectivo.

21.5. c) O tempo de traballo computarase de modo que tanto ó comezo como ó remate da xornada diaria, o traballador se atope no seu posto de traballo, considerándose como traballo efectivo aquel que sexa imprescindible para recoller, ordenar e gardar roupa, materiais e útiles de traballo. A mesma consideración terá o tempo utilizado para cumprir coas normas de seguridade e hixiene.

21.5. d) Para o persoal que desenvolva a súa actividade en lugares de traballo non fixos ou itinerantes, o cómputo da xornada normal de traballo comezará a partir do lugar de recollida ou reunión establecido ou centro de control tanto na entrada como na saída do traballo.

21.6. A xornada do traballador/a con fillos de ata nove meses de idade, reducirase nunha hora diaria, por motivos de lactación. No caso de traballar ámbolos dous cónxuxes, só un deles poderá beneficiarse da redución da xornada sinalada. O mesmo dereito terán os pais en caso de adopción dun neno (ata os nove meses).

O traballador/a poderá parti-la redución da xornada, en dúas partes entre o principio e o final da xornada diaria.

21.7. Horas extraordinarias.

21.7. a) As horas extraordinarias terán unha consideración excepcional e terán que ser argumentadas baseándose en excepcionais necesidades de servizo; en todo caso non poderán exceder de 80 ó ano por traballador/a.

21.7. b) Para o debido control do número de horas extraordinarias feitas, levarase un rexistro por servizos co número de horas realizado trimestralmente, que en todo caso será entregado tamén trimestralmente ós representantes dos traballadores.

21.7. c) As horas extraordinarias compensaranse preferentemente con descansos, á razón dunha hora e media por cada hora deste tipo traballada. No caso

de que sexan realizadas en domingos, festivos ou días de descanso, compensaranse con dúas horas. Serán acumulables para o seu desfrute ata completar xornadas enteiras de traballo.

21.7. d) De non ser posible a súa compensación en días, por necesidades do servizo ó longo do ano, serán compensadas economicamente como gratificacións na contía fixada no capítulo do sistema retributivo, ó remate de cada ano.

Artigo 22º.-Servizos especiais ou de urxencia.

22.1. Estes servizos disporán dun sistema de quendas, atendendo á dispoñibilidade de persoal e ós servizos que hai que realizar, respectando, en todo caso, o descanso entre xornadas, que non poderá ser inferior a 16 horas, así como, cando menos, dúas fins de semana de descanso ó mes.

22.2. A súa xornada non excederá en cómputo anual do que se sinala para o resto do persoal.

22.3. O horario de prestación do servizo será negociado pola corporación local cos representantes dos traballadores, oídos os empregados afectados, e, se prestan servizos en días inhábiles, terase dereito a dous días de descanso compensatorio dentro da mesma semana, e de non ser posible, os empregados públicos serán compensados economicamente con gratificacións extraordinarias ou produtividade.

22.4. Terá a consideración de hora extraordinaria, cada hora de traballo que se realice sobre a duración máxima da xornada de traballo, regulándose o seu aboamento ou compensación no artigo 24º e capítulo X deste convenio.

Artigo 23º.-Vacacións anuais.

23.1. As vacacións anuais terán a duración dun mes, podendo ser fraccionables en períodos mínimos de 15 días consecutivos.

23.2. Desfrutaranse preferentemente e con carácter xeral entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, respectando sempre as necesidades do servizo.

23.3. No caso do persoal que traballa a quendas, non poderá comeza-lo período vacacional en descanso semanal establecido.

23.4. No suposto de baixa por enfermidade ou accidente, e sempre que esta sexa superior a 5 días, interromperase o cómputo do período vacacional e retomarase unha vez recuperada a alta polo traballador, de acordo coas necesidades do servizo.

23.5. O plan de vacacións anuais será elaborado antes do 1 de abril de cada ano, para a súa negociación cos representantes dos traballadores, de modo que cada traballador poida coñecer-las datas que lle correspondan, polo menos con dous meses de antelación á data do comezo daquelas.

23.6. Nos servizos onde poidan producirse colisión de intereses respecto ó desfrute das vacacións, organizaranse as quendas de forma obrigatoria, de

xeito rotativo, comezando polo traballador con maior antigüidade.

23.7. As vacacións non poderán ser compensadas en metálico nin en todo nin en parte, agás cando no transcurso do ano se produza a extinción da relación de emprego do traballador/a ou sexa declarado este en situación de excedencia ou de suspensión de funcións e aínda non teña desfrutado ou completado na súa totalidade o desfrute do período vacacional.

23.8. No suposto de producirse colisión de intereses entre o traballador/a afectado pola enfermidade ou por accidente e aqueloutros do seu mesmo servizo, que xa as teñen programadas, terán estes últimos preferencia sobre aquel, que en todo caso haberá de supeditarse ás necesidades do servizo.

23.9. O calendario anual de vacacións poderá ser modificado con carácter individualizado, trala solicitude dos/as interesados, sempre que non exista oposición, fundamentada en razóns obxectivas do servizo, e non se afecte a intereses de terceiros no ámbito das quendas establecidos.

23.10. A traballadora embarazada terá dereito a escolle-la data das súas vacacións regulamentarias, sempre e cando as una sen solución de continuidade á baixa por maternidade.

Artigo 24º.-Permisos.

Sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en cada momento, recoméndase o seguinte réxime de permisos:

24.1. O pai traballador poderá desfrutar dun permiso retribuído de cinco días laborables por nacemento ou adopción de fillo/a, computables desde a data de nacemento ou chegada ó fogar do adoptado/a.

24.2. Por enfermidade grave ou falecemento dun familiar aplicaranse os seguintes permisos retribuídos:

24.2. a) Falecemento:

-Cónxuxe, parella de feito, convivente (acreditando tal situación) ou fillos: 5 días.

-Pais, irmáns, xenros e noras: 2 días.

-Avós, cuñados, netos e sogros: 2 días.

-Avós políticos, tíos, sobriños e curmáns: polo tempo necesario para o enterramento e funeral (máximo 1 día).

24.2. b) Enfermidade grave:

-Cónxuxe, parella de feito, convivente (acreditando tal situación) ou fillos, pais, irmáns, avós, do mínimo establecido por lei (3 días), ata un máximo de 15 días retribuíbles, supeditado á decisión da alcaldía, oída a representación sindical.

-Netos e sogros, 1 día.

24.2. c) Para estes efectos considerárase coma graves as enfermidades ou accidentes que cumpran os seguintes requisitos:

a) No caso de enfermidade que requira internamento hospitalario.

b) No caso de accidente, parte expedido por facultativo que especifique a necesidade de internamento hospitalario.

c) No caso de enfermidades ou accidentes que non teñan a consideración de graves, o permiso concederáse exclusivamente cando se trate de persoas que convivan no domicilio do solicitante (acreditando tal situación co censo, padrón municipal ou informe médico), e este xustifique que non existe no domicilio ningunha outra persoa que poida atenderlo enfermo. A duración deste permiso será de dous días.

d) En casos excepcionais de enfermidade de familiares ou persoas que convivan no domicilio do solicitante e afecten gravemente o normal desenvolvemento da vida familiar, o alcalde, poderá autorizar permisos, redución de xornadas ou xornadas especiais en tanto se solucione a situación.

24.3. Permiso para acompañamento á consulta médica a menores de 12 anos e maiores de 70 anos, ou familiares ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade e que convivan no mesmo domicilio e parellas de feito e conviventes (acreditando tal situación) e que teñan unha discapacidade superior ó 33%, polo tempo necesario e debendo xustificarse con parte de asistencia á consulta.

24.4. Quen por razón de garda legal teña ó seu coidado directo algún menor de 6 anos, un ancián ou un diminuído psíquico ou físico que non desempeñe ningunha actividade retribuída ou non perciban ingresos superiores ó salario mínimo interprofesional, terán dereito a unha redución da xornada total ordinaria entre polo menos un tercio e un máximo da metade da súa duración, sufrindo a conseguinte diminución proporcional das retribucións.

24.5. Por traslado de domicilio: 2 días hábiles, non podendo repetirse o permiso neste concepto máis dunha vez ó ano.

24.6. Permiso para asistencia a exames finais ou parciais liberatorios, así coma probas selectivas que se celebren dentro da xornada normal de traballo, 1 día, ampliándose polo tempo necesario e imprescindible cando se celebren fóra do termo municipal.

No caso de que o exame se celebre fóra da xornada normal de traballo, deberá mediar un tempo mínimo de dúas horas entre a finalización da xornada e o comezo do exame.

Deberán ser autorizados polo alcalde ou delegado de persoal e deberán xustificarse cun certificado de asistencia no que conste a data de celebración

e o tempo de duración, que deberá ser presentada nos cinco días seguintes á data do exame.

24.7. Permiso por asuntos persoais nove días ó ano, sen necesidade de xustificación, respectando sempre as necesidades do servizo.

24.8. Polo tempo preciso para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal. Para a realización destes deberes os traballadores terán dereito ó permiso polo tempo necesario para o seu cumprimento, sempre e cando non se poidan facer fóra da xornada normal de traballo, e deberán acreditalo documentalmente.

24.9. Permisos non retribuídos.

Por asuntos propios poderanse conceder licencias sen retribuír, dunha duración determinada que non poderá exceder de tres meses cada dous anos.

Artigo 25º.-Licencias.

25.1. Licencias por matrimonio:

a) Por razón de matrimonio propio, o traballador/a terá dereito a unha licenza de 15 días naturais, que poderán sumarse ás vacacións anuais.

b) Por matrimonio de parentes (sempre que estes se produzan en días laborais), (pais, irmáns, fillos, netos ou avós do interesado), 1 día.

25.2. Licencia por maternidade, adopción e paternidade.

25.2. a) O período de licenza por maternidade será de dezaseis semanas que se poderán utilizar con carácter pre ou posparto, segundo a conveniencia da interesada: se se produce parto múltiple a licenza alongarase ata dezaioito semanas.

No caso de que a nai e o pai traballen, aquela poderá optar porque o pai disfrute de ata catro das últimas semanas da licenza, sempre que sexan ininterrompidas e ó final do citado período, salvo que no momento da súa efectividade a incorporación ó traballo da nai, supoña un risco para a súa saúde.

25.2. b) A traballadora xestante terá dereito a ocupar durante o embarazo un posto de traballo ou xornada distinto/a ó seu, sempre que, segundo prescrición médica o posto de traballo habitual resulte nocivo para a súa saúde ou a do feto. Este cambio de posto de traballo non suporá modificación da súa categoría nin diminución dos seus dereitos económicos.

Rematada a causa que motivou o cambio do posto de traballo, procederase á reincorporación ó seu destino orixinal.

25.2. c) A traballadora embarazada terá dereito a escolle-la data das súas vacacións regulamentarias.

25.2. d) Nos casos de adopción e acollemento, se o fillo adoptado ou acollido é menor de nove meses, a licencia terá unha duración máxima de 16 semanas contadas, a elección do traballador, ben

a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, ben a partir da resolución xudicial pola que se ven a constituír-la adopción. Se o fillo adoptado ou acollido é maior de nove meses e menor de cinco anos, a licencia terá unha duración máxima de seis semanas. No caso de que o pai e a nai traballen, só un deles poderá exercer-lo dereito.

25.2. e) Lactacións: a traballadora, por lactación dun fillo menor de nove meses, terá dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. A traballadora, por vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da xornada normal en media hora coa mesma finalidade. Este permiso poderá ser desfrutado indistintamente pola nai e polo pai no caso de que ámbolos dous traballasen.

25.3. Licencia por realización de estudos.

25.3. a) O persoal terá o dereito e o deber de realizar cursos de perfeccionamento e promoción profesional sobre materias relativas ó posto de traballo que ocupa, ou para poder acceder a outro distinto e/ou de superior categoría.

25.3. b) Poderá concederse licencia para realizar estudos ou cursos en materia directamente relacionada coa función pública, despois de solicitálo presentando no rexistro xeral e con fundamento na xustificación na súa asistencia e da necesidade ou non para o servizo que preste o/a traballador/a. No caso de concederse co carácter de comisión de servizos o/a traballador/a terá dereito a percibir toda a súa remuneración e as indemnizacións previstas.

Artigo 26º.-Excedencia por coidado de fillos.

O persoal fixo terá dereito a un período de excedencia, non superior a tres anos, para atende-lo coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza ou por adopción, contado desde a data de nacemento deste ou da adopción. Os sucesivos fillos darán dereito a un novo período de excedencia, que porá fin ó que se viñera desfrutando. Cando o pai e a nai traballe, só un deles poderá exercer este dereito.

Artigo 27º.-Común a permisos e licencias.

Nas referencias feitas neste capítulo a días de permiso ou licencias, entenderanse feitas a días naturais, sexan laborables ou non, agás no relativo a permisos por asuntos propios que se entenderán sempre como días laborables.

En todo caso os días de permiso por traslado de domicilio, asistencia a exames, matrimonio de parentes, enfermidades, accidentes ou falecemento de familiares deberán coincidir necesariamente co día no que se produza o evento.

O tempo de disfrute da excedencia recollida no artigo anterior computará para os efectos de antigüidade. Para os efectos de cotización na Seguridade Social haberá que averse ó disposto no Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, e normativa concordante.

Capítulo IX Condições profesionais

Artigo 28º.-Principio xeral de acceso á Administración local e sistemas de selección.

En todo caso seguirase o disposto no Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, e ó Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local.

En concordancia coa normativa mencionada, tamén se seguirá nesta materia o disposto no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 29.-Acceso.

29.1. O ingreso do persoal ó servizo da Administración local galega realizarase a través da oferta de emprego público, con total respecto ós principios básicos de acceso á función pública, de conformidade cos postulados constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, establecendo como mecanismos de garantía os seguintes.

29.2. Publicidade da convocatoria nos diarios oficiais (BOP, DOG, BOE) e, polo menos nun xornal de tirada provincial, no caso de prazas de persoal fixo, e no BOP e nun xornal de tirada provincial, no caso de prazas de persoal temporal, en todo caso para este último tipo de persoal, e como mínimo, as convocatorias serán expostas e publicadas nos taboleiros de anuncios dos concellos.

29.3. Nas probas eliminatorias garantirase o anonimato dos aspirantes naquelas probas en que sexa posible.

29.4. As bases xerais de cada convocatoria, tanto de persoal fixo como temporal, así como para a promoción interna e provisión de postos de traballo, unha vez sexa constituído o organismo na Fegamp, serán negociadas na Mesa Xeral Galega de Negociación e serán de recomendación para a Administración local galega incorporándose como documento anexo deste acordo regulador/convenio colectivo.

29.4.a) No caso de prazas de persoal temporal aplícanse as bases xerais aprobadas polo Pleno da Corporación do Concello de Gondomar o 28 de abril de 1999.

29.5. Os tribunais e/ou comisións de selección estarán integrados, de conformidade co Decreto 364/1995, do 10 de marzo, de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado, por un número impar de membros, non inferior a cinco, cos seus respectivos suplentes, debendo posuí-la totalidade destes un nivel de titulación igual ou supe-

rior ó esixido para o ingreso no corpo, escala ou grupo profesional de que se trate, e dos/as que formarán parte, con voz e voto un representante designado pola xunta de persoal, comité de empresa, ou sindicatos máis representativos.

29.6. Para poder participar nos procesos selectivos convocados na Administración local será necesario reuni-los seguintes requisitos.

29.6.a) Posuí-la nacionalidade española, ou a dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos na lexislación vixente.

29.6.b) Estar en posesión da titulación esixida ou en condicións de obtela no prazo de presentación de solicitudes.

29.6.c) Posuí-la capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas habituais do corpo, escala ou praza correspondentes.

29.6.d) Ter cumpridos dezaioito anos e non exceder da idade de xubilación forzosa, salvo naqueles corpos ou escalas que teñan determinada por lei outra idade de ingreso ou xubilación.

29.6.e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

Artigo 30º.-Proceso selectivo.

30.1. Tanto o temario como a estrutura do proceso selectivo deben ter en conta que este supón o ingreso nun grupo profesional ou áreas funcionais. Atendendo a estas cuestións fundamentais, os programas das convocatorias constarán do número de temas e exercicios seguintes:

Asimilables ó grupo A: 90 temas (50 comúns e 40 específicos).

Asimilables ó grupo B: 60 temas (30 comúns e 30 específicos).

Asimilables ó grupo C: 40 temas.

Asimilables ó grupo D: 20 temas.

Asimilables ó grupo E: 10 temas.

30.2. O sistema de valoración das diferentes probas é a seguinte:

30.2.a) A puntuación da fase do concurso-oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das dúas fases.

30.3.b) A puntuación da fase de oposición virá dada pola suma das puntuacións dos exercicios correspondentes.

30.3.c) A puntuación obtida na fase de concurso non se poderá aplicar para supera-la fase de oposición, que terá carácter eliminatorio.

30.4.d) As materias e programas correspondentes a cada convocatoria a título de recomendación e conforme a lexislación aplicable serán materia de

estudio e negociación, sendo incorporadas a este acordo como anexos. En todo caso:

Temario: tal como establece o R.D. 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do persoal da Administración local, coa salvidade de que para a promoción interna establece o artigo 77 do R.D. 364/1995, do 19 de marzo, sobre exención de probas sobre aquelas materias das que o seu coñecemento polo empregado público estea acreditado suficientemente nas de ingreso ó grupo profesional de orixe, o temario será o seguinte:

-Materias comúns:

Constitución española.

Organización do Estado.

Estatuto de autonomía.

Réxime local.

Dereito administrativo xeral.

Facenda pública e Administración tributaria.

-Materias específicas: versarán sobre o contido das funcións e tarefas atribuídas legalmente ó grupo profesional ou clase á que se refiren as probas.

O número de temas, segundo o grupo profesional será o seguinte:

Grupo D: 10 temas (acceso libre 20 temas).

Grupo C: 20 temas (acceso libre 40 temas).

Grupo B: 30 temas (acceso libre 60 temas).

Poderanse incluír, así mesmo, unha entrevista cos aspirantes que poderá contar cunha parte dirixida e ou un test psicotécnico para valora-la idoneidade do candidato, que nunca terán carácter eliminatorio e cun valor máximo de 1,5 puntos.

Artigo 31º.-Selección do persoal interino.

A selección dos funcionarios interinos farase de acordo co sistema selectivo que a Administración pública determine, respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade. O referido sistema deberá permiti-la máxima axilidade na selección, en razón da urxencia requirida para o desempeño transitorio dos postos de traballo ou das funcións correspondentes.

Os opositores que superasen satisfactoriamente as probas selectivas e non obtivesen posto, poderán integrar unha lista para futuras contratacións pola vía de urxencia, cunha limitación na vixencia da referida lista dentro da lexislatura.

Artigo 32º.-Selección do persoal laboral.

A participación nos procesos selectivos de persoal laboral esixirá a concorrencia dos requisitos esixibles para o persoal funcionario.

A contratación de persoal laboral temporal efectuarase conforme os principios de igualdade, mérito e capacidade, axustándose ás normas de xeral aplicación a este tipo de persoal.

Artigo 33º.-Oferta de emprego público.

33.1. Os postos de traballo dotados orzamentariamente que non sexan susceptibles de seren cubertos por persoal da corporación da que se trate constituirán a oferta de emprego público, unha vez consensuada na mesa de negociación e, se é o caso, comité de empresa, axustándose ó que dispoña a Lei de orzamentos xerais do Estado, cada ano. Nas ofertas de emprego público deberá figura-lo número porcentual que a lexislación vixente reserva a persoas con minusvalidez, especificando a denominación e características das prazas.

33.2. En ningún caso poderá constituír como mérito para acceder á función pública o ter desempeñado un posto de traballo con carácter eventual.

33.3. Cando, en cómputo anual e por grupos ou categorías profesionais, se exceda de 800 horas extraordinarias, deberá crearse unha nova praza no cadro de persoal.

33.4. En todo caso, os procedementos de selección de persoal derivados da oferta pública deberán de estar rematados antes de que se publique a seguinte oferta.

Artigo 34º.-Promoción interna.

34.1. A promoción interna consiste no acceso desde grupos profesionais dun grupo de titulación a outro do inmediato superior ou dentro do mesmo grupo de titulación.

A promoción profesional haberá de constituír un instrumento indispensable nun modelo avanzado de carreira profesional na función pública.

34.2. Como criterios xerais en materia de promoción teranse en conta os seguintes:

34.2.a) A promoción deberá se-lo instrumento para incrementa-la capacidade de traballo dos empregados públicos e, en definitiva, os niveis de motivación e integración.

34.2.b) A promoción deberá basearse no esforzo profesional, o historial profesioinal e a carreira, a formación e cualificación adquiridas, debendo ser tamén obxecto de consideración a antigüidade.

34.2.c) De acordo con estes criterios, no ámbito das administracións locais de Galicia, deberán efectuarse procesos de promoción, separados dos de ingreso, que se desenvolverán en convocatorias independentes.

34.2.d) Efectuarase mediante o sistema de concurso-oposición con suxeición ós principios de igualdade, mérito e capacidade.

34.3. Requisitos:

Para participar en probas de promoción interna o persoal laboral deberá posuír unha antigüidade de, polo menos, dous anos no prazo profesional á que pertencen o día da finalización do grupo de presentación de solicitudes de participación e posuí-la titulación e o resto dos requisitos establecidos con carácter xeral para o acceso ó grupo profesional ó que aspire ingresar.

No supostos de promoción do persoal laboral do grupo profesional de peóns, axudantes, oficiais de 2ª, etc. ó inmediato superior de oficiais de 1ª, poderase eximir do requisito de titulación cando se trate de persoal cunha antigüidade de dez anos nun grupo asimilable ó D (de funcionarios), ou de cinco anos e a superación dun curso específico de formación, de conformidade coa disposición adicional novena do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Artigo 35º.-Sistemas de promoción.

35.1. O sistema de promoción será o de concurso-oposición. A promoción dentro dun mesmo grupo de titulación poderase facer polo sistema de concurso de forma motivada e as reclasificacións por reasignación de efectivos tamén pola superación de cursos específicos.

Como norma xeral aconséllase valora-la fase de concurso co 30% da puntuación total, e co 70% restante a fase de oposición.

35.2. Proposta indicativa de baremo de concurso:

Esta fase de concurso será puntuada de 0 a 10 puntos como máximo; o resultado da suma dos distintos méritos presentados polo/a concursante, finalmente terá que ser proporcional ó 30% establecido como máximo tamén para esta fase.

35.2.a) Antigüidade: por cada ano ou fracción do grupo ou escala de orixe; 0,50 puntos, ata un máximo de 3 puntos.

35.2. b) Cursos de formación e perfeccionamento: pola participación en cada curso relacionado coas funcións que se van desenvolver, impartido polo INAP, pola EGAP ou calquera outro centro oficial autorizado (exemplo sindicatos), para impartilos, incluídos os organizados ou promocionados pola corporación de que se trate.

-Por cada curso de 60 horas de duración como mínimo, e se esta non figurase, de 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.

-Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración como mínimo, ou de 5 a 9 xornadas como mínimo: 0,40 puntos.

-Por cada curso de 10 a 29 horas de duración como mínimo, ou de 2 a 4 xornadas como mínimo: 0,20 puntos.

35.2. c) Cursos de aproveitamento (cursos nos que independentemente do número de horas lectivas, esixen un exame final para a obtención do diploma).

-Por cada curso de aproveitamento un mínimo de 0,80 puntos, podendo ser incrementada a súa valoración tamén en función do seu número de horas lectivas segundo a táboa anterior, non podendo exceder en todo caso de 1 punto máximo por curso.

Os epígrafes b) e c) anteriores serán puntuados conxuntamente ata un máximo de 5 puntos.

35.2. d) Coñecemento do idioma galego:

-Por supera-lo curso de iniciación: 0,50 puntos.

-Por supera-lo curso de perfeccionamento: 0,50 puntos.

35.2. e) As titulacións superiores que os aspirantes poidan acreditar (á parte da esixida para poder participar), e teñan relación coa praza ou posto de traballo ó que se opta, serán puntuadas con 1 punto como máximo.

35.3. Fase de oposición.

35.3.a) Consistirá na realización de dous exercicios: un teórico e outro práctico.

O exercicio teórico consistirá nun test con preguntas relativas ó programa aprobado para cada grupo profesional.

O exercicio práctico consistirá no desenvolvemento por escrito ou materialmente de supostos derivados do temario por proposta do tribunal e que unha vez realizado será lido polo aspirante no caso de ser escrito.

35.3.b) Cando a súa natureza o permita os exercicios serán anónimos.

35.3.c) Cada exercicio puntuarase globalmente de 0 a 10 puntos, e quedará eliminado o aspirante que non acade polo menos 5 puntos en cada un deles.

35.3.d) O temario, na queda de promoción interna, reducirase con relación ó establecido para a queda libre, atendendo a razóns de especialización e coñecementos profesionais acreditados nos exames de ingreso na Administración.

35.3.e) Proposta de aprobados: a suma de puntuacións obtidas en ámbolos dous exercicios da oposición, sumada á conseguida na fase de concurso, servirá para elabora-la relación de aprobados por orde de puntuación. No caso de empate resolverase a favor do aspirante que conte con maior puntuación na fase de oposición: de persisti-lo empate, o de maior antigüidade; e de continuar manténdose, o de maior idade.

35.3.f) Temario: tal como establece o R.D. 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración local, coa salvidade que para a

promoción interna establece o artigo 77 do R.D. 364/1995, do 19 de marzo, sobre exención de probas sobre aquelas materias das que o seu coñecemento polo empregado público estea acreditada suficientemente nas de ingreso ó grupo profesional, corpo ou escala de orixe, o temario será o seguinte:

-Materias comúns:

Constitución española.

Organización do Estado.

Estatuto de autonomía.

Réxime local.

Dereito administrativo xeral.

Facenda pública e Administración tributaria.

-Materias específicas: versarán sobre o contido das funcións e tarefas atribuídas legalmente ó posto ou clase á que se refiren as probas.

O número de temas, segundo o grupo ou escala será o seguinte:

Grupo D: 10 temas (acceso libre 20 temas).

Grupo C: 20 temas (acceso libre 40 temas).

Grupo B: 30 temas (acceso libre 60 temas).

35.3. g) Poderanse incluír, así mesmo, unha entrevista cos aspirantes cunha parte dirixida e ou un test psicotécnico para valora-la idoneidade do candidato, que nunca terán carácter eliminatorio e cun valor máximo de 1,5 puntos.

35.4. Acces libre:

Cando non se poidan prover con persoal propio da corporación, mediante a oportuna provisión de postos de traballo, as prazas vacantes cubriranse a través da oferta de emprego público.

Artigo 36º.-Promoción do persoal laboral fixo.

36.1. Os criterios que sobre promoción se conteñen no presente acordo inspirarán as previsións que sobre promoción profesional se establezan para o persoal laboral nos convenios colectivos.

36.2. Cando existan categorías de persoal laboral que desempeñen funcións afíns ás de corpos ou escalas de funcionarios, o ingreso nestes corpos ou escalas poderán efectuarse mediante o sistema de concurso-oposición, valorándose na fase de concurso a experiencia e o historial profesional destes candidatos.

36.3. Para estes efectos o persoal laboral con funcións afíns ás desempeñadas por funcionarios do grupo E, terán o mesmo tratamento que estes para o acceso ó grupo D.

36.4. Os plans de emprego poderán establecer criterios específicos sobre a funcionarización, en especial sobre as oportunas dos candidatos e as probas selectivas.

36.5. O persoal funcionario e laboral fixo poderá acceder á promoción interna polo sistema de concurso, sempre e cando se traten de postos ou prazas de similar categoría. Este mesmo sistema poderá ser empregado entre o grupo E o D no caso do persoal funcionario, sempre que se estea en posesión da titulación necesaria ou da antigüidade regulamentaria.

Artigo 37º.-Provisión de postos de traballo.

37.1. A provisión de postos de traballo realizarase a través dos sistemas de libre designación, concurso específico ou concurso de méritos, que será o sistema xeral.

37.2. Os empregados públicos unicamente poderán ser removidos por causas sobrevidas, derivadas dunha alteración no contido do posto realizada a través das relacións de postos de traballo ou prevista nestas que modifiquen os supostos que serviron de base á convocatoria, ou dunha falta de capacidade para o seu desempeño manifestada por rendemento insuficiente que impida realizar con eficacia as funcións atribuídas ó posto. A remoción levarase a cabo logo de expediente instruído para o efecto e informe do órgano de representación do persoal, mediante resolución motivada do órgano que efectuou o nomeamento.

37.3. As bases e convocatorias serán públicas no BOP ou boletín da Comunidade Autónoma, e o anuncio das convocatorias no BOE, e conterán necesariamente:

37.3.a) Denominación, localización, nivel de complemento de destino e complemento específico.

37.3.b) Requisitos exisidos para o seu desempeño, entre os que unicamente poderán figura-los contidos nas relacións de postos de traballo.

37.3.c) Prazo de presentación de solicitudes, que en ningún caso poderá ser inferior a 15 días hábiles, contando a partir da publicación.

37.4. Baremo. Méritos: avaliaranse como tales:

37.4.a) Antigüidade.

37.4.b) Cursos de formación e perfeccionamento (relacionados sempre coas funcións do posto a que se aspira).

37.4.c) Titulacións académicas superiores, excluindo as que serviron para obter outra superior, ou complementarias das que se esixen para acceso ó grupo relacionadas coas funcións propias do posto de traballo e outras homologadas por organismos oficiais, relacionadas coas funcións propias do posto.

37.4.d) Coñecemento do idioma galego.

37.4.e) Carreira administrativa.

37.4.f) Poderase incluír, así mesmo, unha entrevista cos candidatos cunha parte dirixida e ou un test psicotécnico para valora-la idoneidade para o

desempeño do posto de traballo que se convoca a provisión.

37.4.g) No caso de empate terá preferencia para que lle sexa adxudicado o posto quen obtivese maior puntuación polo punto anterior, de persisti-lo empate terá preferencia o de maior idade.

Artigo 38º.-Mobilidade entre administracións públicas.

Unha vez rematada a quenda de promoción profesional e con cargo ás prazas que vaian ser obxecto de convocatoria libre, poderanse atender peticións de traslado formuladas por traballadores doutras administracións públicas. En todo caso, será requisito imprescindible para a concesión deste tipo de traslado que a Administración de orixe teña regulado un sistema de reciprocidade que tamén o permita.

Artigo 39º.-Causas de despedimento.

En consonancia coas necesidades de rendibilización e control do gasto e efectivos, transparencia nas determinacións e decisións dentro das administracións públicas e aceptación-aplicación para o traballador, do principio de condicións máis beneficiosas, ante unha resolución xudicial firme, que estableza a improcedencia dun despedimento, o Concello de Gondomar, entidade local afectada, permitiralle ó despedido escoller entre a indemnización e a readmisión, salvo informe desfavorable da representación sindical.

O Concello de Gondomar renuncia ós procedementos de regulación de emprego e á excedencia forzosa como formas de redución de cadro de persoal.

Artigo 40º.-Asistencia xurídica.

40.1. O Concello de Gondomar garantirá a prestación de asistencia xurídica especializada a tódolos traballadores que a precisen por razón de conflitos con terceiros derivados da prestación do servizo.

40.2. Así mesmo, asume as posibles responsabilidades civís que puideran derivarse de prestación do servizo dos traballadores propios, excepto no caso de negligencia debidamente probada.

40.3. Para estes efectos, o concello poderá subscribir unha póliza que garanta unha cobertura adecuada por este concepto.

40.4. Do mesmo xeito, concertará unha póliza de seguro colectivo de accidentes para os seus traballadores, que cubra os riscos de morte e incapacidade laboral permanente. Con este fin recadará ofertas-orzamentos de varias entidades, co obxecto de establecer-los importes concretos de indemnización, que deberán ser negociados coa representación sindical.

Artigo 41º.-Segunda actividade.

41.1. Todo o persoal adscrito ó Concello de Gondomar estará obrigado a desempeñar tódalas funcións inherentes ó seu cargo e posto de traballo (1ª

actividade), mentres non existan causas razoables que imposibiliten o desempeño normal destas (2ª actividade). Con este punto de partida, na definición de 2ª actividade, faise necesario determinar cales son as causas razoables que posibilitarán o paso a escala de 2ª actividade, o que se poderá facer:

41.1.1. Voluntariamente: (para policía locais, bombeiros e persoal de recollida de lixo), cando se cumprisen ós 55 anos de idade ou 25 anos de servizos efectivos nas situacións de servizo activo, servizos especiais ou excedencia forzosa.

41.1.2. De oficio: cando estea adscrito en servizos de urxencia (policía local, bombeiros), e fosen cumpridos os 55 anos de idade (o traballador afectado poderá neste caso tamén renunciar ó dereito de pase a segunda actividade, e continuar no seu posto, excepto por razóns xustificadas, oída a representación sindical).

41.1.3. Por insuficiencia das aptitudes psicofísicas: cando estea incapacitado para o exercicio da súa función habitual, sempre que non sexa causa de xubilación anticipada por incapacidade permanente. Neste caso o pase a 2ª actividade requirirá o exame dun tribunal médico.

41.1.4. A corporación local determinará anualmente os postos de 2ª actividade que formen parte dunha escala auxiliar, dentro da relación de postos de traballo, os cales serán negociados coa representación legal dos traballadores, dentro do último trimestre de cada ano, creándose vacantes cando o requiran as necesidades do servizo.

Excepto cando sexa de oficio, o persoal interesado no pase a 2ª actividade deberá formula-la correspondente solicitude antes do mes de setembro do ano anterior, dirixida ó órgano competente ou á alcaldía-presidencia que corresponda.

Unha vez encadrado na escala de 2ª actividade conservarase a totalidade das retribucións que se viñan percibindo, salvo que o pase fose tramitado de forma voluntaria polo interesado (punto 1).

Artigo 42º.-Incompatibilidades.

A todo o persoal incluído no ámbito de aplicación deste acordo aplicaráselle o réxime de incompatibilidades de conformidade coas normas estatais e autonómicas vixentes na materia.

Artigo 43º.-Situacións administrativas.

Haberá que averse ó disposto nas disposicións vixentes aplicables.

Artigo 44º.-Uso da lingua galega.

Os traballadores/as do Concello de Gondomar teñen o dereito e o deber de desenvolver-la súa actividade laboral e profesional no idioma galego, como lingua da Comunidade Autónoma, e en particular da Administración local, e polo tanto acceder a vías de formación lingüística en relación co seu posto de traballo.

O Concello de Gondomar proporcionará os instrumentos axeitados para propiciar un coñecemento adecuado da lingua galega. Os traballadores/as da entidade local teñen dereito a asistir a cursos de aprendizaxe, perfeccionamento e especialización do idioma galego, dentro do horario de traballo.

O tempo investido na asistencia ós devanditos cursos será computado como tempo efectivo de traballo.

No caso de que os cursos de galego non se realicen dentro dun plan de formación lingüística do persoal ó cargo da entidade local ou non sexan organizados por esta, esta aboará, se é o caso, e logo da xustificación documental, as axudas de custo e gastos de desprazamento pertinentes.

Capítulo X Sistema retributivo

Artigo 45º.-Estructura retributiva.

A estrutura retributiva é a seguinte:

45.1. a) Retribucións básicas:

Estas retribucións comprenden o soldo base, trienios e pagas extraordinarias, reguladas polas disposicións legais vixentes sen cada momento, de acordo coas que corresponden ó grupo profesional en que se atope clasificado o traballador/a.

Artigo 46º.-Retribucións persoais.

Estas retribucións comprenden o complemento de produtividade e as gratificacións. No caso de que as gratificacións sirvan para aboar horas extras, estas terán o valor que se especifica no artigo 49.

Artigo 47º.-Nómina.

Tódalas percepcións do persoal local realizaranse a través da nómina, establecéndose a prohibición de facelo doutro xeito. O cobramento da nómina deberá poder efectuarse o último día de cada mes, derivándose responsabilidades noutro caso. A nómina que se deriva do libro rexistro de persoal, deberá conter tódolos datos persoais precisos e os conceptos retributivos detallados e en concreto, sempre de xeito claro, o importe bruto, as deducións e o importe líquido, procurando a maior transparencia e claridade posibles.

Capítulo XI Condicións económicas e sociais

Artigo 48º.-Valor das horas extraordinarias.

48.1. Hora extra traballada entre as 15 e as 22 horas: terá o valor dunha hora normal incrementada nun 50%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal período terá o valor de hora e media.

48.2. Hora extra traballada entre as 22 horas e as 8 horas: terá o valor dunha hora normal incrementada nun 100%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal período terá o valor de dúas horas.

48.3. Traballo extras en sábados non laborables, días libres, domingos e festivos: terá o valor dunha hora normal incrementada nun 100%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal período, terá o valor de dúas horas.

Artigo 49º.-Pagas extraordinarias.

Todo o persoal local percibirá nos meses de xuño e decembro dúas pagas extraordinarias tal e como establece a normativa legal aplicable.

Artigo 50º.-Constitución dun fondo social.

O Concello de Gondomar que subscribe este convenio constituirá un fondo social de 600.000 ptas. para o persoal laboral, consignado orzamentariamente cada ano, que se negociará na mesa xeral de negociación e, se é o caso, cos delegados de persoal ou comité de empresa, para facer fronte ás condicións sociais que se prevén neste convenio ou outras a maiores que existan, e que será incluído nos anexos deste convenio colectivo.

Terá dereito ás axudas derivadas do fondo social o persoal con praza en propiedade e contrato de carácter fixo, polos gastos propios ou dos seus fillos.

Artigo 51º.-Anticipos.

51.1. Todo traballador/a local con praza en propiedade ou fixo poderá percibir un anticipo de ata tres mensualidades do seu salario íntegro, non podendo exceder en todo caso das 300.000 ptas., debéndose reintegra-lo devandito anticipo en doce, dezaioito ou vintecatro mensualidades; estes anticipos serán concedidos sen xuro ningún.

51.2. Desde o mes seguinte á percepción do anticipo detraerase da nómina do traballador/a en cuestión, a cantidade correspondente a dividi-la contía global do anticipo entre o número de mensualidades escollido polo traballador/a para a súa devolución.

51.3. O traballador/a poderá solicitar tanto anticipo de tres, dúas ou unha soa mensualidade.

51.4. O traballador/a non poderá solicitar un novo anticipo ata que non remate a amortización do anteriormente solicitado.

Artigo 52º.-Axuda de estudos para o persoal e os seus fillos.

Con este fin a entidade local, habilitará anualmente un crédito suficiente para cubri-las necesidades nesta materia, que serán incluídas como anexo a este convenio.

A entidade local e a representación sindical elaborarán anualmente os módulos de axuda de estudos para os distintos niveis educativos; así mesmo, encargaranse de establecer-las normas para a concesión das devanditas axudas.

Artigo 53º.-Complementos.

Serán aboados como conceptos de carácter extrasalarial, e tan só como axuda de custo e quilometraje,

que en todo caso poderán ser negociados no que se refire ás cantidades coa representación sindical.

En todo caso estas contías serán de aplicación idéntica para todo o persoal, independentemente do seu posto de traballo e grupo retributivo.

Artigo 54º.-Gratificación especial.

Para todo o persoal que por necesidades do servizo se vexa obrigado a traballar as noites dos días 24 e 31 de Nadal, establécese unha gratificación especial, igual ó valor dobre dunha xornada normal de traballo efectivo.

Artigo 55º.-Cobertura en caso de incapacidade laboral.

Todo traballador/a do concello, no caso de incapacidade temporal por accidente laboral ou doenza profesional, percibirá o 100% das súas retribucións, incluídos tódolos conceptos.

No caso de incapacidade temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, percibirá o 100% da súas retribucións, só durante os tres primeiros meses de baixa no ano, contados a partir da baixa médica derivada de cada patoloxía.

Capítulo XII Réxime disciplinario

Artigo 56º.-Réxime disciplinario.

56.1. O persoal local poderá ser sancionado pola comisión das faltas tipificadas, e a través do procedemento establecido no Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Real decreto 33/1986, do 10 de xaneiro, e Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O réxime disciplinario establecido enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que poidan incorre-los funcionarios, a cal se fará efectiva na forma en que determine a lei.

56.2. As faltas cometidas polos traballadores/as no exercicio dos seus cargos poderán ser:

Moi graves, graves e leves, tal e como se establece na lexislación á que se fai referencia.

56.3. As persoas responsables, sancións disciplinarias, extinción de responsabilidade disciplinaria, tramitación (disposicións xerais, ordenación, iniciación, desenvolvemento e terminación), xunto coas disposicións adicionais, transitorias e derogatoria, configurarán no seu conxunto o procedemento disciplinario.

56.4. En todo caso garantirase a audiencia do interesado e a presentación pola súa parte das alegacións que estime oportunas ó longo do procedemento así como a audiencia dos órganos de representación sindical nos momentos procesuais importantes: incoación prego de cargos e proposta de resolución.

O Concello de Gondomar asume integramente o contido do texto presentado polas organizacións sindicais no seu día ante a Fegamp, en relación cos procedementos de funcionarización e consolidación de emprego, e que a continuación se recolle neste convenio textualmente como un capítulo máis del.

Capítulo XIII

Consolidación de emprego temporal e de funcionarios interinos e procesos de funcionarización nas entidades que integran a Administración local galega.

Artigo 57º.-Consolidación de emprego temporal.

O acordo Administración-sindicatos para o período 1995-1997 sobre condicións de traballo na función pública e máis en concreto o acordo sobre condicións de traballo na función pública local para o período 1995-1997 suscrito entre a FEMP e os sindicatos supuxeron un avance no proceso de racionalización dos efectivos de persoal na Administración pública en xeral e na Administración local en particular. Non obstante, a piques de remata-lo período temporal de vixencia dos citados acordos constátase que non tódolos obxectivos previstos naqueles están cumpridos. En consecuencia faise necesario prolongar temporalmente e mesmo afondar nalgúns temas xa acordados.

Neste sentido, conscientes da existencia nas entidades locais que itegran a Administración local dun importante volume de emprego temporal que responde a necesidades de carácter permanente e estrutural, así como dun importante grupo de traballadores laborais fixos que, de acordo coa normativa vixente ocupan postos que deberían estar reservados a persoal funcionario, co obxectivo de solventar-las situacións aludidas formulámo-la presente proposta de consolidación de emprego temporal e funcionarización de persoal laboral, de conformidade coa lexislación vixente aplicable: artigo 27º.-Procesos selectivos de consolidación de emprego temporal. Modificación do réxime dos funcionarios públicos (sección primeira) da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social que textualmente di:

«A convocatoria dos procesos selectivos para a substitución do emprego interino ou consolidación do emprego temporal estrutural e permanente efectuarase de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e mediante os sistemas selectivos de oposición, concurso ou concurso-oposición. Neste último caso, na fase de concurso poderían valorarse, entre outros méritos, a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria».

Artigo 58º.-Consolidación de emprego temporal e de funcionarios interinos.

58.1. Co obxectivo de axilizar-las procesos de consolidación de emprego temporal de natureza estrutural e permanente as mesas xerais que se constitúan

nas entidades locais, con carácter previo á aprobación dos cadros de persoal e relacións de postos de traballo para 1998 e con suxeición á normativa vixente:

58.1.a) Avaliarán as situacións que con este carácter se produzan en cada entidade local e proporán a creación das correspondentes prazas e postos que respondan ás situacións e tarefas de carácter permanente ou estrutural.

58.1.b) Proporán a inclusión na oferta de emprego de cada entidade das prazas e postos antes sinalados, así como os que estean desempeñados por persoal interino funcionario ou laboral ata o límite máximo que permita a normativa vixente.

58.2. As prazas e postos sinalados incluíranse con carácter xeral nas RPT.

58.3. A consolidación de emprego deberá realizarse de acordo coas necesidades de planificación estratéxica de recursos humanos. En consecuencia, poderá comporta-la recolocación de prazas e postos de acordo coas necesidades dos servizos sen que supoñan cambio de municipio e trala negociación coas organizacións sindicais, sen que a citada recolocación determine unha diminución do valor dos méritos que poida adopta-lo persoal temporal.

58.4. Os procesos de consolidación non poderán determinar en ningún caso aumento ou diminución de efectivos.

Artigo 59º.-Procesos de funcionarización.

Os procesos de funcionarización responden á necesidade de adaptar á normativa vixente o réxime xurídico (funcionario, laboral) dos postos de traballo das entidades locais. Esta adaptación reviste un maior interese despois da publicación da Lei 5/1997, da administración local de Galicia que determina os postos que poden ser desempeñados en réxime laboral precisando a regulación contida no artigo 15 da Lei 30/1984. De acordo co sinalado, formulámo-la presente proposta co contido que a continuación sinalamos:

59.1. As entidades locais, trala negociación coa representación sindical, definirán aqueles postos de traballo que, de acordo coa normativa vixente, deban ser desempeñados por persoal funcionario.

59.2. De acordo coa normativa vixente, e trala negociación sindical, estudíaranse os correspondentes procesos de funcionarización que serán aplicables ó persoal que ocupe postos de traballo que deban desempeñarse en réxime funcional. Finalizada a negociación sindical e/ou convocada a correspondente mesa xeral de negociación o Pleno de cada entidade determinará os postos de traballo funcionarizables realizando as correspondentes modificacións nos catálogos ou relacións de postos de traballo e adscribindo os postos, se fose posible, conforme a normativa vixente, á escala correspondente, como mínimo, ó grupo de clasificación inicial.

59.3. Ós procesos de funcionarización seranlles aplicados como mínimo os seguintes criterios:

59.3.a) Seralles de aplicación o proceso de funcionarización e, en consecuencia, poderán participar neste, a aqueles traballadores contratados en réxime laboral á entrada en vigor da Lei 23/1988, que modifica o artigo 15 da Lei 30/1984, que ocupen un posto que deba ser desempeñado en réxime funcional, así como ó persoal laboral fixo que adquiriu esa condición e ingresou en postos funcionarizables con posterioridade a esa data (30-6-1988) mediante sentenza que recoñeza o carácter de persoal laboral fixo ou probas selectivas convocadas con anterioridade a esta.

Ademais do sinalado, para acceso ás correspondentes prazas de persoal funcionario, os aspirantes deberán reuni-los requisitos xerais de acceso á función pública local, de acordo coa normativa vixente.

59.3.b) As probas selectivas serán adecuadas ó nivel profesional do corpo ou escala correspondente.

59.3.c) As convocatorias poderán ser sectorizadas e esixíranse coñecementos relacionados coas tarefas que se desenvolvan na área de actividade correspondente.

59.3.d) Procurarase facilitar ó persoal afectado formación axeitada ás esixencias dos correspondentes procesos selectivos.

59.3.e) Os plans de emprego poderán establecer criterios específicos en particular sobre as oportunidades dos candidatos para concorrer ás probas selectivas.

Capítulo XIV Formación

Artigo 60º.-Obxectivos.

A formación dos empregados públicos nas entidades locais, tanto a continua como a inicial, constitúe un valor fundamental para calquera proxecto que queira afronta-la modernización destas.

Neste contexto a formación debe ser considerada como unha necesidade e unha obriga, constituíndo un factor básico para incrementa-la motivación e a integración dos empregados públicos e un mecanismo eficaz e indispensable para articula-la mobilidade e a promoción.

É manifesta, pois, a importancia da formación nos momentos actuais para desenvolver unhas administracións locais máis eficaces, polo que as súas principais funcións serán as seguintes:

Unha función de adaptación permanente á evolución das profesións e do contido dos postos de traballo e, polo tanto, de mellora das competencias e cualificacións indispensables para incrementa-la eficacia e a calidade dos servizos que prestan as administracións públicas e o persoal ó seu cargo.

Unha función de promoción que permita a un gran número de empregados públicos evita-lo estancamento na súa cualificación profesional.

É unha función de axeitamento e integración das previsións dos plans de emprego, entendidos como mecanismo de planificación estratéxica dos recursos humanos.

En virtude dos exposto, as partes asinantes neste convenio constituirán a mesa de formación continua (concello-sindicatos).

Unha vez sexa asinado este convenio, en todo caso, nun prazo non superior a tres meses, a mesa de formación continua elaborará un regulamento de funcionamento que garanta a participación en tódolos procesos de formación continua que se deriven da súa actuación, ou calquera outra á que se teña acceso.

Artigo 61º.-Os plans de formación. Contido.

Os plans de formación que se presenten diante da mesa de formación continua terán, como mínimo, o seguinte contido:

- Obxectivos e descrición das accións que se van desenvolver.

- Ámbito de aplicación do plan: unidades administrativas e administracións que afecta.

- Colectivo afectado e número de participantes.

- Calendario previsto de execución.

- Custo estimativo das distintas actividades formativas.

- Criterios de selección, que garantirán o principio de igualdade.

- Modalidade de xestión das actividades formativas.

- Criterios de avaliación do plan de formación.

Artigo 62.-Acceso ós plans de formación.

Tódolos empregados públicos locais terán a posibilidade de acceder ós plans de formación continua da súa entidade, así como a plans agrupados que engloben a súa Administración local.

O Concello de Gondomar asume plenamente e dará fiel aplicación en materia de prevención de riscos laborais ás condicións que establece o texto que a continuación se establece como capítulo XV do convenio, e que no seu día foi negociado no ámbito da Fegamp entre esta e os sindicatos.

Capítulo XV

Saúde e seguridade: aplicación da Lei de prevención de riscos laborais nas administracións locais de Galicia

Artigo 63º.-Introducción.

A Lei de prevención de riscos laborais supón unha novidade importante para a protección dos riscos profesionais dos traballadores tanto no ámbito pri-

vado coma no público. Neste último, constitúe un avance cualitativo de primeira magnitude ter recollido dentro do ámbito da Administración pública a protección dos riscos laborais como unha actuación única, indiferenciada e coordinada, que debe chegar a tódolos empregados públicos sen distinción do réxime xurídico que rexa a súa relación profesional coa Administración pública.

Non obstante, existen e mantéñense algunhas peculiaridades referidas ó ámbito das administracións públicas locais en canto á determinación e composición de certos órganos de participación e representación que demandan unha adecuación do contido da Lei de prevención de riscos laborais á realidade orgánica e funcional das administracións locais.

Nese sentido, a coexistencia dos órganos de representación fixados pola Lei 9/1987, como son as xuntas de persoal e os comités de empresa, cómpre elabora-lo seguinte acordo de carácter xeral para a adecuación dos capítulos IV e V da Lei 31/1995, do 8 de novembro, ás administracións locais.

Artigo 64º.-Ámbito de aplicación.

64.1. O disposto no presente convenio será de aplicación xeral ó persoal da Administración local e ós seus organismos autónomos, se os houbese.

Artigo 65º.-Servicios de prevención.

65.1. En cumprimento do deber de prevención de riscos profesionais, os órganos competentes en materia de persoal determinarán tras negociación coas organizacións sindicais e en función da estrutura organizativa e territorial dos seus organismos, así como do tipo de riscos presentes no sector e a incidencia destes nos empregados públicos, o tipo de servicio de prevención máis axustado ás súas características, potenciando a utilización dos recursos propios existentes nas administracións públicas locais.

65.2. Os órganos competentes en materia de persoal poderán designar un ou varios empregados públicos para ocuparse da actividade de prevención de riscos profesionais, constituír un servicio de prevención ou concerta-lo dito servicio cunha entidade especializada, tras negociación coas organizacións sindicais.

Cando se opte pola designación de empregados públicos para a realización de actividades de prevención, esta deberá ser negociada cos órganos de representación do persoal.

65.3. As funcións dos servicios de prevención axustaranse ó disposto no artigo 31 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais.

Artigo 66º.-Consulta e participación.

66.1. No ámbito específico para o exercicio da función de participación en materia preventiva será, con carácter xeral, o das xuntas de persoal das admi-

nistracións locais, os comités de empresa e os delegados de persoal, sen prexuízo das adaptacións que sexan necesarias en función dos comités de seguridade e saúde que se creen.

66.2. Nas administracións locais e os seus organismos autónomos, no ámbito específico para a función de participación en materia preventiva será o das xuntas de persoal e os comités de empresa correspondentes, agás no caso dunha corporación local na que subsistan varios convenios colectivos, onde poderá agruparse a función de participación destes nun só órgano, tras acordo da representación sindical.

Artigo 67º.-Comité de seguridade e saúde.

67.1. O comité de seguridade e saúde é o órgano paritario e colexiado de participación, destinado á proposta e consulta regular e periódica dos plans, programas e avaliación de prevención de riscos nas administracións locais.

67.2. Con carácter xeral, constituirase un único comité de seguridade e saúde no ámbito dos órganos de representación do persoal funcionario e laboral ó servizo das administracións locais, que estará integrado polos delegados de prevención designados no dito ámbito, tanto para o persoal con relación de carácter administrativo como para o persoal laboral, e por representantes da Administración en número non superior ó de delegados.

67.3. Malia o sinalado nos puntos anteriores, poderán constituírse comités de seguridade e saúde ou delegados de prevención específicos noutros ámbitos, cando as razóns da actividade e o tipo de frecuencia dos riscos así o aconsellen, tras acordo do respectivo comité de seguridade e saúde correspondente.

67.4. A constitución do comité de seguridade e saúde farase proporcionalmente ó número de efectivos do persoal funcionario e laboral existente no ámbito de representación correspondente.

67.5. Nas reunións do comité de seguridade e saúde participarán, con voz pero sen voto, os delegados sindicais e os responsables técnicos.

67.6. O comité de seguridade e saúde reunirse trimestralmente e sempre que o solicite algunha das representacións neste. O comité de seguridade e saúde adoptará as súas propias normas de funcionamento.

Artigo 68º.-Delegados de prevención.

68.1. Os delegados de prevención, de acordo co disposto no artigo 35.4º da Lei 31/1995, do 8 de novembro, serán designados polas organizacións sindicais con representación nos ámbitos dos órganos de representación do persoal.

68.2. A designación dos delegados de prevención deberá realizarse de entre aqueles funcionarios que sexan membros da xunta de persoal correspondente

ó ámbito de representación e entre os representantes do persoal laboral membros do comité de empresa, e no seu defecto de entre os empregados públicos do ámbito correspondente.

68.3. O número de delegados de prevención que poderán ser designados axustarase á escala establecida no artigo 35.2º da Lei 31/1995, do 8 de novembro:

-Ata 49 traballadores: 1 delegado de prevención.

-De 50 a 100 traballadores: 2 delegados de prevención.

-De 101 a 500 traballadores: 3 delegados de prevención.

-De 501 a 1.000 traballadores: 4 delegados de prevención.

-De 1.001 a 2.000 traballadores: 5 delegados de prevención.

-De 2.001 a 3.000 traballadores: 6 delegados de prevención.

-De 3.001 a 4.000 traballadores: 7 delegados de prevención.

-De 4.001 en diante: 8 delegados de prevención.

68.4. O tempo utilizado polos delegados de prevención para o desempeño das funcións previstas no artigo 36 da Lei de prevención de riscos laborais será considerado como de exercicio de funcións de representación, para efectos de utilización do crédito de horas mensuais retribuídas previsto na letra e) do artigo 68 do Estatuto dos traballadores e a letra d) do artigo 11 da Lei 9/1987, de órganos de representación, e artigo 10.3º da LOLS.

Os empregados públicos designados como delegados de prevención que non desfrutasen de ningún tipo de crédito horario, a partir da súa designación contarán co mesmo crédito horario cós membros dos órganos unitarios de representación de cada ámbito. En defecto do dito órgano, corresponderalle o crédito horario en proporción ó número de empregados públicos, cara ó que dirixe a súa actividade preventiva.

68.5. Os órganos competentes proporcionarán ós delegados de prevención os medios e a formación en materia preventiva que resulten necesarios para o exercicio das súas funcións.

68.6. A formación deberá ser facilitada pola Administración polos seus propios medios ou mediante concerto con organismos ou entidades especializadas na materia.

68.7. O tempo dedicado á formación será considerado como tempo de traballo para tódolos efectos.

Artigo 69º.-Saúde e seguridade.

En todo caso:

69.1. Será de aplicación para tódalas entidades locais de Galicia a actual normativa vixente en mate-

ria de saúde laboral, Lei de prevención de riscos laborais (Lei 31/1995, do 8 de novembro).

69.2. Como premisa xenérica entendemos que a acción sindical en saúde laboral debe estar dirixida ó control dos riscos nos lugares de traballo. É, en esencia, facer prevención.

69.3. En tódalas entidades locais haberá como mínimo un delegado de prevención, sexa cal fose o seu número de cadro de persoal.

69.4. O concello e os sindicatos asinantes deste convenio velarán puntualmente polo estricto cumprimento da normativa aplicable e recollida na Lei de prevención de riscos laborais, en tódolos seus servicios e dependencias.

69.5. Para tal fin constituirase unha comisión de seguimento en materia de saúde laboral, formada polos delegados/as de prevención e o mesmo número en representación do concello.

69.6. Esta comisión terá competencias de avaliación, información e recomendación, e poderá asumir as competencias dos comités de saúde laboral.

69.7. Reunirase semestralmente de xeito ordinario, e de forma extraordinaria sempre que existisen motivos razoados e razoables que así o determinen.

69.8. A comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, poderá denunciar calquera actividade debida á falta de medidas de seguridade e hixiene, que puideran supoñer risco inmediato de accidente ou quebranto grave da saúde, non podendo ningún empregado ser obrigado a traballar en tales condicións, en tanto en canto non se adopten as medidas necesarias para a corrección de tales circunstancias.

69.9. Os compoñentes da comisión por parte dos sindicatos disporán do tempo empregado no desempeño do seu cometido como membros desta, e sempre que a convocatoria se corresponda cunha reunión de carácter ordinario ou extraordinario, de tal xeito que para tódolos efectos ese tempo será considerado dentro da xornada ordinaria de traballo, debendo contar para tal utilización de tempo coa xustificación por escrito e anticipada polo menos con 48 horas polo presidente desta.

69.10. A comisión de entre os seus membros nomeará un secretario/a, que será o encargado/a de convocar de xeito ordinario ou, se fose preciso, de xeito extraordinario, as reunións desta.

69.11. Para convocar unha reunión extraordinaria da comisión será preciso a solicitude, por escrito, cando menos do 50% dos seus compoñentes.

Capítulo XVI Dereitos sindicais

Artigo 70º.-Principio xeral.

O Concello de Gondomar que asume este acordo/convenio reconece e aplicará a Lei orgánica

11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical (LOLS) modificada pola Lei orgánica 14/1994, do 19 de maio, así como o establecido no Estatuto dos traballadores respectivamente, en todo o referido a este.

Artigo 71º.-Garantías e facultades dos representantes dos traballadores.

71.1. Os membros dos órganos de representación electos terán as seguintes garantías e facultades:

71.1.a) Audiencia do órgano competente nos supostos de seguirse procedemento disciplinario a un deles, sen prexuízo do/da interesado/a que se regule no dito procedemento.

71.1.b) Expresar individualmente e colexiadamente, con liberdade, as súas opinións nas materias concernentes á esfera da súa representación, podendo confeccionar, publicar e distribuí-las informacións de interese profesional, laboral e social, comunicándollo ó presidente da entidade.

Para estes efectos, a entidade local disporá a colocación ás súas expensas de taboleiros de anuncios para a exposición con carácter exclusivo para os órganos de representación, de calquera información do tipo da anteriormente citada, en tódolos centros de traballo pertencentes á dita entidade, en lugares adecuados e visibles do centro, de forma que se garanta a publicidade máis ampla do que se expoña.

Así mesmo, a autoridade ou órgano competente da entidade deberá facilitar-lles ós órganos de representación a utilización de medios e materiais de traballo para a confección das informacións antes citadas, sempre que se efectúe de forma racional e moderada e non prexudique o normal funcionamento dos servicios.

71.1.c) Non poder ser sancionados disciplinariamente nin discriminados no seu traballo, promoción económica ou profesional, nin trasladados con carácter forzoso en razón precisamente do desempeño da súa representación, durante o seu mandato, nin dentro dos dous anos seguintes a expiración deste.

71.1.d) Dispoñer de 40 horas mensuais das correspondentes á súa xornada de traballo, sen diminución das súas retribucións, para o exercicio das súas funcións de representación.

No cómputo das asignacións horarias excluírase o tempo investido na asistencia a sesións de comisións informativas ou órganos da entidade ou a reunións por esta promovidos e a negociacións colectivas de ámbito funcional da entidade.

71.1.e) Utilizar para a súa actividade un local facilitado para o efecto pola entidade que posúa unhas características e equipamento que satisfagan as diversas necesidades que en canto a capacidade, dotación, material e localización física puideran presentarse.

En todo caso naqueles concellos nos que exista comité de empresa ou xunta de persoal, e en función do espazo dispoñible, habilitarase un local cos medios necesarios para tal fin.

71.1.f) Serlles admitida a súa abstención ou recusación no suposto de ser designados como instructor/a ou secretario/a nun expediente disciplinario.

Artigo 72º.-Capacidade.

Os órganos de representación terán capacidade xurídica para exercer accións administrativas ou xurídicas en todo o relativo ó ámbito das súas competencias por decisión maioritaria dos seus membros.

Artigo 73º.-Competencias.

73.1. Os órganos de representación sindical terán as seguintes competencias:

73.1.a) Recibi-la máis completa información dos asuntos que afecten ó persoal da respectiva entidade local, isto por conducto dos responsables de persoal desta.

73.1.b) Investigar e informarse, por iniciativa propia, de tódalas cuestións que afecten ó persoal agás os que afecten a intimidade persoal da respectiva entidade local, dispoñendo para tal fin de acceso, consulta e reprodución gratuíta de toda a documentación relativa ás ditas cuestións, por simple solicitude ou obter autorización por escrito para o efecto.

Neste sentido, os xefes das dependencias ou servizos nos que conste documentación relativa ós ditos asuntos veranse obrigados a facilitala permitindo a súa consulta e reprodución, sen prexuízo das garantías que se estime oportuno adoptar para evita-lo extravío dos documentos, así como das responsabilidades nas que os solicitantes puideran incurrir por incumprimento do deber de reserva profesional.

73.1.c) Formar parte ou designa-los seus representantes en cantos tribunais de selección de persoal teñan lugar na entidade local concreta, sexa a selección para persoal laboral ou funcionario ou sexa para promoción interna, exercendo de pleno dereito con voz e voto. Para tal fin os representantes dos traballadores, sexa a través do comité de empresa, a xunta de persoal ou como representación unitaria, nomearán un traballador/a de igual ou superior categoría á praza ou prazas ofertadas, podendo ser ou non un dos delegados, para que integren o tribunal.

73.1.d) Participar e colaborar así como informar xunto cos delegados de prevención, en materia de prevención de riscos laborais e determinación das condicións de traballo.

73.1.e) Convocar reunións de persoal ou asembleas de traballadores durante a xornada de traballo. Neste sentido, están lexitimados para convocar reunións ou asembleas de persoal dunha entidade local, de sector ou no seu conxunto:

1º Organizacións sindicais, ou a través dos delegados sindicais.

2º Órganos de representación electos.

3º Calquera colectivo público, sempre que o seu número non sexa inferior o 40% do colectivo afectado.

Artigo 74º.-Exercicio do dereito de reunión ou asemblea tanto de afiliados a unha sección sindical ou de persoal en xeral. Requisitos.

74.1. Formularse cunha antelación mínima de corenta e oito horas, salvo en casos excepcionais.

74.2. Sinala-la hora, lugar e data da celebración.

74.3. Remitir datos dos asinantes que acrediten estar lexitimados para convoca-la reunión ou asemblea.

74.4. Se no prazo de 24 horas seguintes á data na que se rexistrou a solicitude de autorización, o presidente, alcalde ou deputado ou concelleiro de persoal da entidade local non formulara obxeccións por escrito ó respecto, poderá celebrarse sen outro requisito posterior.

74.5. As reunións e asembleas poderán ter carácter xeral ou realizarse por servizos, dependencias ou centros de traballo.

74.6. Non existirá ningún tipo de limitación para celebrar reunións fóra da xornada de traballo, salvo a seguridade de instalacións e dependencias e que a súa realización teña lugar cando se atopen abertos os lugares de reunión ou a súa apertura non supoña dificultades importantes.

74.7. Tamén poderán realizarse reunións e asembleas de traballadores dentro da xornada laboral, tendo en conta a seguinte táboa como límite:

Nº de traballadores do concello	Nº de horas anuais
Ata 30	8
De 31 a 100	10
De 101 a 250	12
Máis de 250	15

ANEXOS

Anexo 1º.-Fondo social de axudas económicas para:

Terá dereito a estas axudas todo o persoal do concello con praza en propiedade ou con contrato de carácter fixo, tanto polos gastos propios como os dos seus fillos.

Todas estas axudas económicas que se refiren a continuación veranse incrementadas durante a vixencia deste convenio, e en cada ano, nunha porcentaxe igual á do IPC previsto nos orzamentos xerais do Estado.

Axuda económica a próteses dentarias:

Colocación dentadura completa de arriba ou de abaixo: 22.500 ptas.

Colocación da dentadura completa: 45.000 ptas.
 Colocación de pezas (dentes ou moas): 5.000 ptas.
 Empastes: 2.500 ptas.
 Implantes osteointegrados (cada un): 10.000 ptas.
 Ortodoncia iniciada antes dos 18 anos: 30% do orzamento, cun máximo de 45.000 ptas.

Axuda económica a próteses oculares:

Lentes de lonxe: 5.000 ptas.

Lentes bifocais: 10.000 ptas.

Lentes telelupa: 25.000 ptas.

Substitución de cristais (cada un): 2.000 ptas.

Lentes de contacto: 5.000 ptas.

Prismas (cada un): 5.000 ptas.

Lentes intraoculares (cada unha): 50.000 ptas.

Audífono (cada un): 45.000 ptas.

Todo o persoal do concello terá dereito a unha revisión médica xeral ó ano, que en todo caso deberá incluír:

Limpeza dentaria.

Revisión ocular.

Chequeo xinecolóxico (para as mulleres).

Axudas económicas para estudos:

O concello habilitará do seu orzamento unha partida económica anual, para aplicar anualmente en axudas de estudos para o persoal do concello e os seus fillos/as; poderán ser beneficiarios tamén destas axudas o persoal con contrato superior a un ano.

A negociación concreta e os criterios de reparto serán encomendados á comisión paritaria mixta deste convenio.

Anexo 2º.-Roupa de traballo

O Concello de Gondomar asume o compromiso e a obriga de subministrar axeitadamente, en tempo e forma, e suficientemente, a roupa de traballo para todo o persoal que por razóns do servizo teña a necesidade de utilizala.

O persoal do concello que teña que utilizar roupa de traballo subministrada por el, estará obrigado a coidala, mantela limpa e no mellor estado posible, debendo solicitar outra peza ou pezas cando por desgaste ou accidente, esta ou estas non estean en condicións axeitadas para ser utilizadas.

O concello subministrará a cada traballador que así o precise roupa de inverno e de verán, coincidindo as entregas cos meses de outubro e maio respectivamente.

Como mínimo en cada entrega de roupa de traballo, serán subministrados dous equipos completos, a excepción do calzado, que será dun par.

A roupa de traballo que por accidente ou outras causas xustificadas quedase inutilizable, será substituída inmediatamente polo concello, debendo o traballador/a entrega-la peza ou pezas inservibles.

A policía local terá un tratamento específico en todo o tocante á roupa e utensilios de traballo, que en todo caso serán satisfeitos polo concello regulamentariamente, con tempo e forma suficiente para o axeitado funcionamento do servizo.

Anticipos de mensualidades.

O Concello de Gondomar habilitará unha partida anual de 800.000 ptas. para a concesión ós seus traballadores fixos de anticipos de ata 3 mensualidades sen ningún crédito, que reintegrará o traballador/a en 14, 18 ou 24 mensualidades.

Os criterios de concesión destes anticipos serán elaborados anualmente e coincidindo co primeiro mes de cada ano, pola comisión paritaria mixta.

ANexo 3º.Acordo económico para os anos 2000, 2001 e 2002.

O Concello de Gondomar comprométese a crear un fondo adicional nos orzamentos dos anos 2000, 2001 e 2002, do capítulo 1º dos orzamentos de cada un deles.

O reparto destes fondos adicionais foi negociado pola representación sindical e o concello, pola vía do diálogo e o consenso, non podendo ningunha das partes impoñer criterios unilaterais; en todo caso ó termo dos tres anos, ningún traballador/a do concello poderá quedar excluído/a del, excepto renuncia expresa do interesado/a.

Os criterios de aplicación destes fondos adicionais foron negociados coas seguintes premisas:

1ª Aplicarase a maior porcentaxe posible deles en aproxima-las retribucións entre persoal laboral e funcionario.

2ª Tentarase sempre e en todo momento paliar-las diferencias inxustificables e agravios comparativos que puideran presentarse entre traballadores/as da mesma categoría.

3ª O Servizo da Policía Local estará incluído nesta aplicación dos fondos adicionais, e as cantidades derivadas dela serán satisfeitas co criterio de racionalización, ampliación e mellora do servizo.

4ª De ser legalmente posible, as cantidades derivadas da aplicación dos fondos adicionais serán incluídas en conceptos consolidables; de non ser legalmente posible, e en tanto en canto non poida ser así, pasarán a ser integradas no concepto de produtividade.

5ª Os fondos adicionais serán partidas económicas distintas (adicionais) á porcentaxe de incremento salarial previsto polos orzamentos xerais do Estado en cada un dos anos mencionados no corpo deste acordo.

6ª Como regra xeral, entre o traballador/a de menor salario a xornada completa do concello, e o de maior salario, non poderá haber unha diferenca que supere o triple do primeiro/a, produto da aplicación dos fondos adicionais.

7ª Ningún traballador/a, produto da aplicación destes fondos adicionais ou do propio convenio/acordo, poderá sufrir unha diminución nas súas actuais retribucións anuais.

Cláusulas adicionais

Primeira.-Este convenio, entrará en vigor, en todas as súas cláusulas, puntos e articulado, o día 1 do mes de xaneiro do ano 2000, independentemente da data de aprobación polo Pleno ou da súa publicación no BOP.

Segunda.-Poderá ser denunciado por calquera das partes, tres meses antes da súa finalización de vixencia, marcada e acordada para o remate do ano 2002, e seguirá vixente mentres non fose negociado outro.

No caso de non ser denunciado por ningunha das partes, continuará vixente plenamente en todo o seu contido, e prorrogado por anos naturais, en tanto en canto non sexa negociado outro.

Aplicación concreta do acordo económico para o persoal do Concello de Gondomar Anos 2000, 2001 e 2002

Aplicación do acordo para o persoal laboral

Categorías	Ptas. mensuais	Ptas. anuais
Peóns:		
José Pereira	6.000	72.000
Carlos Aboal	6.000	72.000
Santiago Signo	6.000	72.000
Peóns especializados:		
Teodoro Quintas	4.000	48.000
Juan C. Alonso	4.000	48.000
Oficiais de 2ª:		
Antonio Misa	4.000	48.000
Oswaldo Salgueiro	4.000	48.000
Juan R. Alonso	4.000	48.000
Conductor de pa:		
Francisco Domínguez	1.000	12.000
Chofer:		
Antonio Costas	8.000	96.000
Capataz:		
José González	2.000	24.000
Conserxe-limpador:		
Avelino Salgueiro	2.000	24.000
Varredor:		
Carlos Meneses	2.000	24.000
Celadora:		
Ángeles Rodríguez	1.000	12.000
Limpadoras:		
Ángeles Troncoso	2.000	24.000
Mª Carmen Rodríguez	4.000	48.000
Carmen González	2.000	24.000
Inspectora de obras:		
Mª Jesús Fernández	2.000	24.000
Aux. administrativa:		
Mª del Pilar Barrios	5.000	60.000
Animadora sociocultural:		
Eva Giménez	5.000	60.000
Aux. policía:		
Simón Domínguez	6.000	72.000

Categorías	Ptas. mensuais	Ptas. anuais
Limpadoras tempo parcial: 10 efectivos	1.000	12.000
		Total: 120.000
Asistenta social: Mª Carmen Bugarín	500	6.000
Profesora de música: Concepción Quintas	500	6.000

Os anos 2001 e 2002 o persoal laboral terá os mesmos incrementos salariais a conta do fondo adicional.

Aplicación do acordo económico para o persoal funcionario

Categorías		
Grupo A:		
Ana B. Mérimo	productividade o C.E.	
Mª José Blanco	productividade o C.E.	
Grupo B:		
Alfonso Soliño	2.925 ptas.	35.108 ptas. anuais
Grupo C:		
Manuel Soliño	6.408 ptas. mensuais	76.899 ptas. anuais
Mª Jesús Quintas	6.408 ptas. mensuais	76.899 ptas. anuais
Juan F. Ferreira	3.239 ptas. mensuais	38.870 ptas. anuais
Basilio Iglesias	3.412 ptas. mensuais	40.944 ptas. anuais
José Rodríguez	3.412 ptas. mensuais	40.944 ptas. anuais
Grupo D:		
Jaime Fernández	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
José A. Rodríguez	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
Alicia Rodríguez	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
Ángel Fernández	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
José A. Veiga	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
Mª Teresa Fernández	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
Santiado Rodríguez	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
Mª García	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
Marco A. Vázquez	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
Mª Dolores González	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
Mª Luz Otero	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
Manuela Docampo	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
José M. de Saa	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
Manuel A. Vila	3.260 ptas. mensuais	39.144 ptas. anuais
Grupo E:		
Xosé A. Fernández	1.506 ptas. mensuais	18.072 ptas. anuais
Pedro Pena	1.506 ptas. mensuais	18.072 ptas. anuais
Jesús Fidel Mariño	1.506 ptas. mensuais	18.072 ptas. anuais
José Dacosta	3.011 ptas. mensuais	36.132 ptas. anuais
Gonzalo Rodríguez	3.011 ptas. mensuais	36.132 ptas. anuais
Manuel Rodríguez	3.011 ptas. mensuais	36.132 ptas. anuais
Carlos Couto	3.011 ptas. mensuais	36.132 ptas. anuais
Gonzalo Iglesias	500 ptas. mensuais	6.000 ptas. anuais
Total:		1.038.580 ptas.

Os anos 2001 e 2002 esta cantidade de 1.038.580 ptas. resultante da aplicación destes incrementos será repartida linealmente entre tódolos funcionarios/as en partes iguais e mensuais.

Táboa salarial persoal laboral ano 2000

Categoría	Grupo	Soldo 2000/mes co 2%
Asistente social	B	228.402
Profesor música	B	202.959
Inspector obras	C	138.965
Capataz	D	143.748
Auxiliar administrativo	D	110.744
Auxiliar policía	D	107.875

Categoría	Grupo	Soldo 2000/mes co 2%
Oficial 1ª	D	138.965
Celador	E	126.737
Conductor de pa	E	136.488
Peóns especializados	E	130.115
Peóns	E	107.875
Limpadores	E	93.720
Varredor	E	125.414
Conductor	E	115.831
Oficiais 2ª	E	134.689
Coordenador sociocultural	B	110.744

Resolución do 10 de abril de 2000, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Harinas y Sémolas del Noroeste, S.A. (Hasenosa).

Visto o texto do convenio colectivo para a empresa *Harinas y Sémolas del Noroeste, S.A.* (Hasenosa), con nº de código 3602242, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 4-4-2000, subscrito en representación da parte económica pola representación da empresa, e da parte social, polo delegado de persoal, en data 17-3-2000. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 10 de abril de 2000.

Antonio Coello Bufill
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo Hasenosa
Capítulo I
Disposicións xerais

Artigo 1º.-Ámbito funcional.

Este convenio colectivo, que terá ámbito de empresa, regulará en exclusiva as relacións laborais, sociais e económicas que se dean no centro de traballo que Hasenosa ten no polígono industrial das Gándaras de Budiño.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

As condicións do convenio serán de aplicación á totalidade dos traballadores, presentes ou futuros, que presten os seus servicios no centro de traballo aludido no artigo anterior, agás todos aqueles que desempeñen cargos directivos.

Artigo 3º.-Ámbito temporal.

O convenio entrará en vigor o día seguinte ó da súa sinatura, sen prexuízo de que as condicións económicas se apliquen desde o día 1 de xaneiro de 2000 para todos aqueles traballadores con relación contractual vixente na data de sinatura deste convenio.

Este convenio terá unha duración de dous anos, finalizando o 31 de decembro de 2001. Cunha antelación mínima de tres meses, calquera das partes poderá exercer-lo seu dereito a denuncia-lo convenio. De non mediar tal denuncia coa anticipación sinalada, o convenio quedará tacitamente prorrogado por períodos sucesivos dun ano de duración cada un.

Artigo 4º.-Condicións máis beneficiosas.

Tódalas condicións económicas establecidas neste convenio teñen o carácter de mínimas e retroactivas ó 1 de xaneiro de 2000, respectándose as condicións máis beneficiosas en cómputo anual que na actualidade estean como dereitos adquiridos ad personam.

Artigo 5º.-Absorción e compensación.

As condicións sociais e económicas que se pactan neste convenio substitúen na súa integridade as existentes no momento da súa entrada en vigor, quedando aquelas absorbidas e compensadas calquera que fose a súa orixe e natureza.

Artigo 6º.-Comisión paritaria.

Créase, para os efectos legais e convencionais que se establezan, unha comisión paritaria do convenio coas funcións primordiais de interpretación, arbitraje e conciliación do contido e aplicación deste convenio.

O funcionamento da comisión paritaria determinarase polo presente convenio, polas disposicións regulamentarias que a desenvolvan e polas disposicións legais de aplicación xeral.

A comisión paritaria, que estará integrada por dous membros de cada unha das representacións, social e empresarial, constituirase dentro do prazo de quince días a partir da sinatura do convenio, debendo,

a partir dese momento, elabora-lo seu regulamento interno de funcionamento.

Para efectos de evita-la excesiva xudicialización das diverxencias, de conformidade coa finalidade principal pola que se crea a comisión paritaria, establécese a obrigatoriedade da conciliación previa nos conflitos que poidan derivarse da interpretación e da aplicación do presente convenio. Esta conciliación previa deberá intentarse no prazo máximo de sete días contados desde o momento en que un dos integrantes da comisión así llo solicite formalmente por escrito á outra parte. Transcorrido o prazo sinalado con anterioridade sen que tivese lugar o acto de conciliación, a parte promotora poderá, libremente, iniciar os trámites de solución do conflito colectivo ante o órgano administrativo ou xurisdiccional que corresponda.

Capítulo II Condicións laborais

Artigo 7º.-Xornada e horario.

Acórdase que para o ano 2000 a xornada laboral será de 1.792 horas anuais de traballo efectivo. Esta xornada adaptárase ó calendario laboral que de común acordo se estableza, anualmente, entre a empresa e os traballadores. O calendario laboral da empresa xúntase a este convenio como anexo I.

A elaboración do calendario laboral deberá ter en conta a organización do traballo de conformidade coas necesidades da empresa.

Para o ano 2001 e sucesivos, acórdase que a xornada laboral sexa, como mínimo, de 1.784 horas anuais, para o cal se axustarán, se é necesario, os días vacacionais. En todo caso os días 24 e 31 de decembro serán non laborables.

Artigo 8º.-Festivos.

O persoal afecto ó presente convenio terá dereito a desfrutar das festas nacionais e locais do Porriño que se determinen no calendario oficial de festas aprobado polo Departamento de Traballo da Xunta de Galicia.

Artigo 9º.-Vacacións.

Os traballadores comprendidos no ámbito de aplicación do presente convenio desfrutarán de 22 días laborables de vacacións retribuídas ó ano, como mínimo, ou, de se-lo caso, a parte proporcional ó tempo efectivamente traballado como empregado de Hasenosa. Desta vacación, como mínimo, quince días naturais deberán desfrutarse de forma ininterrompida entre os meses de xullo e setembro.

As vacacións anuais, que deberán quedar fixadas no calendario laboral anual, poderán modificarse individualmente de mutuo acordo coa dirección da empresa cunha antelación mínima de dous meses.

En todo caso, enténdese que o período vacacional se fixará de acordo cos representantes dos traballadores.

A baixa ocorrida unha vez iniciado o período vacacional non interromperá o desfrute destas, non xerándose un novo dereito a tomar outro período de descanso polo tempo que puidese restar.

Os traballadores que, tendo as súas vacacións asignadas, acorden coa empresa cambia-la data do seu desfrute por necesidades de produción, terán dereito a unha compensación económica, de carácter único, de 10.000 ptas.

A compensación económica non terá lugar cando o cambio de vacacións sexa de carácter xeral e afecte a tódolos traballadores.

Artigo 10º.-Horas extraordinarias.

As horas extraordinarias remuneraranse de acordo co valor da hora ordinaria. Cando por motivos xustificables deban realizarse horas extraordinarias, estas, logo de acordo cos representantes dos traballadores, poderán, ou ben pagarse, ou ben computarse dentro da xornada anual de traballo e compensarse dentro dos tres meses seguintes á súa realización con horas equivalentes de descanso retribuído.

As horas extraordinarias realizadas de noite, ou en días non laborables remuneraranse incrementando o valor da hora ordinaria nun 75%. En calquera caso, as horas extraordinarias feitas por motivos de avarías remuneraranse en tódalas circunstancias ó valor da hora ordinaria. Na sección de mantemento tódalas horas extraordinarias realizadas de noite ou en días non laborables incluídas as realizadas por motivos de avaría remuneraranse incrementando a hora ordinaria nun 25%.

Artigo 11º.-Quenda de noite.

Considérase quenda de noite a realizada entre as dez da noite e as seis da mañá. As horas nocturnas remuneraranse de acordo co valor da hora ordinaria.

Artigo 12º.-Permisos.

O traballador, avisando coa debida antelación e xustificándoo adecuadamente, poderá faltar ou ausentarse do traballo con dereito a remuneración, a excepción dos conceptos extrasalariais que se establezan neste convenio, por algún dos motivos e polo tempo máximo que a seguir se expresa:

1. Matrimonio do traballador, 15 días naturais.

2. Enfermidade grave de familiares de primeiro grao ou hospitalización con intervención cirúrxica, 3 días se é dentro da provincia e 5 se sucedese fóra dela. Esta licenza poderá continuarse sen dereito a remuneración e logo de certificado médico, por un prazo non superior a dez días.

3. Nacemento dun fillo, 3 días naturais.
4. Morte dun cónxuxe, ascendentes ou descendentes, 3 días naturais.
5. Morte de familiares políticos do mesmo grao, tendo como límite os supostos de avós e netos, 2 días naturais se o falecemento se produce dentro da provincia; se se produce fóra, 3 días naturais.
6. Cambio de domicilio, 2 días naturais.
7. Matrimonio de fillo, sempre que se celebre en día laborable, 2 días naturais.
8. As traballadoras por lactación dun fillo menor de nove meses terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A muller poderá substituír este dereito por unha redución da xornada laboral nunha hora coa mesma finalidade, que deberá producirse, ben ó comezo ou ben ó final da xornada laboral.
9. Cando haxa que acudir a probas de recoñecemento médico en centros sanitarios, o tempo necesario logo de xustificación médica. Para consultas médicas, 4 horas para todo o persoal, sempre e cando se reintegren ó posto de traballo o resto da xornada.
10. Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inexcusable de carácter público e persoal. Cando conste nunha norma legal, sindical ou convencional un período determinado, aplicarase o que dispoña a norma en canto á duración da ausencia e á súa compensación económica.

O tempo concedido en concepto de licencia non poderá ser descontado do período de vacacións que corresponda ó traballador.

Para efectos das correspondentes licencias, recoñeceranse as parellas de feito.

Artigo 13º.-Maternidade e lactación.

No suposto de parto, a suspensión con reserva do posto de traballo terá unha duración de dezaseis semanas, que se distribuirán de forma ininterrompida, ampliables no suposto de parto múltiple en dúas semanas máis por cada fillo a partir do segundo. O período de suspensión distribuirase a opción da interesada sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ó parto e obrigatorias para a nai.

No suposto de adopción ou acollemento de fillos menores de ata seis anos, ou maiores discapacitados ou minusválidos, a suspensión terá idéntica duración.

Os traballadores terán dereito a un período de excedencia, non superior a tres anos para o coidado de cada fillo, tanto sexa este natural como adoptivo. Este período de excedencia empezará a contar desde a data de nacemento ou adopción. O nacemento de novos fillos dará lugar a un novo período de exce-

dencia que, en todo caso, porá fin ó que se viñese disfrutando. Se o pai e a nai traballan, só un deles poderá exercer tal dereito.

A petición de excedencia, que deberá solicitarse sempre por escrito cunha antelación mínima de trinta días á da data do inicio, especificará a duración desta.

Artigo 14º.-Excedencias.

Todo o persoal terá dereito á situación de excedencia de acordo coas normas establecidas polo texto refundido do Estatuto dos traballadores.

Artigo 15º.-Prevención de riscos.

Para efectos de atende-la prevención de riscos laborais no ámbito deste convenio, e respectando as disposicións mínimas legais ó respecto, a empresa deberá poñer á disposición dos traballadores os medios formativos, técnicos e materiais necesarios para a correcta aplicación e cumprimento das medidas de seguridade e hixiene.

Pola súa banda, o traballador deberá cumprir-las disposicións que nesta materia dispoña a propia dirección. A falta de colaboración na observancia e cumprimento das medidas de seguridade e hixiene establecidas poderá ser sancionada como falta grave; a súa reiteración como falta moi grave.

Artigo 16º.-Roupa de traballo.

A empresa facilitará, coa temporalidade e na contía que se determine cos representantes dos traballadores, os uniformes e complementos que sexan necesarios para cada posto de traballo.

Os traballadores teñen a obriga de coidar coa dilixencia debida os uniformes e complementos postos á súa disposición. Así mesmo, dentro do centro de traballo, estarán obrigados a vesti-lo uniforme completo; fóra del estará prohibido o seu uso.

Os uniformes que se poñan á disposición dos traballadores reporanse de acordo co desgaste ou deterioración que sufrisen e coa entrega do uniforme deteriorado ou desgastado. En caso de perda do uniforme por parte da persoa encargada da roupa e logo da presentación do comprobante correspondente, se o houber, por parte do traballador, a empresa restituirallo inmediatamente. No suposto que a perda sexa debida ó propio traballador, este deberalle restituí-lo seu prezo á empresa.

Artigo 17º.-Movibilidade funcional.

Sendo unha das bases do presente convenio a competitividade e a polivalencia de funcións, establécese que os traballadores rexidos por el poderán desempeña-las funcións correspondentes a calquera dos postos de traballo que se enmarcan dentro do seu grupo profesional. Así mesmo, en caso de necesidade, poderáselles cambiar de sección e facer tra-

ballos similares e/ou diferentes. Os límites á mobilidade funcional estarán determinados polos requisitos de idoneidade e aptitude necesarios para o desempeño das tarefas que se encomenden e polo establecido no artigo 39 do texto refundido do Estatuto dos traballadores.

Sempre que un traballador desempeñe funcións superiores ó seu nivel recoñecido, poderá reclama-la diferenza salarial que houbera segundo convenio.

Capítulo III Clasificación persoal

É vontade das partes asinantes deste convenio simplificar a prodigalidade de categorías profesionais existentes na actualidade. Con tal fin, tanto a representación social como a empresarial, toman o acordo de reestructura-la actual clasificación do persoal, procedendo a reducir considerablemente o número e a definición das distintas categorías profesionais existentes na empresa, todo isto co espírito de facer máis acorde a estrutura profesional e humana coa finalidade do presente convenio e coas necesidades funcionais da empresa.

Artigo 18º.-Clasificación profesional.

O persoal incluído neste convenio, en atención ás funcións que desenvolveu e de conformidade coas definicións que se especificarán nos artigos seguintes, será clasificado en niveis profesionais.

O novo modelo de clasificación ten por obxecto a consecución dunha máis razoable estrutura profesional acorde ás necesidades da empresa e a unha maior adecuación do cadro de persoal, todo isto sen mingua da dignidade, oportunidade e xusta retribución que corresponda a cada traballador.

Artigo 19º.-Divisións funcionais ou orgánicas.

As diferentes definicións de niveis profesionais que agrupan as tarefas e funcións que se realizan en Hasenosa, sono con relación ás divisións funcionais ou orgánicas nas que esta se descompón

Estas divisións funcionais ou orgánicas son as seguintes:

- a) Administración.
- b) Compras.
- c) Comercial.
- d) Comercio exterior.
- e) Factoría.
- f) Mantemento.
- g) Laboratorio.

Artigo 20º.-Definicións.

Establécense catro niveis profesionais básicos, dentro dos cales, en virtude de varios baremos, tales

como o grao de coñecemento, formación e experiencia, iniciativa/autonomía, complexidade, responsabilidade e mando de cada traballador, se determinará a posición e encadre de cada un deles dentro do nivel profesional correspondente.

Neste artigo defínense e desenvólvense os niveis correspondentes a factoría e laboratorio.

A) Factoría e outros.

Nivel I.

Inclúense neste nivel aqueles postos que requiren un alto grao de autonomía, coñecementos profesionais, responsabilidades e mando que se exerce sobre un ou varios dos niveis profesionais da empresa, dependendo directamente da dirección da empresa. Neste nivel profesional encóntrase o xefe de área.

As súas funcións primordiais son todas aquelas que versan sobre a toma de decisións na planificación do grupo funcional ó que está adscrito, a autorización de compras, movementos, etc. Actualizando mensualmente o correspondente inventario. Trátase do traballador designado para face-lo seguimento e control dos diversos aspectos que establece a Lei de prevención de riscos laborais, e demais normas de aplicación, con relación á empresa. Así mesmo, é quen controla e propón as vacacións, excedencias e permisos dos traballadores sobre os que ten responsabilidade e mando. É responsable das subcontratas da empresa e dos servizos de limpeza, hixiene, etc.

Nivel II.

Traballadores cun amplo nivel de formación, responsabilidade, autonomía e mando que dependen directamente do xefe de área e da dirección da empresa. Neste nivel profesional distínguense dúas clasificacións distintas: xefe de sección e especialista de sección. A dependencia orgánica do segundo con relación ó primeiro determínase sobre a base dos criterios de coñecemento, formación e experiencia, iniciativa/autonomía, complexidade e responsabilidade sinaladas con anterioridade.

Na medida correspondente a cada unha das clasificacións, as actividades fundamentais que se van desenvolver son as de execución da planificación diaria; a responsabilidade de arrinque, control, limpeza e orde da sección que teña asignada. Encárgase de dar instrucións ó resto dos traballadores dos niveis inferiores así como ós responsables de mantemento con relación á súa propia sección. Son tamén responsables de velar polo cumprimento das normas básicas de prevención de riscos laborais. Así mesmo son, entre outras cousas, os encargados de designalos responsables do movemento de mercadorías na súa sección, do aprovisionamento das distintas

materias primas necesarias e a entrega de mostras no laboratorio.

Nivel III.

Compoñen este nivel aqueles traballadores coas funcións que consisten na execución de operacións que, aínda que se realicen baixo instrucións precisas dos niveis anteriores, requiren adecuados coñecementos profesionais e aptitudes prácticas, e a execución autónoma dos cales esixe, habitualmente, iniciativa e razoamento por parte de quen os realiza, comportando a responsabilidade destas.

Este nivel inclúe todas aquelas actividades que realice o xefe de liña, o oficial de primeira e o oficial de segunda. O grao de responsabilidade, autonomía e independencia son os que determinan o encadramento dos traballadores nunha ou outra función.

As actividades primordiais do persoal englobado no presente nivel son quedar a cargo dun proceso de fabricación; que se fagan respecta-las medidas de seguridade e saúde; manter limpa e ordenada a zona que estea ó seu cargo; facer controis sobre o produto ó final do proceso; vixia-lo comportamento dos parámetros do proceso que estea baixo a súa supervisión; realizar tarefas complementarias ó traballo doutros traballadores da súa sección tales como enchido de sacos, mesturado de ingredientes, mover palets, etc., segundo proceda e se necesite en cada caso. Así mesmo, estarán responsabilizados de avisa-lo especialista de sección ou, se é o caso o xefe de sección correspondente en caso de avaría; indicarlles ós traballadores que estruturalmente estean baixo a súa responsabilidade das tarefas concretas que deben realizar. Todas estas funcións deberán realizalas e procesalas segundo as indicacións que reciban directamente dos traballadores encadrados nos niveis profesionais precedentes.

Nivel IV.

Encádranse neste nivel todos aqueles traballadores cunhas funcións que consisten en operacións realizadas seguindo un método de traballo preciso e concreto, cun alto grao de supervisión e dependencia, que normalmente esixen coñecementos profesionais de carácter elemental e requiren preferentemente esforzo físico ou atención.

Dentro deste nivel profesional atópase, en función do grao de dependencia, autonomía, coñecementos, formación e experiencia, o oficial de terceira, auxiliar de primeira, auxiliar de segunda, o operario/peón e, por último, o persoal en prácticas e o bolseiro. A dependencia de todos eles é directa con relación ó responsable de liña que teñan e, en ausencia deste, do xefe de sección correspondente.

As actividades fundamentais que debe realiza-lo continxente mencionado son as de pesar, mesturar, medir, anotar, etc., nos rexistros do proceso que

teñan asignado. Sacar mostras do produto; etiquetar; manter limpo e ordenado o posto de traballo; cumprir-las disposicións e normas de seguridade e saúde; comprobar que a maquinaria do posto de traballo está en correcto estado e realiza-las operacións básicas de mantemento e limpeza diaria desta; envasar, paletizar, coloca-los sacos, etc., das materias primas e do produto final que corresponda ó seu posto de traballo. A utilización da carreta só poderá levarse a efecto cando exista indicación ou autorización expresa dun superior.

B) Departamento técnico.

Nivel I.

Depende directamente da dirección técnica da empresa, e dado o carácter altamente técnico do seu traballo, é requisito imprescindible ser licenciado superior. Ten como tarefas principais a de asistir ás reunións diarias do departamento técnico e, cando teña autorización para iso, a atención técnica de clientes. Dedicarase así mesmo á execución de xestión de calidade ou de I+D; asistencia técnica ó persoal ante problemas de proceso; homologar provedores e produtos; arquivo dos rexistros do traballo e actualización da documentación técnica; facer cumprir-las disposicións de seguridade e saúde laboral. En canto a materia de calidade, só se ocupará do tratamento dos produtos non conformes no seo da empresa.

Nivel II.

Con dependencia directa do nivel anterior, posuindo autonomía e responsabilidade propia, engloba este nivel aqueles traballadores que estean encargados de pór en práctica as investigacións e os desenvolvementos obtidos no laboratorio ou en I+D. Así mesmo, posúen a capacidade de desenvolver novos produtos tendo en conta para iso a nova lexislación en vigor. Realiza-la calibración dos equipos de traballo do laboratorio, así como o seu mantemento. Propor e investiga-la aplicación de novas tecnoloxías.

Nivel III.

Con dependencia da dirección técnica en canto a probas e desenvolvemento de produtos, e no resto de materias dos niveis precedentes, engloba este nivel todos aqueles traballadores que, en consonancia coas responsabilidades que se estableceron anteriormente para o mesmo nivel III, realicen funcións tales como o desenvolvemento de produtos segundo as indicacións que se lles marquen; axuda técnica ó persoal dos distintos grupos funcionais baixo supervisión dun superior; revisión das fichas técnicas dos produtos e do estado dos produtos envasados que se encontren no almacén. Teñen capacidade para reter produtos que non cumpran os requisitos de calidade esixibles. Así mesmo, realizarán probas de fabricación de novos produtos,

utilizando para iso os equipos que se encontran no laboratorio. Tamén se lles poderá encomenda-la toma e realización de analíticas sobre as distintas mostras do produto. Terán en todo caso obriga de velar e cumprir coas disposicións e normas de seguridade e saúde, así como manter limpos e coidados os equipos, instrumental e instalacións do laboratorio.

Nivel IV.

Con idénticas divisións que as existentes no nivel IV anteriormente descrito, e con dependencia directa dos responsables do laboratorio e I+D, os traballadores encadrados no presente nivel dedicaranse primordialmente a realiza-los controis de calidade das mostras que eles mesmos recollan en factoría; auxilia-los oficiais de laboratorio naquilo que precisen; homologar mostras conforme os procedementos e directrices aprobadas pola empresa; rexistro dos datos da analítica; manter actualizado o almacenamento de mostras de fabricación; revisa-lo estado dos palés e das materias primas almacenadas; desenvolver tratamento de productos segundo indicacións dos responsables do laboratorio e I+D; atende-la solicitude de probas.

Xúntase como anexo II a táboa de conversión ou equivalencia.

Capítulo IV Condicións salariais

Artigo 21º.-Estructura salarial.

Debido á reestructuración empresarial que se considerou no capítulo anterior, modifícase a estrutura salarial da empresa, establecendo unha reorganización dela máis acorde coa nova organización funcional. Así, as retribucións do persoal comprendido no presente convenio estarán constituídas polo salario convenio e os seus complementos.

Artigo 22º.-Salario convenio.

Cada un dos traballadores incluídos no ámbito do convenio percibirá o salario convenio que se determina no anexo III (táboa salarial), en función do nivel profesional e actividade que dentro del desenvolva. Este salario convenio, que se refire ó período dun ano e se distribuirá en dezaseis pagas, constitúe o salario mínimo garantido.

Artigo 23º.-Complementos ad personam.

Con motivo da reestructuración mencionada, as percepcións salariais, calquera que sexa a denominación delas que, percibidas na actualidade polos traballadores, puidesen exceder das contías que se establecen como salario mínimo garantido de cada grupo profesional no salario de convenio, terán a consideración de complementos ad personam. Estes complementos ó igual que o salario convenio refírense ó período dun ano e distribuiranse en dezaseis

pagas e en ningún caso, como queda dito, operará a compensación ou absorción destes

Artigo 24º.-Antigüidade.

O concepto de antigüidade establécese por quinquenios de contía do 7% do salario mínimo vixente en cada momento. Cada quinquenio farase efectivo a partir do primeiro de xaneiro do ano que se devengue.

Artigo 25º.-Percepcións extrasalariais.

Son cantidades que, malia seren percibidas polo traballador, non teñen o carácter de salario por expresa exclusión legal. Especialmente regulado queda o denominado complemento de transporte, que será percibido mensualmente por cada traballador en contía de 6.000 pesetas. Este importe incrementase en 9.500 pesetas máis para aqueles traballadores que residan a máis de 12 quilómetros de distancia do centro de traballo.

Para os efectos do establecido na última parte do parágrafo precedente, será obrigatoria a notificación á empresa do cambio de domicilio así como a debida presentación do certificado de empadramento correspondente. O complemento de transporte incrementado en 9.500 pesetas mensuais unicamente será efectivo a partir do mes seguinte a cando se comunicara na forma descrita o cambio de domicilio descrito.

Artigo 26º.-Pagas extraordinarias.

Todo o persoal afectado polo presente convenio terá dereito a catro pagas extraordinarias, que se aboarán respectivamente os meses de marzo, xuño, setembro e decembro.

O importe de cada unha das pagas extraordinarias deducirase da táboa salarial no anexo III, dividindo as cantidades alí reflectidas, salario de convenio máis complementos ad personam, máis antigüidade, por dezaseis.

Todo traballador con contrato indefinido e unha antigüidade mínima na empresa dun ano poderá solicita-lo anticipo das pagas extras correspondentes, a tres anos, sempre que tal solicitude o sexa por causa xustificada, entendéndose como tal, por exemplo, a adquisición ou reforma de vivenda, compra de vehículo, enfermidade grave, etc... A empresa comprométese a atender estas solicitudes sempre que a súa situación financeira o permita. Establécese un máximo de cinco solicitudes anuais.

Artigo 27º.-Aumento salarial.

Con carácter retroactivo ó un de xaneiro de 2000, a táboa salarial vixente, anexo III, incrementase en 6.500 ptas. lineais no salario de convenio.

Para o ano 2001, o incremento salarial será o correspondente ó IPC previsto para ese ano máis o diferencial positivo con respecto ó IPC real.

Este incremento traducirase a termos lineais e será o mesmo para tódolos traballadores.

Capítulo V Beneficios sociais

Artigo 28º.-Bolsa de estudos.

A empresa subvencionará a tódolos traballadores con contrato fixo-indefinido ou eventual de máis dun ano, cunha cantidade fixa de 25.000 pesetas anuais por cada fillo non emancipado economicamente, que acredite estar matriculado en calquera centro de ensino, oficial ou privado debidamente recoñecido. Esta cantidade seralle aboada ó traballador o 31 de agosto de cada ano.

No caso de que ámbolos cónxuxes traballen en Hasenosa, a bolsa de estudos aboarase exclusivamente na nómina dun deles, de común acordo entre empresa e matrimonio.

Artigo 29º.-Xubilación.

A xubilación é obrigatoria ós 65 anos de idade. Suprímese a paga por xubilación, con antigüidade de máis de 20 anos, por funcionar xa, con plena vixencia e carácter xeral o plan de pensións.

Artigo 30º.-Plan de pensións.

Seguindo o acordo alcanzado en anos anteriores, incrementados na debida forma, segundo o 3% que quedou establecido no seu momento, as contribucións seguirán realizándose na proporción do 60% pola empresa e 40% polo traballador.

Artigo 31º.-Complemento por accidentes de traballo.

A empresa, nos supostos de accidente de traballo, operación ou hospitalización completará ata o 100% do salario real do mes anterior, excluindo as percepcións extrasalariais que se recollen neste convenio.

Nos supostos de enfermidade, incluírase así mesmo o 100% do salario do mes anterior, excluídas, igualmente, as percepcións extrasalariais.

Artigo 32º.-Seguro de accidentes con cobertura 24 horas día.

Con independencia das indemnizacións obrigatorias da Seguridade Social, mediante a concertación dunha póliza de cobertura cunha entidade aseguradora, a empresa garantiralles ós seus traballadores ou, de se-lo caso, ós seus herdeiros e nos supostos que se especifican, as seguintes indemnizacións:

a) Por morte do traballador: os herdeiros do traballador ou, no seu defecto, a persoa que este designase, percibirá a cantidade de 15.000.000 de ptas.

b) Por incapacidade permanente total e incapacidade permanente absoluta: o traballador percibirá a cantidade de 15.000.000 de ptas.

c) Por gran invalidez percibirá a cantidade de 15.000.000 de ptas.

Entenderase por incapacidade permanente total a incapacidade que inhabilite o traballador de modo permanente para realizar tódalas tarefas fundamentais da profesión que exercía o interesado ou do grupo profesional en que aquela se encadraba.

Entenderase por incapacidade absoluta aquela que inhabilite o traballador para toda profesión ou oficio.

Entenderase por gran invalidez a situación do traballador inválido que precisa da asistencia de terceira persoa para realiza-los actos máis elementais da vida diaria como vestirse, desprazarse, comer, lavarse e análogos.

Este seguro cubrirá tanto os traballadores fixos como os eventuais, sempre que esta última modalidade contractual teña unha duración mínima dun ano. As condicións particulares quedan establecidas na póliza de seguros da que unha copia oficial lles será entregada ós representantes dos traballadores.

Artigo 33º.-Carga e descarga.

A carga, descarga e estiba dos trigos, fariñas, sémo-las e subproductos, sempre que os vultos superen os 50 kg netos de peso unitario será realizada por dous homes.

Na descarga de camións, cando a distancia entre estes e o almacén da panadería supere os 20 m, porase á disposición dos traballadores unha carreta ou vehículo similar para facilita-la dita operación.

Artigo 34º.-Axudas de custo.

Cando por necesidades da actividade da empresa se considere precisa a continuidade da xornada habitual de traballo por un tempo de tres ou máis horas ó día, a empresa facilitará unha axuda de custo de comida de 2.000 Ptas. por día e traballador.

Artigo 35º.-Postos especiais.

No caso de que non sexa posible recolocar en postos adecuados ó seu nivel profesional traballadores que estean en situación de incapacidade permanente total para a súa profesión habitual, a empresa comprométese a satisfacer mensualmente unha cantidade igual á que resulte de calcula-la diferenza entre a pensión que perciba pola dita incapacidade e o cento por cento da súa base reguladora.

Esta percepción mensual, que terá unha duración máxima de cinco anos e non poderá exceder de 50.000 ptas. mes, extinguirase no momento en que o traballador, declarado incapaz permanente total, encontre un novo traballo, tanto por conta propia como allea, ou sexa novamente declarado hábil para desenvolve-las funcións propias da súa profesión habitual.

En todo caso, será requisito imprescindible para poder cobra-la citada cantidade, que o traballador acredite unha antigüidade na empresa superior ós dez anos.

Capítulo VI Contratación

Artigo 36º.-Contratación.

Serán admisibles tódalas formas de contratación previstas no Estatuto dos traballadores. A admisión do persoal efectuarase de conformidade coas disposicións vixentes e co cumprimento previo das normas obrigatorias.

Artigo 37º.-Contratos de obra ou servicio.

De conformidade co establecido no artigo 15.1º a) do texto refundido do Estatuto dos traballadores, acórdase crear un contrato de obra ou servicio determinado.

Estes contratos poderán cubrir todas aquelas funcións ou traballos suficientemente diferenciados polo volume adicional que representan que, limitados no tempo e cunha duración que poida preverse, estean directa ou colateralmente relacionados coa actividade da empresa.

Artigo 38º.-Contrato eventual.

Aplicarase o establecido no artigo 15.1º b) do Estatuto dos traballadores. A duración máxima destes contratos será de trece meses e medio dentro dun período de dezoito meses. No suposto que se concerta un prazo inferior, poderá prorrogarse ata o dito máximo convencional.

Capítulo VII Dereitos sindicais

Artigo 39º.-Garantías dos representantes dos traballadores.

A empresa respectará as garantías dos representantes dos traballadores, de acordo, en todo momento, coas normas de aplicación contidas no texto refundido do Estatuto dos traballadores e demais normas de aplicación.

Nos casos de despedimento por causas tecnolóxicas, organizativas ou de produción, o representante sindical terá prioridade de permanencia na empresa sen afectalo ningunha destas causas. Esta garantía prolongarase durante os dous anos seguintes ó cesamento no cargo.

Capítulo VIII Réxime disciplinario

Artigo 40º.-Faltas.

Considérase falta todo acto ou omisión do traballador que represente unha infracción ás obrigas, deberes e funcións que teñan encomendados. As fal-

tas en función da súa importancia, trascendencia ou interese clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 41º.-Faltas leves.

Consideraranse faltas leves:

a) Dunha a tres faltas inxustificadas de puntualidade na asistencia ó traballo, cometidas durante o período dun mes.

b) A desconsideración ou desatención cos compañeiros cos que o traballador se relacione durante o seu traballo.

c) Pequenas negligencias no coidado do material.

d) Falta de aseo ou limpeza persoal.

e) Non notificar con carácter previo ou, de se-lo caso, dentro das vinte e catro horas seguintes á falta, a razón da ausencia ó traballo, a non ser que se probe a imposibilidade de facelo.

f) Non lle comunicar á empresa os cambios de residencia ou domicilio dentro do prazo de cinco días.

g) Abandona-lo servicio sen permiso da empresa ou sen causa xustificada, mesmo cando sexa por breve tempo. Deberá acreditarse a necesidade da ausencia no prazo máximo de 48 horas. No suposto de que a ausencia inxustificada lle provocase prexuízo dalgunha consideración á empresa ou fose causa de accidente laboral ou constituíse quebranto da disciplina, esta poderá considerarse grave ou moi grave.

h) Desobediencia ós superiores.

i) As discusións dentro das dependencias da empresa. Se estas producen escándalo, poderán ser consideradas faltas graves ou moi graves.

Artigo 42º.-Faltas graves.

Cualificaranse como faltas graves as seguintes:

a) A reiteración ou reincidencia na comisión de faltas leves.

b) Máis de tres faltas non xustificadas de puntualidade na asistencia ó traballo, cometidas no período de trinta días.

c) Faltar dun a tres días ó traballo sen causa que o xustifique.

d) A simulación de enfermidade ou accidente.

e) A embriaguez ou toxicomanía durante o traballo. No suposto que esta sexa habitual ou que ocasione perigo para as persoas ou instalacións considerárase falta moi grave.

f) As faltas de discreción, negligencia ou ética profesional, sempre que non leven consigo reclamación por parte dos terceiros afectados ou supoñan

un prexuízo irreparable; nestes casos consideraranse como faltas moi graves.

g) Non comunicar coa debida prontitude os cambios experimentados na familia que poidan afectar á Seguridade Social ou ó IRPF. A ocultación maliciosa destes datos dará lugar a unha falta moi grave.

h) A inobservancia ou imprudencia no traballo con respecto á normativa de seguridade e saúde cando a esta non lle ocasione accidentes nin prexuízos ó traballador ou traballadores así como ó material de traballo. Considérase imprudencia o non uso das pezas de roupa e aparellos de seguridade de carácter obrigatorio.

i) Realizar, sen o oportuno permiso, traballos particulares durante a xornada, así como o emprego para usos propios de utensilios pertencentes á empresa.

j) A falta continuada e habitual no aseo persoal de forma que produza queixa xustificada dos seus compañeiros de traballo.

Artigo 43º.-Faltas moi graves.

Consideraranse faltas moi graves as que a seguir se relacionan:

a) Máis de dez faltas non xustificadas de puntualidade na asistencia ó traballo nun período de seis meses; vinte nun ano.

b) A fraude, deslealdade ou abuso de confianza nas xestións encomendadas e o furto ou roubo, tanto ós seus compañeiros de traballo como á empresa ou calquera outra persoa.

c) Os delitos de roubo, estafa, furto ou malversación cometidos fóra da empresa ou calquera outra clase de delicto común que poida implicar para a entidade desconfianza cara ó seu autor.

d) Viola-lo segredo de correspondencia ou dos documentos reservados da empresa.

e) Causar accidentes graves por imprudencia ou negligencia.

f) Abandona-lo traballo en postos de responsabilidade.

g) A diminución voluntaria e continuada do rendemento normal do traballo

h) A reincidencia na comisión de faltas graves, aínda que estas fosen de distinta natureza, se se cometesen dentro do prazo de seis meses.

i) O abuso de autoridade por parte dos superiores será considerado sempre falta moi grave. O que o sufra deberá poñelo en coñecemento da dirección inmediatamente.

j) O acoso sexual, entendéndose por tal calquera acción ou omisión por parte de calquera persoa que atente contra a dignidade doutro ou outros traballadores ou traballadoras en razón do seu sexo, englobando as ofensas verbais ou físicas de natureza sexual.

k) A inobservancia ou imprudencia no traballo con respecto á normativa de seguridade e saúde cando esta lle ocasione accidentes ou prexuízos ó traballador ou traballadores así como ó material de traballo.

Artigo 44º.-Réxime de sancións.

Correspóndelle á empresa a facultade de impor sancións de conformidade co establecido neste convenio.

A sanción das faltas, sexa cal fose a súa intensidade, requirirá comunicación escrita e motivada ó traballador. Da imposición de cada sanción deberán ser informados os delegados do persoal, ós que se lles dará oportuno traslado do escrito de sanción.

No que respecta á imposición de sancións ós representantes dos traballadores, aplicarase o que dispón o Estatuto dos traballadores no seu artigo 68.

Artigo 45º.-Sancións máximas.

As sancións máximas que poderán imporse en cada caso, atendendo á gravidade da falta cometida, serán as seguintes:

a) Por faltas leves: amoestación verbal, amoestación por escrito, suspensión de emprego e soldo de ata dous días.

b) Por faltas graves: suspensión de emprego e soldo por tempo non superior a vinte días.

c) Por faltas moi graves: desde a suspensión de emprego e soldo de vinteún a sesenta días, ata a rescisión do contrato de traballo nos supostos que a falta fose cualificada no seu grao máximo.

Artigo 46º.-Prescrición.

As faltas leves prescribirán ós dez días, as graves ós vinte días e as moi graves ós sesenta días, todas elas a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión. En todo caso, prescribirán ós seis de se cometeren.

Cláusula adicional.

Este convenio está suscrito pola comisión negociadora, formada:

a) Por parte da empresa: Roberto Pérez Suárez, presidente do Consello de Administración e Antonio Valcarce Ávila, director xerente.

b) Pola representación social: Jesús Matilde Valladares, Manuel Valladares Rodríguez e Juan Alberto López Rodríguez.

Pola parte social

Pola empresa

ANEXO II

Táboa de conversión ou equivalencias

	Administración	Compras	Comercial	Com. exterior	Factoría	Mantemento	Laboratorio
Nivel I							
Xefe de área	Marta Díaz	A. Maquieira			M. Valladares		Ricardo Muñoz P. Planelles
Nivel II							
Xefe de sección			F. Jambrina	D. Wauthier	J. A. Vázquez J. C. Matilde	Adelino Estévez	
Especialista sección						M. Domínguez	
Nivel III							
Xefe de liña							
Oficial de primeira					Domingo-César Tito-Paulino		
Oficial de segunda	J. C. Valladares C. Fernández M ^a Jesús						
Nivel IV							
Oficial de terceira	A. Canosa				Baltasar		Jesús Matilde
Auxiliar/axudante primeira	C. M. Barreiro						
Auxiliar/axudante segunda							M. Rodríguez
Operario					J. Alberto		
Peón					Virgilio-Carlos Ventura-Corujeira Francisco-David Adolf-Antonio		
Prácticas/bolseiro							F. M ^a Alonso Muriel

ANEXO III

Táboa salarial convenio ano 2000

Categorías	Total ano 2000	Soldo base mes 2000	Compl. Trans. mes		Total mes
			Dist.	Dist.>12 km	
		◆ 6.500	6.000	9.500	
Nivel I					
Xefe de área	3.790.000	225.250	6.000	9.500	240.750
Nivel II					
Xefe de liña	3.310.000	195.250	6.000	9.500	210.750
Especialista de sección	3.150.000	185.250	6.000	9.500	200.750
Nivel III					
Xefe de liña	2.910.000	170.250	6.000	9.500	185.750
Oficial de 1ª	2.750.000	160.250	6.000	9.500	175.750
Oficial de 2ª	2.670.000	155.250	6.000	9.500	170.750
Nivel IV					
Oficial de 3ª	2.510.000	145.250	6.000	9.500	160.750
Auxiliar/axudante de 1ª	2.110.000	120.250	6.000	9.500	135.750
Auxiliar/axudante de 2ª	1.950.000	110.250	6.000	9.500	125.750
Operario	2.110.000	120.250	6.000	9.500	135.750
Peón	1.950.000	110.250	6.000	9.500	125.750
Prácticas/bolseiro	1.710.000	95.250	6.000	9.500	110.750

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 11 de maio de 2000 pola que se establecen os premios Medio Ambiente de Galicia 2000.

A Consellería de Medio Ambiente é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuídas as competencias e funcións que en materia de ambiente e conservación da natureza se establecen nos artigos 27.10º, 11º, 15º e 30º e 29.4º do Estatuto de autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación. Ademais e de conformidade co disposto no Decreto 482/1997, do

26 de decembro, no artigo 7, punto 2º1, realizará as funcións relativas á formación dunha conciencia social para a defensa e mellora do contorno e a formación permanente en materia ambiental.

Os premios Medio Ambiente de Galicia teñen como finalidade potenciar unha cultura ambiental na Comunidade Autónoma, mediante o recoñecemento de persoas, colectivos, empresas e institucións que traballasen e destacasen na defensa dos valores ambientais e na conservación da biodiversidade en diferentes ámbitos da Comunidade Autónoma galega, así como promove-la difusión de tales valores pola repercusión que estes premios teñen nos medios de comunicación e sobre a opinión pública.

Para tal efecto, no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro, en relación cos artigos 27.11º e 30 do Estatuto de autonomía para Galicia e o Decreto 482/1997, do 26 de decembro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Convoca-los premios Medio Ambiente de Galicia 2000 en recoñecemento ó traballo das persoas ou entidades que desenvolvan un labor significativo no coidado e promoción do ambiente ou que a través da creación literaria transmitan valores de contido ambiental.

Artigo 2º.-Premios.

A convocatoria dos premios Medio Ambiente presenta as seguintes modalidades.

a) Premio Bandeira Verde de Galicia, nas categorías:

-Premio Bandeira Verde de Galicia á mellor acción na defensa e loita contra os incendios forestais.

-Premio Bandeira Verde de Galicia á mellor acción na conservación do bosque.

-Premio Bandeira Verde de Galicia á mellor acción na conservación da biodiversidade.

-Premio Bandeira Verde de Galicia á mellor acción de mellora da calidade ambiental.

b) Premio Medio Ambiente de Galicia, nas categorías:

-Premio Medio Ambiente de Galicia ó mellor traballo de investigación científica sobre temática ambiental.

-Premio Medio Ambiente de Galicia pola acción ou campaña escolar de temática ambiental levada a cabo por alumnos e profesores de centros de ensino dos niveis non universitarios.

-Premio Medio Ambiente de Galicia ó labor de difusión e divulgación ambiental dirixido a profesionais dos medios de comunicación.

c) Premios Medio Ambiente de Galicia, na modalidade de narrativa curta, para creacións literarias sobre temas ou valores ambientais.

Os premios están dotados cunha cantidade de 1.000.000 de ptas. (6.010,12 euros) cada un, excepto na modalidade de narrativa curta, na que se concederán os seguintes premios:

-Un primeiro premio dotado con cincocentas mil pesetas (500.000 ptas., 3.005,06 euros).

-Un segundo premio dotado con duascenas cincuenta mil pesetas (250.000 ptas., 1.502,53 euros).

-Un terceiro premio dotado con duascenas cincuenta mil pesetas (250.000 ptas., 1.502,53 euros).

Os premios concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.342A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2000. En tódolos casos están suxeitos ás retencións fiscais correspondentes.

Artigo 3º.-Participación.

1. As persoas ou entidades que desexen acceder a estes premios deberán enviar unha memoria acreditativa dos traballos realizados no transcurso do ano 2000 e os logros acadados relativos ó obxecto destes premios.

2. Os traballos serán inéditos e non terán sido premiados anteriormente.

3. Na modalidade de narrativa curta os traballos serán individuais e cada autor poderá concursar cunha soa obra. As obras deberán tratar substancialmente algúns aspectos do ambiente no sentido de expresar, exaltar ou promover os valores ambientais.

4. A Consellería de Medio Ambiente poderá solicitar información adicional á presentada e verificar calquera extremo referente á documentación achegada.

Artigo 4º.-Presentación e prazos.

a) Os participantes enviarán os traballos mediante instancia dirixida ó conselleiro de Medio Ambiente, en sobre pechado, ó Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental, Departamento de Educación e Información Ambiental. R/ Os Basquiños, 2. 15071 Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) O prazo de presentación será de 60 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

c) Se é o caso, a memoria non excederá de 20 folios por unha cara a dous espazos con letra Arial de 12 puntos e marxe de 2,5 cm en tódolos seus lados; poderá ser complementada con gráficos, debuxos, fotos ou calquera material audiovisual para as modalidades Bandeira Verde de Galicia e Medio Ambiente de Galicia.

d) Na modalidade de narrativa curta, de cada orixinal presentarase seis copias en papel tamaño DIN A4, mecanografados a dobre espazo.

*A extensión das obras non será inferior a quince (15) páxinas nin superior a trinta (30) páxinas.

*As obras presentarase baixo lema ou pseudónimo. Xuntaráse un sobre pechado no que se indicará «para o Premio Medio Ambiente de Galicia, modalidade de narrativa curta» e que conterá os seguintes datos:

-Lema ou pseudónimo.

-Título da obra.

-Nome e apelidos do autor/a.

-Domicilio e teléfono.

-Fotocopia do DNI ou pasaporte.

-Breve currículo do autor/a.

-Declaración asinada polo autor/a na que faga constar que a obra é orixinal, e a data de realización.

*A omisión ou falsidade de calquera dato suporá a exclusión do participante.

Artigo 5º.-Xurado e concesión dos premios.

1. O xurado terá a composición seguinte:

Nas modalidades de Bandeira Verde de Galicia e de Medio Ambiente de Galicia:

Presidente: o conselleiro de Medio Ambiente ou persoa en quen delegue.

Vocais: director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, o director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, o director da Escola de Enxeñeiros de Montes, ou persoas nas que deleguen respectivamente, e un representante dos colectivos ecoloxistas galegos.

Secretario: o director xeral do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental ou persoa en quen delegue.

Nas modalidades de narrativa curta:

Presidente: o director xeral do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental ou persoa en quen delegue.

Vocais: tres especialistas en literatura designados polo conselleiro de Medio Ambiente.

Secretario: con voz e sen voto, un membro do departamento de Educación e Información Ambiental.

2. O xurado tomará o acordo de concesión dos premios, que porá fin á vía administrativa, e poderá deixar deserta total ou parcialmente a convocatoria.

3. Os traballos premiados non lles serán devoltos ós seus autores. A Consellería de Medio Ambiente reserva para si o dereito a proceder á súa publicación en tódalas linguas do Estado español, coa posibilidade de lles ceder tales dereitos a terceiros. Poderá publicar estas obras sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os beneficiarios dos premios comprométese a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos.

4. Os traballos non premiados poderán ser recollidos polos seus autores no prazo que se indicará despois do fallo do xurado, no taboleiro de anuncios da Consellería de Medio Ambiente. Os que non se retiren serán destruídos.

5. A concesión dos premios terá lugar antes do 1 de decembro do ano 2000 e seralles notificada persoalmente ós adxudicatarios polos medios previstos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

6. A Consellería de Medio Ambiente cederalles durante un ano o uso da Bandeira Verde de Galicia ós premiados, para a súa utilización en tódalas actividades que realicen.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2000.

José Carlos del Álamo Jiménez
Conselleiro de Medio Ambiente

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

Orde do 11 de maio de 2000 pola que se resolve definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos do Servizo Galego de Saúde.

Convocada, pola Orde do 1 de febreiro de 2000 (DOG nº 30, do 14 de febreiro), a provisión, polo

sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta consellería, de conformidade co previsto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e en uso das facultades que lle confire o artigo 15.4º da devandita lei,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos do Servizo Galego de Saúde, anunciada pola Orde do 1 de febreiro de 2000 (DOG nº 30, do 14 de febreiro).

Segundo.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ó persoal que se relaciona no anexo a esta orde.

Terceiro.-O persoal mencionado deberá tomar posesión no prazo sinalado no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación. De non estima-la interposición deste recurso, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2000.

José M^a Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais

ANEXO

Apelidos e nome: Abalde Iglesias, M^a José.
NRP: 3604944113 A2207.

Grupo: D.

Nivel C.D.: 16.

Posto de traballo: secretaria do director.

Dependencia: Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde.

Localidade: Vigo.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 26 de abril de 2000 pola que se convoca concurso público para a provisión de diversas prazas de corpos docentes universitarios (00/017 e nove máis).

De acordo co establecido no artigo 38.2º da Lei 11/1983, do 25 de agosto e o artigo 2.4º do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro (BOE do 26 de outubro), polo que se regulan os concursos para a provisión de prazas de corpos docentes univer-

sitarios, este rectorado resolveu convocar a concurso as prazas que se relacionan no anexo I da presente resolución, de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Os ditos concursos rexeranse polo disposto na Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto (BOE do 1 de setembro); Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro (BOE do 26 de outubro), corrixido parcialmente polo Real decreto 1427/1986, do 13 de xuño; Orde do 28 de decembro de 1984 (BOE do 16 de xaneiro de 1985), e, no non previsto pola lexislación xeral de funcionarios civís do Estado, e tramitaranse independentemente para cada unha das prazas convocadas.

Segunda.-Para ser admitido ós ditos concursos cumpren os seguintes requisitos xerais:

a) Ser español. Non obstante, poderán participar en idénticas condicións cós españois:

Os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, logo de acreditación da nacionalidade conforme o disposto na Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e demais normativa de desenvolvemento.

Logo de acreditación, os nacionais daqueles estados ós que en virtude de tratados internacionais suscritos pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores nos termos nos que esta está definida no Tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Ter cumpridos dezaioito anos e non ter cumpridos os setenta.

c) Non ter sido separado, por expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado ou da Administración Autónoma, institucional ou local, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

d) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes a profesor de universidade.

Terceira.-Deberán reunir ademais as condicións específicas que se sinalan no artigo 4.1º ou 2, do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, segundo a categoría das prazas e a clase do concurso e, se é o caso, titulación suficiente debidamente recoñecida polo Ministerio de Educación e Ciencia para o exercicio profesional en España como profesor universitario.

Cando, estando en posesión do título de doutor, se concorra a prazas de catedrático de universidade, de acordo co previsto no artigo 4.1º c) do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, e non se pertenza a ningún dos corpos que nel se sinalan, os interesados deberán acredita-lo feito de seren eximidos de tales requisitos.

Non poderán concursar ás prazas de profesor titular de universidade quen estivesen contratados durante máis de dous anos como axudante desta universi-

dade, agás as excepcións previstas no artigo 37.4º da Lei 11/1983, do 25 de agosto (BOE do 1 de setembro), de reforma universitaria.

Cuarta.-Os que desexen tomar parte neste concurso remitirán a correspondente solicitude ó rector da Universidade da Coruña, por calquera dos procedementos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), no prazo de vinte días hábiles a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a publicación desta convocatoria no BOE mediante instancia, segundo modelo anexo II, debidamente cuberto, xunto cos documentos que acrediten reuni-los requisitos para participar no concurso. A concorrencia dos ditos requisitos deberá estar referida sempre a unha data anterior á expiración do prazo fixado para solicita-la participación no concurso.

Os aspirantes deberán xustifica-lo aboamento na conta corrente 17957982, concursos-oposicións, *Caixa Postal*, oficina principal da Coruña, da cantidade de 7.525 pesetas por dereitos de inscrición, acompañando á solicitude o resguardo acreditativo do ingreso.

Quinta.-Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o rector da universidade, por calquera dos procedementos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), remitirá a tódolos aspirantes unha relación completa de admitidos e excluídos, con indicación das causas da exclusión. Contra a dita resolución os interesados poderán presentar unha reclamación perante o rector no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ó da notificación da relación de admitidos e excluídos.

Sexta.-O presidente da comisión, dentro do prazo habilitado regulamentariamente para a constitución, dictará unha resolución que deberá ser notificada a tódolos interesados cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto da data do acto para o que é citado, convocando a:

a) Tódolos membros titulares da comisión e, se é o caso, ós suplentes necesarios para efectua-lo acto de constitución dela.

b) Tódolos aspirantes admitidos a participar no concurso, para realizaren o acto de presentación dos concursantes e con fixación do día, hora e lugar de celebración do dito acto.

Sétima.-No acto de presentación, os concursantes entregaranlle ó presidente da comisión a documentación sinalada nos artigos 9 e 10 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, corrixido polo Real decreto 1427/1986, de 13 de xuño, se é o caso, segundo se trate de concurso ou concurso de méritos.

Oitava.-Os candidatos propostos para a provisión das prazas deberán presentar na Secretaría Xeral da Universidade, no prazo de quince días hábiles seguintes ó de concluí-la actuación da comisión, os seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou documento equivalente de ser nacional dun Estado membro da Unión Europea

b) Certificación médica oficial de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes a profesor de universidade.

c) Declaración de que non foi separado da Administración do Estado, institucional ou local, nin das administracións das comunidades autónomas, en virtude do expediente disciplinario e non atoparse inhabilitado para o exercicio da función pública.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos de carreira estarán exentos de xustificar tales documentos e requisitos debendo presentar unha certificación do ministerio ou organismo do que dependan, acreditativa da súa condición de funcionarios e cantas circunstancias consten na súa folla de servicios.

A Coruña, 26 de abril de 2000.

José Luis Meilán Gil
Rector da Universidade da Coruña

ANEXO I

Praza número: 00/017.
Número de prazas: unha.
Corpo: catedrático de universidade.
Área de coñecemento: enxeñería eléctrica.
Departamento: Enxeñería Industrial.
Actividades que realizará quen obteña a praza: docencia en electrotécnica e máquinas eléctricas.
Clase de convocatoria: concurso.

Praza número: 00/018.
Número de prazas: unha.
Corpo: catedrático de universidade.
Área de coñecemento: economía aplicada.
Departamento: Economía Aplicada II.
Actividades que realizará quen obteña a praza: docencia en econometría.
Clase de convocatoria: concurso.

Praza número: 00/019.
Número de prazas: unha.
Corpo: catedrático de universidade.
Área de coñecemento: historia contemporánea.
Departamento: Humanidades.
Actividades que realizará quen obteña a praza: docencia en historia do mundo contemporáneo.
Clase de convocatoria: concurso.

Praza número: 00/020.
Número de prazas: unha.
Corpo: catedrático de universidade.

Área de coñecemento: enxeñería de sistemas e automática.

Departamento: Enxeñería Industrial.

Actividades que realizará quen obteña a praza: docencia en regulación automática.

Clase de convocatoria: concurso.

Praza número: 00/021.

Número de prazas: unha.

Corpo: catedrático de universidade.

Área de coñecemento: ciencias da computación e intelixencia artificial.

Departamento: Tecnoloxía da Información e as Comunicaciós.

Actividades que realizará quen obteña a praza: docencia en compiladores.

Clase de convocatoria: concurso.

Praza número: 00/022.

Número de prazas: unha.

Corpo: catedrático de universidade.

Área de coñecemento: enxeñería do terreo.

Departamento: Tecnoloxía da Construcción.

Actividades que realizará quen obteña a praza: docencia en hidráulica e hidroloxía I. Obras hidráulicas.

Clase de convocatoria: concurso.

Praza número: 00/023.

Número de prazas: unha.

Corpo: profesor titular de universidade.

Área de coñecemento: construcións arquitectónicas.

Departamento: Construcións Arquitectónicas.

Actividades que realizará quen obteña a praza: docencia en instalacións.

Clase de convocatoria: concurso.

Praza número: 00/024.

Número de prazas: unha.

Corpo: profesor titular de universidade.

Área de coñecemento: historia da arte.

Departamento: Composición.

Actividades que realizará quen obteña a praza: docencia en protección do patrimonio, historia da arte e do deseño, deseño industrial actual.

Clase de convocatoria: concurso.

Praza número: 00/025.

Número de prazas: unha.

Corpo: profesor titular de universidade.

Área de coñecemento: economía aplicada.

Departamento: Economía Aplicada II.

Actividades que realizará quen obteña a praza: docencia en estatística económica.

Clase de convocatoria: concurso.

Praza número: 00/026.

Número de prazas: unha.

Corpo: profesor titular de universidade.

Área de coñecemento: economía aplicada.

Departamento: Economía Aplicada II.

Actividades que realizará quen obteña a praza: docencia en econometría.

Clase de convocatoria: concurso.

ANEXO II

Convocado por Resolución do de de 199..... da Universidade da Coruña (BOE) concurso para a provisión da praza de profesorado da que se indican os datos máis abaixo, e cumprindo todas e cada unha das condicións e os requisitos específicos requiridos, solicito ser admitido como aspirante para a súa provisión.

I. DATOS DA PRAZA CONVOCADA A CONCURSO			
Praza núm. Corpo docente de			
Área de coñecemento			
Departamento			
Actividades asignadas á praza na convocatoria			
Clase de convocatoria: Concurso: <input type="checkbox"/> Concurso de méritos: <input type="checkbox"/>			
II. DATOS PERSOAIS			
Primeiro apelido		Segundo apelido	
Data de nacemento		Lugar	Provincia
Domicilio			Nome
Municipio		Provincia	DNI
Código postal			Teléfono
No caso de ser funcionario público de carreira:			
Denominación do corpo ou praza		Organismo	Data de ingreso
Nº de rexistro de persoal		Situación: Servicio activo <input type="checkbox"/> Excedente voluntario <input type="checkbox"/> Excedente especial <input type="checkbox"/> Outras	
III. DATOS ACADÉMICOS			
Títulos			Data de obtención
Docencia previa:			
Documentación que se xunta:			

O/A ABAIXO ASINANTE, D./Dña.
 SOLICITA: ser admitido ó concurso/méritos á praza consignada, comprometéndose, no caso de superalo, a formula-lo xuramento ou promesa de acordo co establecido no Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

DECLARA: que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude, que reúne as condicións esixidas na convocatoria anteriormente referida e tódalas necesarias para o acceso á función pública.

En o de de 2000.
 (sinatura)

ANEXO III
MODELO DE CURRÍCULUM

DATOS PERSOAIS	
Apelidos e nome
Nº DNI	Lugar e data de expedición
Nacemento: provincia e localidade	Data
Residencia: provincia	Localidade
Domicilio	Teléfono
Facultade ou escola actual	
Departamento ou unidade docente actual	
Categoría actual como profesor	

Achega en folia(s) anexa(s) os seguintes datos pola súa orde e número, deixando sen cubri-los que procedan:

CURRÍCULUM VITAE

<ol style="list-style-type: none"> 1. Títulos académicos (clase, organismo e centro de expedición, data de expedición e cualificación se a houber). 2. Postos docentes desempeñados (categoría, organismo ou centro, réxime de dedicación, actividade, data nomeamento ou contrato e data de cesamento ou remate). 3. Actividade docente desempeñada (disciplinas, organismos ou centro e data). 4. Actividade investigadora (programas, postos e data). 5. Publicacións –libros– (título, data publicación, editorial). 6. Publicacións –artigos– (título, revista ou diario, data publicación e número de páxinas). Indicar traballos en prensa xustificando a súa aceptación pola revista editora. 7. Outras publicacións. 8. Outros traballos de investigación. 9. Proxectos de investigación subvencionados. 10. Comunicacións e relatorios presentados a congresos (indicar título, lugar, data, entidade organizadora e carácter nacional ou internacional). 11. Patentes. 12. Cursos e seminarios impartidos (con indicación de centro, organismo, materia, actividade desenvolvida e data). 13. Cursos e seminarios recibidos (con indicación de centro ou organismo, materia e data de realización). 14. Bolsas, axudas e premios recibidos (con posterioridade á licenciatura). 15. Actividade en empresas e profesión libre. 16. Outros méritos docentes ou de investigación. 17. Outros méritos.
--

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA**

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA
E INSTRUCCIÓN DE PADRÓN**

Edicto (20/1995).

Luis Fernández-Arias González, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción Único de Padrón (A Coruña), fai saber:

Que nesta secretaría do meu cargo, e co número 20/1995, se tramita procedemento de xuízo executivo, por instancia de *Caixa de Aforros de Galicia*, contra Fernando Caldelas Agrasar, María Soledad Paz Pardal e Estrella Pardal Buceta no que, por resolución desta data se acordou sacar a pública

poxa, por primeira vez e termo de vinte días, os bens que logo se dirán. Sinálase para que teña lugar o acto de remate na secretaría deste xulgado o vindeiro día 7 de xullo de 2000, ás 11 horas, coas prevencións seguintes:

Primeira.-Que non se admitirán ofertas que non cubran as dúas terceiras partes da valoración.

Segunda.-Que tódolos ofertantes, con excepción do acreedor, para tomaren parte na poxa, deberán consignar na conta deste xulgado no *Banco Bilbao Vizcaya, Sociedad Anónima*, número 1575/0000-17-20-95, unha cantidade igual, polo menos, ó 20% do valor do ben que sirva de tipo, facendo consta-lo número e o ano do procedemento, requisito sen o cal non serán admitidos, non acep-

tándose entrega de diñeiro en metálico ou cheques no xulgado.

Terceira.-Unicamente o executante poderá concorrer coa calidade de lles cede-lo remate a terceiros.

Cuarta.-En tódalas poxas, desde o anuncio ata a súa realización, poderán facerse ofertas por escrito, en prego pechado, facendo o depósito ó que se fixo referencia anteriormente.

Quinta.-Os autos e certificación rexistral, que suple os títulos de propiedade, estarán de manifesto na secretaría do xulgado, onde poderán ser examinados, entendéndose que todo licitador acepta como bastante a titulación existente e que as cargas anteriores e as preferentes, se as houber, quedarán subsistentes, sen se destinar á súa extinción o prezo do remate, e entenderase que o rematante as acepta e queda subrogado na responsabilidade destas.

Para o suposto de que non houberse ofertantes na primeira poxa sinálase, para a realización dunha segunda, o día 18 de setembro de 2000, ás 11 horas, para a que servirá de tipo o 75% do sinalado para a primeira poxa, sendo de aplicación as demais prevencións da primeira.

Igualmente, e para o caso de que tampouco houberse licitadores na segunda poxa, sinálase para a realización dunha terceira, o día 20 de outubro de 2000, ás 11 horas, poxa que se realizará sen suxeición a tipo, debendo consignar, quen desexe tomar parte nela, o 20% do tipo que serviu de base para a segunda.

Se por forza maior ou causas alleas ó xulgado non puidese realizarse a poxa no día e hora sinalados, entenderase que se realizará o día seguinte hábil, á mesma hora, exceptuándose os sábados.

Bens que se sacan a poxa:

1. Predio número un. Casa, sita no lugar da Toxa, da parroquia e concello de Pontecesures, que ocupa a superficie de 48 metros cadrados, dunha planta e en estado ruinoso, cun terreo unido destinado a horta e outros usos, que mide a superficie de tres áreas e cincuenta centiáreas. Limita o conxunto, ó norte ou esquerda, entrando, os herdeiros de Avelino Eitor, muro no medio; ó sur ou dereita, entrando, os herdeiros de Manuela Méndez; ó leste ou costas, os herdeiros de Francisco Ferreira, e ó oeste ou fronte, camiño de carro.

Tal e como se describe, non figura inscrita no Rexistro da Propiedade.

Taxada para efectos de poxa na cantidade de 4.875.000 pesetas.

Estando os debedores en ignorado paradoiro, este edicto serviralles de notificación.

Padrón, 25 de abril de 2000.

O secretario
Rubricado

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 11 de maio de 2000 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto e forma de adxudicación de concurso público, con tramitación urxente, do contrato de servicios de conserxería do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia, en Bastiagueiro, concello de Oleiros (A Coruña) e outro máis.

A Secretaría Xeral para o Deporte, ultimados os trámites administrativos pertinentes, resolveu anunciar-lo procedemento de adxudicación dos contratos ó que refire esta resolución e que posúe as seguintes características:

1. Entidade adxudicadora.

A Xunta de Galicia por medio da súa Secretaría Xeral para o Deporte.

2. Obxecto do contrato.

Contrato de servicios de conserxería do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia, en Bastiagueiro, concello de Oleiros (A Coruña).

a) Prazo de execución: un ano, prorrogable, nas condicións que sinala o prego do cláusulas administrativas particulares.

b) O orzamento base de licitación ascende a seis millóns oitocentas dez mil pesetas (6.810.000 ptas.).

Anualidade de 2000: 4.082.339 ptas.

Anualidade de 2001: 2.727.661 ptas.

c) Requisitos específicos do contratista:

Clasificación empresarial: non se esixe.

d) Garantía provisional: cento trinta e seis mil duascenas pesetas (136.200 ptas.).

3. Obxecto do contrato.

Servicios de vixilancia do Instituto Nacional de Educación Física, en Bastiagueiro, concello de Oleiros (A Coruña).

a) Prazo de execución: un ano, prorrogable, nas condicións que sinala o prego do cláusulas administrativas particulares.

b) O orzamento base de licitación ascende a seis millóns catrocentas cincuenta mil pesetas (6.450.000 pesetas).

Anualidade de 2000: 3.866.532 ptas.

Anualidade de 2001: 2.583.468 ptas.

c) Requisitos específicos do contratista:

Clasificación empresarial: non se esixe.

d) Garantía provisional: cento vintenove mil pesetas (129.000 ptas.).

4. Obtención de documentación e información.

No Servicio de Contratación e Xestión Económica da Secretaría Xeral para o Deporte (Estadio Multiusos de San Lázaro, s/n. Santiago de Compostela. Teléfono: 981 54 26 26. Fax: 981 54 26 39).

Fotocopias dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas poderán ser solicitados directamente en Xeneral Pardiñas, nº 2 de Santiago de Compostela. Teléfono: 981 59 03 02.

5. Presentación de ofertas.

a) Data límite: ás 14 horas do décimo quinto (15) día natural posterior ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que se presentará: a requirida polo prego de cláusulas administrativas particulares.

Os contratistas que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma e así o fagan constar na carauta do sobre A (documentación administrativa) quedarán exonerados de presenta-la documentación á que se refire o artigo 5 da Orde do 23 de outubro de 1995 (DOG do 10 de novembro), modificada pola Orde do 9 de decembro de 1996 (DOG do 23).

c) Lugar de presentación: o Rexistro de documentos da Secretaría Xeral para o Deporte (Estadio Multiusos. San Lázaro. 15890 Santiago de Compostela. Fax: 981 54 26 39), ou no xeral da Xunta de Galicia (edificios administrativos de San Caetano. Santiago de Compostela), ou de acordo cos procedementos previstos no artigo 100 do Regulamento xeral de contratación do Estado.

d) Admisión de variantes: admitiranse as sinaladas no prego de prescricións técnicas.

6. Apertura de ofertas.

Levarase a cabo ás 9.30 horas do segundo día hábil seguinte ó de remate do prazo de presentación de ofertas, que non sexa sábado, na sala de xuntas da Secretaría Xeral para o Deporte (Estadio Multiusos, San Lázaro, 15890 Santiago de Compostela).

7. Gastos de anuncios.

Será por conta do adxudicatario o custo da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e, se é o caso, a inserción do seu extracto nos medios de comunicación escrita.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2000.

P.D. (Orde 22-2-1999)
Eduardo Lamas Sánchez
Secretario xeral para o Deporte

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Anuncio do 12 de abril do 2000, do recadador de zona de Vigo, polo que se relacionan procedementos de constrinximento pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (Abal Iglesias, Pilar e catrocentos sesenta e oito máis).

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, modificado polo artigo 28 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, relaciónanse procedementos de constrinximento pendentes de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

A comparecencia deberá efectuarse perante o órgano de tramitación (zona de recadación de Vigo, rúa Areal, 62 local 3, Vigo) no prazo de dez días contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio.

Transcorrido o prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Vigo, 12 de abril de 2000.

Fco. Javier Sánchez García
Recadador da zona de Vigo

ANEXO

CLAVE DE PROVIDENCIA	INTERESADO	NIF	OBXECTO DA DÉBEDA
00540023561	ABAL IGLESIAS, PILAR	35948240E	INT/TRA EXP:1990/2436/90
99540061159	ABAL IGLESIAS, PILAR	35948240E	LIQ/DOA EXP:1990/2426
99540025827	ABALO LUBIANS, JUAN FRANCISCO	36038340P	TRANS. EXP:1997/19196 LIQ:600702554860
00540022330	ADERSA VIGO, S.L.	B36788776	SANCION EXP:1999/PO-0166-0-99 P. TER. O.P.
00540022340	ADERSA VIGO, S.L.	B36788776	SANCION EXP:1999/PO-0324-0-99 P. TER. O.P.
00540022351	ADERSA VIGO, S.L.	B36788776	SANCION EXP:1999/PO-0338-0-98 P. TER. O.P.
00540022373	ADERSA VIGO, S.L.	B36788776	SANCION EXP:1998/PO-1939-0-98 P. TER. O.P.
99540062248	ADERSA VIGO, S.L.	B36788776	SANCION EXP:1998/PO-0328-0-98 P. TER. O.P.
99540062259	ADERSA VIGO, S.L.	B36788776	SANCION EXP:1998/PO-0336-0-98 P. TER. O.P.
99540062260	ADERSA VIGO, S.L.	B36788776	SANCION EXP:1998/PO-0343-0-98 P. TER. O.P.
99540070641	ADERSA VIGO, S.L.	B36788776	SANCION EXP:1997/LU-9/97 P. TER. O.P.E V
99540070751	ADERSA VIGO, S.L.	B36788776	SANCION EXP:1997/OU-85/97 P. TER. O.P.E
99540071059	ADERSA VIGO, S.L.	B36788776	SANCION EXP:1996/PO-1482-0-96 P. TER. O.P.
99540071070	ADERSA VIGO, S.L.	B36788776	SANCION EXP:1997/PO-293-0-97 P. TER. O.P.
99150055312	AISLAMIENOS MODULARES, S.A.	A15043201	SANCION EXP:1998/LU-986 P. TER. O.P.E V.

CLAVE DE PROVIDENCIA	INTERESADO	NIF	OBXECTO DA DÉBEDA
99540018754	ALCObRE SOUTO, ROCIO	76931425J	SANCION EXP:1997/XC-1098-0-97 P. TER. O.P.
99540023539	ALEXPROP, S.L.	B36733640	LIQ/TRA EXP:1992/10746
99540023540	ALEXPROP, S.L.	B36733640	LIQ/TRA EXP:1992/10746-0
99540016422	ALFONSO MENDEZ, JOSE RAMON	36041607D	FACTURA 374/94 ATENCION PRIMARIA SERGAS
99540018260	ALIMENTARIA IBEROGALIZA, S.L.	B36811156	SANCION EXP:1998/57/98 XUS., INT. E R. LA.
99540018270	ALIMENTARIA IBEROGALIZA, S.L.	B36811156	SANCION EXP:1998/58/98 XUS., INT. E R. LA.
99540023803	ALONSO ANTICH, JUAN JOSE	50526009T	LIQ/TRA EXP:1993/1253/1
99540024276	ALONSO CHANTADA, FLORENTINO	36152006P	LIQ/TRA EXP:1992/13183/1
99540014992	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699 LIQ:6600096121D733
99540015003	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699.
99540015014	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-1
99540015025	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-2
99540015036	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-3
99540015047	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-4
99540015058	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-5
99540015069	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-6
99540015070	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-7
99540015080	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-8
99540015091	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-9
99540015102	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-10
99540015113	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-11
99540015124	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-12
99540015135	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-13
99540015146	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	LIQ/DOA EXP:1993/2699-14
99540015949	ALONSO GONZALEZ, EDUARDO	36037232G	ACT/DOA EXP:1997/3025 6
99150110807	ALONSO LEIROS, JOSE	36016575R	SANCION EXP:1998/EN82 MEDIO AMBIENTE
98540240722	ALVAREZ BELLO, JOSE LUIS	35990686X	SANCION EXP:1997/XC-250-0-97 P. TER. O.P.
99540024903	ALVAREZ PRIETO, FRANCISCO JAVIER	36045847V	TRANS. EXP:1997/03495 LIQ:600602472643
99540064195	AMARO CAAMAÑO, ANTONIO JESUS	32418179R	TRANS. EXP:1990/01049 LIQ:600902015075
00540017357	AMIGO GARCIA, ROBERTO	36059144C	SANCION EXP:1998/PO-2067-0-98 P. TER. O.P.
99540017434	AMIGO GARCIA, ROBERTO	36059144C	SANCION EXP:1997/PO-611-0-97 P. TER. O.P.
99540070620	AMORIN BARBOSA, MANUEL DE	X0546902P	SANCION EXP:1997/408/97 XUS., INT. E R. LA.
99540079122	ANDREY JUSTE, ANTONIO	35954149C	TRANS. EXP:1994/17392 LIQ:600401253331
99540071114	ANIDO FRIAN, VALENTIN	35979498T	SANCION EXP:1997/PO-391-0-97 P. TER. O.P.
99150030507	ANIDO MOSQUERA, VALENTIN	36004668P	SANCION EXP:1997/C1365 PES. MARIS. E ACU.
99150031057	ANIDO MOSQUERA, VALENTIN	36004668P	SANCION EXP:1997/C1903 PES. MARIS. E ACU.
99150031134	ANIDO MOSQUERA, VALENTIN	36004668P	SANCION EXP:1997/C1937 PES. MARIS. E ACU.
99150031420	ANIDO MOSQUERA, VALENTIN	36004668P	SANCION EXP:1998/C65 PES. MARIS. E ACU.
00540016818	ANJOS SANTOS, MARIA CLEMENTINA DOS	X1152999D	SANCION EXP:1998/PO-1364-0-98 P. TER. O.P.
99540023715	APART CASAS, S.A.	A36680213	LIQ/TRA EXP:1992/18995
99540020767	ARAUJO SIMON, CLEMENTE	34867423K	LIQ/TRA EXP:1991/16251
99540020778	ARAUJO Y COSTA, C.B.	E36720910	LIQ/TRA EXP:1992/12243
99540063194	AREAL GONZALEZ, ALEJANDRO	35867986S	ACT/TRA EXP:1997/3013 4/97
99150034577	ARQUIEDRA, S.A.	A36661999	PREZOS PUBLICOS CANON DE SANEAMENTO 1/96
99150034588	ARQUIEDRA, S.A.	A36661999	PREZOS PUBLICOS CANON DE SANEAMENTO 2/96
99150034599	ARQUIEDRA, S.A.	A36661999	PREZOS PUBLICOS CANON DE SANEAMENTO 3/96
99150034600	ARQUIEDRA, S.A.	A36661999	PREZOS PUBLICOS CANON DE SANEAMENTO 4/96
99540015950	ARREGUI LOPEZ, M ANGELES BENITA	36011655A	ACT/DOA EXP:1997/3023 1
99540024419	ARREGUI LOPEZ, M ANGELES BENITA	36011655A	ACT/TRA EXP:1997/3021 3
00540022153	ARRIBA SILVA MONTTOYA, EMILIO	53181246W	SANCION EXP:1998/OU-2279-0-98 P. TER. O.P.
99320104653	ARTEAGA FELJOO, EMILI	00107462Y	LIQ/SUC EXP:1996/166/91
00540023847	ASENJO BITERI, M TERESA MARGARITA	35882308P	TRANS. EXP:1997/07892 LIQ:600702478766
98150236195	ASENSIO GOICOECHEA, JUAN MANUEL	50285934E	LIQ/VEH EXP:1993/56779
99540061049	ASOC DE ASTILLEROS PRIVADOS GALLEG	G15388242	REINTEG EXP:1994/H-17/98 INDUST. E COMER.
99540061050	ASOC DE ASTILLEROS PRIVADOS GALLEG	G15388242	INT EXP:1994/ H-17/98
99540020822	AUTOMOVILES ALFAMOTOR, S.A.	A36638252	LIQ/TRA EXP:1988/14532/1
99540026674	AUTOS PIZARRO, S.L.	B36739555	LIQ/VEH EXP:1992/105732/1
99540026685	AUTOS PIZARRO, S.L.	B36739555	LIQ/VEH EXP:1992/105733/1
99540026696	AUTOS PIZARRO, S.L.	B36739555	LIQ/VEH EXP:1992/105736/1
99540020624	AUXILIAR MOLUSQUERA GALICIA, S.A.	A36632834	LIQ/TRA EXP:1992/15264
00540022901	AVENDAÑO BAPTISTA, MANUEL	35999798Z	FACTURA Nº 1210/98 C. HOSPITALARIO XERAL
00540022186	BACALAO Y MARISCOS GALICIA, S.L.	B3677650H	SANCION EXP:1998/PO-0721-0-98 P. TER. O.P.
99540018039	BAHAMONDE PIÑEIRO, JOSE	36033542V	SANCION EXP:1997/PO-1340 PES. MARIS. E ACU.
99540061544	BAHAMONDE PIÑEIRO, JOSE	36033542V	SANCION EXP:1998/PO-0450 PES. MARIS. E ACU.
99540071170	BAHAMONDE PIÑEIRO, JOSE	36033542V	SANCION EXP:1997/PO-0098 PES. MARIS. E ACU.
99540071180	BAHAMONDE PIÑEIRO, JOSE	36033542V	SANCION EXP:1997/PO-0102 PES. MARIS. E ACU.
99540062424	BARROS OTERO, OSCAR	36105052C	SANCION EXP:1997/C-82/97 MEDIO AMBIENTE
99270073408	BARRUL JIMENEZ, MANUEL	33815218C	PREZOS PUBLICOS PRESTACION SERVICIOS, S.A.
99540021405	BASTANTE GARCIA, JUAN MANUEL	36045502V	LIQ/TRA EXP:1990/8556
99540023760	BELLAS FORMOSO, JOSE	32458278B	LIQ/TRA EXP:1993/5290
00540023330	BENITEZ BARRERAS, ESTEBAN	14899291Y	FACTURA Nº 1831/98 C. HOSPITALARIO XERAL
99540015157	BERMUDEZ CAMESELLA, ANGEL LUIS	36105068J	LIQ/DOA EXP:1992/2115 LIQ:6600096121D786
99540025156	BERNARDEZ GREGORIO, JOSE ANTONIO	36053087N	TRANS. EXP:1996/16329 LIQ:600602534342
99540021515	BIS COMUNIDAD BIENES	E36658177	LIQ/TRA EXP:1991/20784
99540024408	BLANCO MUÑOZ, PEDRO LUIS	06526204T	ACT/TRA EXP:1989/2748 3

CLAVE DE PROVIDENCIA	INTERESADO	NIF	OBJECTO DA DÉBIDA
00540023902	BORREGUERO PABLOS, M ANGELES	00643380R	TRANS. EXP:1997/22724 LIQ:600702576028
00540024001	BORREGUERO PABLOS, M ANGELES	00643380R	TRANS. EXP:1997/22724 LIQ:600702594551
99540061698	BREA FEIJOO, CARLOS	36119347D	SANCION EXP:1998/52 XUS., INT. E R. LA.
99540079320	BUEÑO GARCIA, ISIDRA	37906941C	TRANS. EXP:1995/05614 LIQ:600401273455
99540024199	BUEÑO RAMIREZ, MARIA DOLORES	34062640P	LIQ/TRA EXP:1994/235/1
98540240425	BUGARIN LAGO, ANGELA	36029417D	SANCION EXP:1997/1421 XUS., INT. E R. LA.
99540061808	BUGARIN LAGO, ANGELA	36029417D	SANCION EXP:1998/90/ XUS., INT. E R. LA.
99540061379	COTFI, S.L.	B3674998A	SANCION EXP:1997/425 XUS., INT. E R. LA.
98540242801	CAMESELLE CORRAL, MARIA CARMEN	36099129P	TRANS. EXP:1996/21401 LIQ:600602559976
99540063800	CAMPOS RIVAS, M REMEDIOS	36060812D	TRANS. EXP:1997/12323 LIQ:600702497923
99540092245	CANDEIRA CUIÑAS, JORGE FRANCISCO	36033099B	FACTURA Nº 906/98 C. HOSPITALARIO XERAL
99540119481	CARAMES ROZADOS, LUCIA	36015787H	FACTURA Nº 477/97 C. HOSPITALARIO XERAL-C
99540014915	CARBALLAL LOPEZ, EDUARDO	50688690W	LIQ/DOA EXP:1989/8873
99320049390	CARBALLAS LOPEZ, RAMON	35924266Z	LIQ/TRA EXP:1995/8240/92
99540023440	CARNESMAR CAMBEIRO E IGLESIAS, S.A.	A36640076	LIQ/TRA EXP:1992/16364
99540021780	CARRERA GOMEZ, ERNESTO	35811046T	LIQ/TRA EXP:1988/14561/1
99540014860	CARRILLO LORENZO, LUCIA GLORIA	36114774J	LIQ/DOA EXP:1993/204 LIQ:66000951214D935
98360215130	CARRO RIOS, BASILIO	35949311N	LIQ/TRA EXP:1998/19 LIQ:600703240813 3
99540078242	CASAL PEREZ, JOSE LUIS	36029120B	SANCION EXP:1995/I-233 AGR., GAN. E MONT.
99540022483	CASAS JALDA, MANUEL	35269070L	LIQ/TRA EXP:1983/6884
99540064130	CASBARRE PROMOCIONES INMOBILIARIAS	B36742468	TRANS. EXP:1998/08030 LIQ:600702691013
99540062776	CASTILLA RODRIGUEZ, JUANA	35905905F	SUCES. EXP:1995/01328 LIQ:650300053509
99540071257	CASTRO BASTOS, CARLOS FERNANDO	X0983470J	SANCION EXP:1996/306 XUS., INT. E R. LA.
99540021724	CASTRO FERNANDEZ, ARTALDINO	34887188Y	LIQ/TRA EXP:1993/5005/1
99540071280	CASTRO SOTO, JUAN MANUEL	36007992C	SANCION EXP:1996/373 XUS., INT. E R. LA.
00540016763	CEREALES VAL MIÑOR, S.L.	B36734168	SANCION EXP:1999/OU-0947-O-99 P. TER. O.P.
99540017962	CHAMORRO LIJO, JESUS	36034972K	SANCION EXP:1997/PO-0916 PES. MARIS. E ACU.
99540070806	CID VARELA, ALBERTO	36117267E	SANCION EXP:1996/PO-1115/96 P. TER. O.P.
99540173722	CIRERA ESPINOSA, SERGIO	52203836T	SANCION INSTITUTO GALEGO CONSUMO PONTEVEDRA
99540023022	CIVIDANES, S.A.	A36605228	LIQ/TRA EXP:1989/1830
99540061566	CLEMENTE PEREZ, JOSE ANGEL	36035144D	SANCION EXP:1998/PO-0453 PES. MARIS. E ACU.
98320205786	CNES ROAL, S.L.	B36737518	SANCION EXP:1992/424/92 XUS., INT. E R. LA.
98540240766	COLLAZO FERNANDEZ, JOSEFINA MARIA	36102168B	SANCION EXP:1997/OU-982-O-97 P. TER. O.P.
99540019843	COLMEIRO ROJO, MARIA LUISA	35925020D	ACT/SUC EXP:1995/3090 4
98540272204	COMESAÑA ALVAREZ, PERFECTA	36014551R	LIQ/SUC EXP:1994/2215/94
99540063381	COMESAÑA COSTAS, M PURIFICACION	36043775S	TRANS. EXP:1994/11681 LIQ:600400113441
00540017005	COMESAÑA FERNANDEZ, JOSE LUIS	36098005B	SANCION EXP:1997/I-308/97 MEDIO AMBIENTE
99540092168	COMESAÑA PEREZ, EUSEBIO	35978977P	FACTURA Nº 513/98 C. HOSPITALARIO XERAL
99540021108	COMESAÑA PIÑEIRO, JUAN CARLOS	36087445P	LIQ/TRA EXP:1991/9910
99540020712	CONDE CARNEIRO, CARMEN	35258311R	LIQ/TRA EXP:1993/8717 LIQ:6600095201T248
99540022219	CONSTRUCCIONES JULIO ALONSO, S.L.	B36615565	LIQ/TRA EXP:1989/10328
99540024309	CONSTRUCCIONES JULIO ALONSO, S.L.	B36615565	LIQ/TRA EXP:1984/10328
00540016972	CONSTRUCCIONES RIVAGAR, S.L.	B36650554	SANCION EXP:1998/497 XUS., INT. E R. LA.
00540016950	CONSTRUCCIONES ROTILLO BALBOA, S.L.	B36622223	SANCION EXP:1998/436 XUS., INT. E R. LA.
99540018798	CONSTRUCCIONES SURVICO, S.L.	B36794212	SANCION EXP:1997/343 XUS., INT. E R. LA.
99540078154	CONSTRUCCIONES URIBARRI, S.L.	B36637155	SANCION EXP:1995/607 P. TER. O.P.E V.
99540024012	CONSTRUCCIONES V GONZALEZ, S.L.	B36626984	LIQ/TRA EXP:1988/13508
99540024023	CONSTRUCCIONES V GONZALEZ, S.L.	B36626984	LIQ/TRA EXP:1988/13508-0
99540018809	CONSTRULOGA, S.L.	B36768828	SANCION EXP:1997/354 XUS., INT. E R. LA.
00540022230	CONTENEDORES PARA ESCOMBROS, S.L.	B36659480	SANCION EXP:1998/PO-1145-O-98 P. TER. O.P.
99360002929	COSTAS ALVAREZ, PAULINO	35902007L	VEHIC. EXP:1998/08914 LIQ:620801466093
00540016170	COSTAS ESTEVEZ, MARIA ESPERANZA	36021906L	REINTEG EXP:1997/FM5 98/2 FAM., MULL. E XU.
99540019700	COSTAS RIAL, CAMILO	35973173T	LIQ/SUC EXP:1993/856 .
99540020657	COSTAS RIAL, CAMILO	35973173T	LIQ/TRA EXP:1992/11729/1
99540019690	COSTAS RIAL, MARGARITA	36001376M	LIQ/SUC EXP:1993/856 .
99360002654	COSTAS RODRIGUEZ, MARIA JESUS	36017977T	TRANS. EXP:1997/10484 LIQ:600502460494
99360070140	COSTAS ROUCO, ARGENTINO	36021483X	VEHIC. EXP:1998/14842 LIQ:620701521475
00540022626	COSTAS SUAREZ, ROSA MARIA	36021320P	SANCION EXP:1991/70519273 ECON. E FACENDA
99540015212	COSTAS SUAREZ, ROSA MARIA	36021320P	LIQ/DOA EXP:1990/2900-1
98540241514	COTO GRAN VIA, S.L.	B36793644	SANCION EXP:1997/160 XUS., INT. E R. LA.
98540240821	COVELO PEREZ, LUCIA	36011144K	SANCION EXP:1997/PO-418-O-97 P. TER. O.P.
99540021658	CRESPO SALGADO, JESUS	34436333C	LIQ/TRA EXP:1993/19855
98360215393	DA ROCHA FERNANDEZ, ANTONIO	34550277E	TRANS. EXP:1996/09084 LIQ:600602512204
00540022550	DACOSTA ARDUINO, CLAUDIA PATRICIA	36149878L	SANCION EXP:1999/42 XUS., INT. E R. LA.
00540016796	DAOUD SALMAN, ALI	36171657V	SANCION EXP:1998/OU-2749-O-98 P. TER. O.P.
99540026454	DAPENA CORTIZO, FRANCISCO	36109992S	LIQ/VEH EXP:1992/113514
99540063700	DE PINO NUÑEZ, JOSE MANUEL	34623656P	TRANS. EXP:1997/15792 LIQ:600602571415
99320046298	DESMOVI, S.L.	B24101966	SANCION EXP:1997/OU-01099-097 P. TER. O.P.
98540198922	DIAS, ALEXANDRINA AUGUSTA	X1669767J	ACT/SUC EXP:1997/00099 LIQ:000970000261
98540198944	DIAS, ANTONIO AUGUSTO	X1669751C	ACT/SUC EXP:1997/00101 LIQ:000970000263
98540198933	DIAS, MARIA AUGUSTA	X1669757A	ACT/SUC EXP:1997/00100 LIQ:000970000262
99320045440	DIAZ ARAUJO, SEVERINO	34993769M	PREZOS PUBLICOS CONSTRINXIBLES. SERGAS
99540018149	DIAZ BARREIRO, JOSE MANUEL	35283822M	SANCION EXP:1996/P. 1/96 XUS., INT. E R. LA.
99540018226	DIAZ BARREIRO, JOSE MANUEL	35283822M	SANCION EXP:1996/P. 2/96 XUS., INT. E R. LA.
99540070795	DIAZ RODRIGUEZ, SANTIAGO	35998174T	SANCION EXP:1997/PO-158/97 P. TER. O.P.E
99540079309	DIEZ GONZALEZ, CLAUDIO	35975528D	TRANS. EXP:1995/03942 LIQ:600401273158

CLAVE DE PROVIDENCIA	INTERESADO	NIF	OBJECTO DA DÉBIDA
98540271610	DISNORAL, S.L.	B36806024	SANCION EXP:1997/PO-163-O-97 P. TER. O.P.
99540063370	DIZ GONZALEZ, FERNANDO	36055313F	TRANS. EXP:1994/22613 LIQ:600300857555
99540015718	DOMINGUEZ CORREA, CAMILO	36056094Y	LIQ/DOA EXP:1992/2664-1
99540023088	DOMINGUEZ DEAÑO, DARIO	35032206D	LIQ/TRA EXP:1991/12970
99540078737	DOMINGUEZ ESTEVEZ, JOSE	35997759E	TRANS. EXP:1994/13297 LIQ:600300848926
99540020503	DOMINGUEZ GONZALEZ, JOAQUIN	34869266R	LIQ/TRA EXP:1992/1515/92
99360001598	DOMINGUEZ GROBA, GERMAN	76890110Y	SANCION EXP:1997/P-114 MEDIO AMBIENTE
99540061181	DOMINGUEZ PEIXOTO, JAVIER	36079682L	DOAZON EXP:1996/00205 LIQ:651400000371
99540063271	DOPESO ALONSO, VICTOR	36035367W	ACT/TRA EXP:1995/10658
99540063293	DOPESO ALONSO, VICTOR	36035367W	SAN/TRA EXP:1995/10658 3 ECON. E FACENDA
00540017654	DOS SANTOS CARDOSO, MARIA FATIMA	X0611772H	TRANS. EXP:1997/06744 LIQ:600602581150
99540061852	DOS SANTOS FERREIRA, MIGUEL	X1935514H	SANCION EXP:1997/PO-232-O-97 P. TER. O.P.
99540026993	DOS SANTOS LIMA, JOSE AUGUSTO	X2072980J	VEHIC. EXP:1997/11487 LIQ:620601521777
99540023231	DOVAL RODRIGUEZ, JOSE ANTONIO	32430089C	LIQ/TRA EXP:1993/10870
99540063205	DOVAL RODRIGUEZ, JOSE ANTONIO	32430089C	LIQ/TRA EXP:1993/10870
98540198042	DURAN BARREIRO, MANUEL	35268779G	SANCION EXP:1996/PO-815 PES. MARIS. E ACU.
